

PXA

CEIP PLURILINGÜE PRAIA XARDÍN

CURSO 2023-24





ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	2
2.	DATOS XERAIS DE CENTRO.	3
3.	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO.	6
4.	MEDIDAS E RECURSOS PARA A CONSECUCCIÓN DOS OBXECTIVOS.	8
5.	CONCRECIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.	9
6.	ÓRGANOS DE GOBERNO	10
	6.1. Órganos unipersoais: Equipo directivo.	10
	6.2. Órganos colexiados	10
7.	ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.	12
	7.1. Equipos de ciclo	12
	7.2. Equipos de Dinamización	13
	7.3. Comisión de Coordinación Pedagóxica	14
	7.4. Calendario de reunións	15
	7.5. Calendario escolar curso 2023/2024.	15
	7.6. Uso de instalacións.	16
	7.7. Quendas de gardas.	18
8.	ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE.	21
9.	FORMACIÓN CONTINUADA DO PROFESORADO.	25
10.	LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS DIDÁCTICOS.	25
11.	PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO.	26
12.	PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.	29
13.	TRANSPORTE ESCOLAR.	29
14.	COMEDOR ESCOLAR.	30
15.	PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	31
16.	ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.	35
17.	CONCRECIÓN DO PLAN DIXITAL	38
18.	RADIO ESCOLAR	41
19.	PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO	43
20.	PLAN DE IGUALDADE	45
21.	PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA E AS FAMILIAS.	46
22.	PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA	47
	ANEXO I. PLAN DE BIBLIOTECA	
	ANEXO II. PLAN ANUAL DE LECTURA	
	ANEXO III. CLUB DE LECTURA	
	ANEXO III. PLAN DE ORIENTACIÓN	
	ANEXO IV. PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA	



1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, especifica no artigo 125 a obriga dos centros de elaborar ao principio de cada curso escolar unha Programación Xeral Anual que recolla todos os aspectos relativos á organización e funcionamento do centro, incluídos os proxectos, o currículo, as normas e todos os plans de actuación acordados e aprobados. Por outra banda, así o dispón o Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e a Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento dos centro de EI e EP.

A presente Programación Xeral Anual xorde das propostas do claustro e da análise dos resultados referidos na Memoria do curso 2022/2023.

Este documento permite:

- Anticipar as accións a levar a cabo no centro no presente curso.
- Analizar os obxectivos marcados, avaliar se o rendemento esperado se está alcanzando e, de non ser así, tomar as medidas necesarias.
- Establecer pautas organizativas para a mellora do funcionamento do centro.
- Organizar a colaboración e coordinación entre todos os docentes e demais membros da comunidade.
- Reflectir a realidade do contexto, alumnado e entorno, na que se leva a cabo a acción educativa.
- Adaptarse ás circunstancias que poidan suceder ao longo do curso.



2. DATOS XERAIS DO CENTRO

CEIP PLURILINGÜE PRAIA XARDÍN Praia Xardín, s/n CP 15930 Boiro. A Coruña.	
Código do centro	15001471
CIF	Q6555071G
Teléfono	881866545
Correo electrónico	ceip.praia.xardin@edu.xunta.gal
Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippraiaxardin/

HORARIO DO CENTRO:

De luns a venres: de 09:30 a 14:30 horas

Tardes do martes: de 16:00 a 19:00 horas.

O horario de atención ao público en administración será de 9:30 a 14:30 horas.

O horario destinado á atención ás familias por parte dos mestres/as, será de 16:00 a 17:00 h. todos os martes lectivos.

O centro permanecerá aberto todas as tardes de 16:00 a 18:00 para a realización de actividades extraescolares (biblioteca escolar e actividades organizadas pola ANPA). Estas actividades serán dirixidas por monitores, agás as realizadas na biblioteca do centro nas que os responsables serán os mestres de garda.



UNIDADES EN FUNCIONAMENTO:

UNIDADES	CATÁLOGO	FUNCIONAN
Educación Infantil	3	3
Educación Primaria	10	10
TOTAL	13	13

ALUMNADO: O noso centro conta, no curso 2023/2024 con 213 alumnos/as distribuídos da seguinte maneira:

EDUCACIÓN INFANTIL	4º EI	18
	5º EI	18
	6º EI	20
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º A	20
	2º A	11
	2º B	13
	3º A	14
	3º B	15
	4º A	13
	4º B	14
	5º A	23
	6º A	18
	6º B	16
TOTAL	ALUMNOS/AS	213



PROFESORADO: Formado por 24 mestres/as. Unha das mestras de AL está compartida co IES A Cachada.

Botana García, Marcos	Titor de 2ºB.
Carballal López, Mª Mercedes	Pedagogía terapéutica.
Castro Liñares, Ana	Titora de 2ºA.
Estévez Sixto, Mª Pilar	Directora L. Galega, L. Castelá e Proxecto Competencial en 4ºA e L. Castelá en 4ºB.
Fernández Treus, Mª Cristina	Titora de 6ºB.
Figueiro Vicente, J. Francisco	Titor de 3ºB.
Furelos Fabeiro, Marcos	Música; Titor de 4ºA.
Garea Mato, Eva	Titora de 1ºA.
Granja Calvelo, Cristina	Titora de 4ºEl.
Insua García, Mª del Pilar	Relixión católica.
López Yáñez, Mª Carmen	Titora de 6ºEl.
Neira Fernández, Paula	Audición e linguaxe.
Oliveira Alcalde, José Guillermo	Titor de 5ºA.
Olveira Quintáns, Mª Dolores	Inglés en 2ºA, 2ºB, 3ºA, 3ºB, 6ºA e 6ºB. Plástica en 3ºA, 3ºB, 6ºA e 6ºB.
Pérez Oujo, Carmen	Titora de 3ºA.
Quintá García, Noelia	Titora de 5ºEl.
Rodríguez Ron, Rocío	Secretaria; apoio El.
Romero García, Inmaculada	Pedagogía terapéutica.
Varela Lorenzo, Adriana	Inglés en Infantil, 1ºA, 4ºA, 4ºB, 5ºA. Plástica en 1ºA, 2ºA, 2ºB, 4ºA, 4ºB e 5ºA.
Vázquez Duarte, Josefa	Xefa do departamento de orientación.
Veiga Barreiro, Lara	Audición e linguaxe.
Vila Tubío, Mª José	Xefa de Estudos; titora de 4ºB.
Vilar Rey, Juan Andrés	Educación física.
Vilas Silva, José Manuel	Titor de 6ºA.

PERSOAL NON DOCENTE: Contamos con: un conserxe, un auxiliar administrativo, tres persoas de limpeza repartidas en diferentes quendas, dúas coidadoras (unha delas a tempo total e outra en horario de comedor), un auxiliar de conversa, unha oficial 2ª de cociña e dúas axudantes de cociña.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2023/2024. MEDIDAS E RECURSOS

OBXECTIVOS	MEDIDAS
Deseñar e aplicar procedementos de atención á diversidade para dar resposta axeitada ás necesidades específicas do alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> - Confeccionar os horarios atendendo ás necesidades de cada grupo, intentando garantir a mellor atención educativa ao alumnado. - Participar en proxectos e actividades que promovan a inclusión do alumnado. - Impulsar os recreos inclusivos onde todos os nenos/as teñan un espazo e poidan xogar.
Mellorar a competencia dixital da comunidade educativa.	<ul style="list-style-type: none"> - Implementar o Plan dixital de centro. - Actualizar a páxina web e utilizala como medio de comunicación coa comunidade educativa. - Solicitar, dentro do PFPP, un itinerario Edixgal.
Participar en programas que contribúan á mellora da calidade educativa do centro.	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitar Contratos Programa Inclúe: Convive-T, Inclúete-T, Emociona-T e Iguála-T. - Solicitar Contratos Programa Innova: Edusostibilidade.



	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitar a continuidade no PLAMBE. - Solicitar a continuidade no programa de Radio Escolar. - Solicitar a continuidade no Club de lectura. - Solicitar a continuidade no programa Lectura e Familias.
Revisar, actualizar e elaborar os diferentes documentos do centro	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar a PXA. - Elaborar as NOF. - Elaborar o Plan de lectura. - Elaborar o Plan de actividades físicas e hábitos saudables.
Favorecer a formación permanente do profesorado e a innovación educativa.	<ul style="list-style-type: none"> - Revisar, actualizar e poñer en marcha o PFPP. - Enviar información ao profesorado sobre actividades de formación.
Fomentar a participación activa das familias no centro.	<ul style="list-style-type: none"> - Ofrecer información ás familias a través de reunións, envío de circulares, páxina web... - Potenciar a aplicación Abalar móbil como medio de comunicación coas familias. - Realizar reunións periódicas coa directiva da ANPA. - Facilitar o uso das instalacións para actividades que oferte a ANPA. - Diseñar actividades que favorezan a integración das familias no centro: concursos, exposicións, celebracións...



<p>Promover o mantemento das instalacións do centro</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitar á Xefatura Territorial e Concello as reformas necesarias: reparación da fachada traseira, substitución da parte deteriorada peche perimetral do patio, arranxo da pista de brilé e substitución das ventás da planta baixa. - Solicitar novo material a Xefatura Territorial. - Adquirir material e equipamento a cargo do orzamento do centro.
<p>Desenvolver medidas para a promoción hábitos de vida saudable.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Participación no programa de saúde bucodental organizado polo Concello. - Poñer en funcionamento o horto escolar. - Fomentar a práctica de actividade física no recreo habilitando espazos e materiais.

4. MEDIDAS E RECURSOS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Entre os **recursos** a empregar para a consecución dos obxectivos e a posta en práctica das medidas anteriormente propostas, destacamos os seguintes:

- Recursos persoais: docentes, familias, PAS e alumnado.
- Entidades colaboradoras: Concello de Boiro, Departamento de Cultura e Deportes, Biblioteca Pública, centros de ensino do Concello de Boiro...
- Instalacións: dependencias do centro e outras do contorno.



- Participación en diferentes proxectos: como os promovidos por outras entidades, que permitan a consecución dos obxectivos.
- Promoción de participación do profesorado en formación permanente.
- Elementos do contorno: aproveitaranse os recursos do contorno tanto materiais como culturais.
- Recursos elaborados: elabóranse por parte do profesorado diferentes recursos dirixidos á consecución dos obxectivos xerais.
- Recursos das TIC: diferentes recursos relacionados coas TIC, facendo especial fincapé no uso da páxina web do centro e aula virtual dando apertura a toda a comunidade educativa.

5. CONCRECIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

Ao comezo do curso académico, e seguindo as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, cada Equipo Docente establecerá as medidas necesarias para poñer en práctica o PE no seu nivel durante o curso escolar. Entre estas medidas atópase a elaboración das programacións didácticas, que ao supoñer o segundo nivel de concreción do currículo, permiten adaptar os contidos do PE ao grupo de alumnos/as atendendo ás necesidades e características dos mesmos.

Do mesmo xeito, e atendendo ás mencionadas características do alumnado, cada equipo docente propoñerá á Comisión de Coordinación Pedagóxica, aqueles cambios que consideren necesarios no Proxecto Educativo, de xeito que permita unha mellor consecución dos obxectivos neste indicados.

Este proceso de modificación do PE manterase ao longo de todo o curso académico, coa revisión constante das programacións de nivel, segundo as necesidades e evolución do alumnado, para unha mellor consecución dos obxectivos nelas establecidos.

6. ÓRGANOS DE GOBERNO

6.1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS: EQUIPO DIRECTIVO

Está constituído polos seguintes membros:

Directora: Pilar Estévez Sixto.

Xefa de Estudos: M^a José Vila Tubío.

Secretaria: Rocío Rodríguez Ron.

As competencias de cada membro do equipo directivo establécense nos artigos 27, 34 e 35, respectivamente, do Regulamento Orgánico das escolas de EI e EP.

O equipo directivo, atenderá ás familias, previa cita, no seguinte horario:

HORA/DÍA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:20	DIRECCIÓN XEFATURA	DIRECCIÓN SECRETARÍA	SECRETARÍA	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN SECRETARÍA
10:20-11:10		XEFATURA	DIRECCIÓN	XEFATURA	
11:10-12:00		XEFATURA	DIRECCIÓN XEFATURA		XEFATURA
12:50 -13:40	SECRETARÍA	DIRECCIÓN		XEFATURA	SECRETARÍA
13:40 -14:30	DIRECCIÓN XEFATURA SECRETARÍA	SECRETARÍA		SECRETARÍA	DIRECCIÓN

6.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

- CLAUSTRO

É o órgano de participación do profesorado no goberno do centro. Estará integrado por todos os profesores que prestan servizo no colexio e as súas competencias serán as que se establecen no artigo 129 da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación (non modificado pola LOMLOE) (BOE nº 106, 4- maio-2006.)

O Claustro de profesores, será convocado a través do correo electrónico. Celebrará ao longo do curso tres reunións ordinarias e todas aquelas extraordinarias que sexan necesarias.



- CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar estará constituído polas seguintes persoas:

DIRECTORA	M ^a Pilar Estévez Sixto
XEFA DE ESTUDOS	M ^a José Vila Tubío
SECRETARIA	Rocío Rodríguez Ron
REPRESENTANTES DO PROFESORADO	M ^a Cristina Fernández Treus Carmen Pérez Oujo Noelia Quintá García José Manuel Vilas Silva Juan Andrés Vilar Rey
REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS	Verónica María Álvarez Martín Cristina Laíño Calo Rosa Busto Regueira M ^a del Mar Tubío Outeiral
REPRESENTANTE DA ANPA	Francisco Eusebio Gómez Peneireiro
REPRESENTANTE DO PERSOAL NON DOCENTE	M ^a Begoña Castro Blanco
REPRESENTANTE MUNICIPAL	María Outeiral Campos

O Consello Escolar terá as atribucións encomendadas no artigo 127 da Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro de Educación.

Para desenvolver as funcións que ten encomendadas celebrará ao longo do curso tres reunións ordinarias e cantas reunións extraordinarias sexan precisas para desenvolver as tarefas que ten encomendadas dito Consello.

7. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

7.1. EQUIPOS DE CICLO

Co fin de acadar unha coordinación máis eficaz, os mestres/as organizaranse por ciclos. Para desenvolver o seu traballo os equipos de coordinación reuniranse cunha periodicidade mensual de acordo co calendario que se establece nesta P.X.A. O coordinador do equipo levantará acta de cada reunión e entregarálla á xefa de estudos.

EDUCACIÓN INFANTIL	Granja Calvelo, Cristina. Coordinadora Carballal López, María Mercedes López Yáñez, M ^a Carmen Neira Fernández, Paula Quintá García, Noelia Rodríguez Ron, Rocío
1º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA	Castro Liñares, Ana. Coordinadora Botana García, Marcos Garea Mato, Eva Insua García, M ^a del Pilar Varela Lorenzo, Adriana Veiga Barreiro, Lara
2º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA	Pérez Oujo, Carmen. Coordinadora Estévez Sixto, M ^a Pilar Figueiro Vicente, José Francisco Furelos Fabeiro, Marcos Olveira Quintáns, M ^a Dolores Romero García, Inmaculada Vila Tubío, M ^a José
3º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA	Vilas Silva, José Manuel . Coordinador Fernández Treus, M ^a Cristina Oliveira Alcalde, José Guillermo Vilar Rey, Juan Andrés Vázquez Duarte, Josefa

7.2. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN

Traballarán baixo un mesmo proxecto e eixo condutor, en coordinación co equipo directivo e cos equipos de ciclo, tendo en conta o currículo das diferentes etapas e as programacións dos diferentes niveis. As actividades propostas irán encamiñadas ao traballo coas competencias clave.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	Botana García, Marcos. Coordinador. Castro Liñares, Ana Granja Calvelo, Cristina López Yáñez M ^a Carmen Varela Lorenzo, Adriana Veiga Barreiro, Lara
DINAMIZACIÓN BIBLIOTECA	Insua García, M^a Pilar. Coordinadora. Garea Mato, Eva Figueiro Vicente, José Francisco Olveira Quintáns, M ^a Dolores Vila Tubío, M ^a José Vilar Rey, Juan Andrés
DINAMIZACIÓN TICS	Romero García, Inmaculada. Coordinadora Estévez Sixto, M ^a Pilar Fernández Treus, M ^a Cristina Oliveira Alcalde, José Guillermo Rodríguez Ron, Rocío Vilas Silva, José Manuel
DINAMIZACIÓN EXTRAESCOLARES	Quintá García, Noelia. Coordinadora. Pérez Oujo, Carmen Furelos Fabeiro, Marcos Vázquez Duarte, Josefa Neira Fernández, Paula Carballal López, M ^a Mercedes



7.3. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Ademais dos membros que compoñen a CCP segundo a normativa, asistirán tamén ás reunións deste órgano, tal e como se acordou en claustro, os coordinadores dos diferentes equipos de dinamización .

Composición da CCP	
M ^a Pilar Estévez Sixto	Directora
M ^a José Vila Tubío	Xefa de Estudos
Josefa Vázquez Duarte	Xefa do D.O.
Inmaculada Romero García	PT, coordinadora TIC e coordinadora polos creativos.
M ^a Mercedes Carballal López	PT
Lara Veiga Barreiro	AL e Secretaria da CCP
Paula Neira Fernández	AL
Cristina Granja Calvelo	Coordinadora Educación Infantil
Ana Castro Liñares	Coordinadora 1 ^o ciclo
Carmen Pérez Oujo	Coordinadora 2 ^o ciclo
José Manuel Vilas Silva	Coordinador 3 ^o ciclo
M ^a Pilar Insua García	Coordinadora Biblioteca
Marcos Botana García	Coordinador do EDLG
Noelia Quintá García	Coordinadora do Equipo de Actividades Extraescolares.

7.4. CALENDARIO DE REUNIÓN

Calendario de reunión dos órganos de goberno:

- **CLAUSTRO:** reunirase en sesión ordinaria unha vez ao trimestre. Celebranse reunións extraordinarias e/ou sempre que sexa necesario.
- **CONSELLO ESCOLAR:** en sesión ordinaria, unha vez ao trimestre, sen prexuízo de celebrar cantas reunións extraordinarias sexan necesarias.

Calendario de reunión dos órganos de coordinación docente:

- **COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA:** unha vez ao mes.
- **COMISIÓN DE CONVIVENCIA:** tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.
- **COMISIÓN DE COMEDOR:** unha vez cada trimestre.
- **COMISIÓN ECONÓMICA:** unha vez cada trimestre.
- **EQUIPOS DE NIVEL:** unha vez ao mes.
- **EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA:** mensualmente.
- **EQUIPO TICs:** unha vez ao mes.
- **EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:** reunirase cunha periodicidade mensual.

7.5 CALENDARIO ESCOLAR CURSO 2023/2024

Tendo en conta a ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, os centros poden escoller dous días non lectivos se non coincide ningún dos festivos locais co calendario lectivo.



Para este curso os dous días escollidos polos claustros dos diferentes centros educativos de Boiro e aprobados polos Consellos Escolares, son o 13 de outubro e o 16 de maio.


7.6. USO DE INSTALACIÓNS

O edificio consta de tres plantas distribuídas da seguinte maneira:


- **Planta baixa:** Despachos (Dirección, Xefatura de Estudos, Secretaría), sala de mestres/as, conserxería e secretaría, aseos para mestres/as. Conta con cinco aulas dedicadas á docencia (tres destinadas a Educación Infantil, aula de música e ximnasio), biblioteca, servizos públicos e espazos destinados a almacén. Anexado a estas dependencias, atópase o patio cuberto con aseos, o comedor, a cociña e a ludoteca.
- **Primeira planta:** conta con cinco aulas de Educación Primaria, aula de relixión, dúas aulas de Audición e Linguaxe, dúas aulas de Pedagogía Terapéutica, Departamento de Orientación, Aula de Informática, Sala de Coidadoras e dous aseos.
- **Segunda planta:** conta con cinco aulas de Educación Primaria, aula de inglés, aula de Plástica e aula de usos múltiples. Así mesmo conta con dous aseos.

O centro tamén fai uso do pavillón, situado no patio exterior do centro, para as clases de Educación Física, recreos e outras actividades.


Fóra do horario lectivo, o pavillón está a ser utilizado por aquelas entidades que o solicitan á dirección do centro a través do Concello: Club de tenis, patinaxe, ciclismo...



PLANTA BAIXA



1ª PLANTA



2ª PLANTA

7.7. QUENDAS DE GARDAS

- QUENDAS DE VIXILANCIA NO RECREO

O centro conta con dous patios de recreo diferenciados para o alumnado de cada unha das etapas educativas:

- O **patio de Educación Primaria**, no que se diferencian 4 zonas de recreo: patio superior, campo de terra-horto, cabanas-mesas e pista azul.
- O **patio de Educación Infantil** dotado cun parque infantil e unha zona cuberta.



De acordo co establecido no punto 2.1.14 do capítulo V da Orde do 27 de xullo de 1997, nos recreos fixaranse de antemán “as zonas de atención preferente” e o número de profesores de cada quenda que será como mínimo 1 profesor/a por cada 25 alumnos/as ou fracción en EI e 1 profesor/a por cada 50 alumnos/as ou fracción en EP.

Para a garda e custodia do alumnado nos períodos de recreo organízanse dous grupos de 11 mestres de xeito que cada grupo faga tres gardas de recreo nunha semana e dúas gardas de recreo na seguinte e así sucesivamente. O profesorado que non estea facendo garda

de recreo, estará de garda no centro para atender a substitucións ou a calquera outra situación que se puidera producir nese tempo. As vixilancias quedan repartidas como segue:

- QUENDAS DE SUBSTITUCIÓN E APOIOS

SUBSTITUCIÓN	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:25	Guillermo Pili I. Lara	Dolores Pii I.	Vilas Marcos F.	Vilas Adriana	Dolores Pili I.
10:25-11:20	Francisco Marcos F.	Cristina Adriana	Cristina Pili I.	Pili E. Pili I. Chefi	Carmen Pili E. Chefi
11:20-12:15	M ^a Carmen Pili E. Juan	Cristina G. Noelia	Cristina G. Juan	Noelia Rocío	Eva Marcos B.
12:45-13:40	Ana Carmen	Marcos B. Vilas	M ^a Carmen María V. Inma	Eva Francisco	M ^a Carmen María V. Cristina
13:40-14:30	Eva Marcos B.	Ana Francisco	Guillermo Rocío Paula Mercedes	Carmen María V.	Ana Guillermo

APOIOS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:25		Guillermo - 4 ^º B Juan - 1 ^º A		Juan - 4 ^º A	Cristina - 5 ^º A
10:25-11:20	Vilas - 6 ^º B	Ana - 1 ^º A	Carmen - 1 ^º A	Francisco - 3 ^º A Guillermo - 1 ^º A	Vilas - 5 ^º A
11:20-12:15	Ana - 2 ^º B Cristina - 6 ^º A		Francisco - 5 ^º A	Eva - 2 ^º A Carmen - 3 ^º B	Francisco - 3 ^º A
12:45-13:40	Guillermo - 4 ^º A	Cristina - 5 ^º A	Vilas - 6 ^º B		Marcos B.- 2 ^º A
13:40-14:30		Eva - 4 ^º B	Eva - 2 ^º B Carmen - 3 ^º B Cristina - 6 ^º A	Francisco - 5 ^º A	Marcos B.- 1 ^º A



- QUENDAS DE VIXILANCIA DURANTE AS ENTRADAS E SAÍDAS

Estas gardas consisten en custodiar ao alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e dende que rematan as clases ata que abandonan o centro educativo. Estas gardas realizaranse durante os 15 minutos anteriores ao inicio das clases e os 15 minutos posteriores á súa finalización.

O alumnado transportado terá prioridade para acceder ao centro. O alumnado que ven acompañado polas súas familias poderá entrar cinco minutos antes do comezo das clases co fin de evitar aglomeracións nas inmediacións do centro.

O profesorado distribúese en dous grupos de 11 mestres e/ou mestras cada un, de xeito que un grupo fai dúas gardas de entrada unha semana e tres gardas na seguinte e así sucesivamente. (ver táboa).



ZONA	SEMANA TIPO A					SEMANA TIPO B				
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Porta entrada 1	Chefi	Pili I.	Vilas	Paula	Cristina	Pili I.	Guillermo	Dolores	Juan	Pili I.
Porta entrada 2	Guillermo	Lara	Adriana	Pili I.	Chefi	Dolores	Juan	Pili I.	Vilas	Dolores
1º andar	Ana	Eva	Ana	Eva	Ana	Eva	Ana	Eva	Ana	Eva
	Marcos B.	Carmen	Marcos B.	Carmen	Marcos B.	Carmen	Marcos B.	Carmen	Marcos B.	Carmen
	Juan	Francisco	Dolores	Francisco	Adriana	Francisco	Chefi	Francisco	Cristina	Francisco
2º andar	Cristina	Marcos F.	Cristina	Marcos F.	Vilas	Marcos F.	Vilas	Marcos F.	Chefi	Marcos F.
	Vilas	Dolores	Juan	Dolores	Juan	Mercedes	Cristina	Mercedes	Guillermo	Paula
	Adriana	Paula	Guillermo	Lara	Guillermo	Paula	Adriana	Paula	Adriana	Mercedes
Corredor EI	Cristina G.	Noelia	Cristina G.	Noelia	Cristina G.	Noelia	Cristina G.	Noelia	Cristina G.	Noelia
	Mª Carmen	Rocío	Mª Carmen	Rocío	Mª Carmen	Rocío	Mª Carmen	Rocío	Mª Carmen	Rocío
	Inma	Mercedes	Inma	Mercedes	Inma	Lara	Inma	Lara	Inma	Lara

8. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE.

O centro conta con dúas liñas principais de actuación para a atención ao alumnado con NEAE: os apoios a grupos e desdobres por parte dos mestres/as con dispoñibilidade horaria, e as intervencións do Departamento de Orientación.



- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O centro conta con un departamento de orientación propio. Exerce a xefatura do mesmo, unha orientadora con destino provisional. Este curso contase con dúas especialistas en Pedagogía Terapéutica e dúas mestras especialistas en Audición e Linguaxe, unha delas compartida co IES A Cachada. Ademais disto, dicir que o noso centro foi seleccionado no Programa Acompaña, o que supón a incorporación dunha persoa especialista en pedagogía terapéutica para atender ao alumnado NEAE escolarizado en educación infantil e primeiro e segundo ciclo de primaria.

As actuacións deste departamento englobanse nos grandes programas que desenvolve o mesmo, o Plan de Atención a diversidade e o Plan de Acción Titorial e establécense diversas canles de comunicación e cooperación entre os compoñentes do departamento de cara a potenciar o desenvolvemento integral do alumnado.

- PROCEDIMENTO DE INTERVENCIÓN DO D.O.

O profesorado titor, en caso de detectar necesidades, deberán solicitar ao departamento de orientación a súa intervención, a través do modelo de derivación e sempre con posterioridade á avaliación inicial. O D.O. en coordinación co profesorado fará unha primeira avaliación do alumno ou alumna a través da observación e determinarán de xeito conxunto as medidas ordinarias a levar a cabo.

De ser preciso realizarase unha avaliación psicopedagóxica co correspondente informe a fin de tomar as medidas extraordinarias de atención á diversidade correspondentes.

As **medidas ordinarias** que se están a levar a cabo no centro son:

- Adaptación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e a organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado, establecendo uns mínimos esixibles para cada nivel.
- O emprego de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- O reforzo educativo e apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.

As **medidas extraordinarias** que se están a levar a cabo no centro son:

- Apoio do profesorado especialista en AL e PT.



- Adaptacións curriculares.

Para a aplicación destas medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, e da Xefatura Territorial e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente servizo de Orientación.

- PLAN DE TRABALLO DOS ESPECIALISTAS EN PT E AL

O profesorado especialista de PT e AL atenderán ao alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo. No curso actual 2022-23 están escolarizados un total de 213 alumnos e alumnas, dos que 56 son de educación infantil e 157 de educación primaria.

Os criterios que se priorizan para a atención ao alumnado con NEAE son:

- Alumnado con necesidades educativas permanentes.

- Alumnado con ACS.

- Atención ao alumnado do 1º e 5º nivel de Educación Primaria (por ser as aulas máis numerosas e onde existe maior concentración de necesidades).

O Profesorado especialista en AL e PT, despois da súa propia avaliación inicial, deseñarán os programas de intervención e levarán a cabo a atención directa aos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo, os apoios específicos ao alumnado con gran atraso curricular e o seguimento e avaliación do seu alumnado, cos respectivos informes individualizados.

De xeito xeral, os apoios desenvolveranse dentro da aula ordinaria, coidando que poidan participar nas actividades organizadas para o grupo afianzando aqueles aspectos específicos importantes para seguir o ritmo da clase. Recibirán parte do seu apoio fóra da aula ordinaria, cando o informe psicopedagóxico o recomende.

- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

A organización das aulas de atención a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo deberá ter en conta as seguintes estratexias metodolóxicas:

- Os contidos estarán secuenciados atendendo ao grao de dificultade.

- Proporcionaremos ao alumnado unha resposta adecuada ás súas características e peculiaridades que lle permitan acadar o maior grao de desenvolvemento persoal e social.

- Na aula de PT e AL o número de alumnos e alumnas será reducido, para permitir unha atención individualizada.



- Procurarase que a asistencia a aulas de PT e AL non afecte a integración do alumnado no grupo ordinario e non excederá da terceira parte dos períodos lectivos.
- Tan pronto como se considere que o alumno ou alumna pode integrarse a tempo total no seu grupo, tomarase a decisión establecendo as estratexias de RE que se consideren necesarias.
- O Departamento de Orientación colaborara co profesorado no deseño do traballo co alumnado con NEE que se realice na aula ordinaria.
- Traballarase favorecendo a autonomía individual, con pequenas instrucións e chamadas de atención co fin de fortalecer a súa capacidade de concentración nas tarefas.
- Tratarase de que o alumnado participe activamente nas actividades, corrixindo positivamente os seus erros.

A distribución e o traballo nas aulas organizarase en función das necesidades específicas do alumnado, mellorando o aproveitamento dos apoios e a atención ao alumnado con NEE. Todo isto tendo en conta que para o desenvolvemento do Plan do Departamento de Orientación debemos empregar unha **metodoloxía** que favoreza a participación activa e cooperativa por parte de toda a comunidade educativa. Unha metodoloxía baseada na colaboración mutua, sempre respectando as individualidades do alumnado, as súas necesidades, ritmos e intereses. Fomentando o respecto á diversidade, a igualdade de oportunidades e a non discriminación. Tendo sempre presentes os tres principios fundamentais nos que se basea o sistema educativo: Individualización, Normalización e Inclusión.

9. FORMACIÓN CONTINUADA DO PROFESORADO

Informarase aos membros do claustro das distintas actividades de formación das que teñamos coñecemento.

Continuaremos co PFPP con tres itinerarios:

- Ano 1 Edixgal
- Espazos inclusivos con metodoloxías activas (STEM, polos creativos e outras)
- Internacionalización do centro.

Ademais, o profesorado asiste de xeito individual a diferentes cursos e actividades formativas.

10. LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS DIDÁCTICOS

Pódese consultar o listado de libros de texto na páxina web do centro.

No caso de ser preciso un ensino telemático ou semi-presencial, priorizarase a utilización dos libros en formato dixital, para ofrecer un maior aproveitamento ao alumnado dos recursos que ofrecen as editoriais.

No curso actual 2023/2024, o noso centro ven de incorporarse ao proxecto de educación dixital, Edixgal. Polo tanto, o profesorado e alumnado de 5º curso desenvolve a súa actividade educativa diaria, nun entorno virtual de aprendizaxe.

Materiais didácticos

Utilizaranse nas aulas diferentes tipos de materiais manipulativos: rectas numéricas, taboleiros, regretas, bloques multibase, mapas, globos terráqueos, balanzas, reloxo, maquetas, láminas, crebacabezas, moedas, tarxetas de asociación, paneis, alfabetos, etc. adaptados á idade e ós contidos.

Tamén se utilizarán fichas, cadernos e outros materiais elaborados polos mestres/as.

Cada aula contará cunha biblioteca de aula con libros de lectura, contos, dicionarios e libros para atopar información.

As aulas de Educación Infantil, 1ºA, 2ºA, 2ºB, 3ºA, 3ºB e 4ºA de Educación Primaria están dotadas dun panel dixital. As aulas de 5ºA, 6ºA e 6ºB de Educación Primaria contan cunha

pizarra dixital, canón e ordenador de sobremesa. A aula de 4ºB non dispón de panel dixital senón que conta cunha PDI que non funciona.

Daráselle especial importancia á competencia dixital, formando a toda a comunidade educativa na utilización das canles do centro: páxina web, aula virtual, correos electrónicos do centro, videochamadas (Webex)... e dinamizando o seu uso.

11. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

Durante o curso 2001/02 foi aprobado no Consello Escolar do 13 de xuño de 2002 o Plan de Autoprotección do Centro.

O Plan debería ser elaborado por persoas competentes na materia. Como o centro non dispón de presuposto para a súa elaboración nin dunha persoa competente na materia, solicitamos aos responsables da Consellería de Educación que envíen un profesional para poder realizar, en condicións, o Plan de Protección do Centro. Mentres non sexa realizado por profesionais o Plan de Protección do Centro, vémonos obrigados a seguir mantendo o Plan aprobado polo Consello Escolar do 2002 con algunhas pequenas modificacións levadas a cabo en colaboración co Equipo de Protección Civil do Concello e consensuadas co claustro.

PUNTO DE ENCONTRO: Pista ao lado do pavillón.

AVISO DE EVACUACIÓN: O aviso de evacuación son 3 toques continuos de timbre.

Os mestres/as que nese momento están de garda serán os encargados de revisar os servizos e as aulas, xunto co equipo directivo e o conserxe, por se queda alguén dentro. Un membro do equipo directivo e o conserxe volven a revisar cada planta.

Non se pode usar o ascensor polo que a orientadora será a encargada de axudar á persoa que nese momento está con nenos/as con mobilidade reducida para baixalos/as.

O conserxe apagará o cadro de luces do centro.

As fiestras e portas das aulas deben quedar pechadas.

Os nenos/as serán avisados nas titorías de que deben facer a fila sen perder tempo cando sona o aviso de evacuación, e saír do centro sen correr nin berrar.

O mestre que está co grupo nese momento, sexa cal sexa a situación é o encargado de dirixir aos nenos/as á saída e ao punto de encontro, pista azul, seguindo os sinais de evacuación.

NO PUNTO DE ENCONTRO OS ALUMNOS/AS COLOCARANSE EN FILAS POR GRUPOS PARA FACILITAR O SEU RECONTO.

PLANTA BAIXA

Zona oeste:

Sairán polas portas de acceso ao patio de infantil e baixarán pola rampla ata o punto de encontro.

Aula 01(4ºEI)

Aula 02(5ºEI)

Aula 03 (6ºEI)

Biblioteca sairá pola porta de acceso ao patio de infantil da aula 02 (5º EI) e baixarán pola rampla ata o punto de encontro.

Aula 06 (Música) sairá pola porta de acceso ao patio de infantil da aula 03 (6ºEI) e baixarán pola rampla ata o punto de encontro.

Zona leste:

Dirección, Secretaría, Sala de mestres, Conserxería e aseos corredor:

Sairán ao patio de primaria e, baixando pola rampla, dirixiranse ao punto de encontro.

Ximnasio: sairán cruzando o patio de primaria e, baixando pola rampla, dirixiranse ao punto de encontro.

Cociña e Comedor:

De atoparse na zona de comedor sairán polas portas de emerxencia ao patio exterior e dirixiranse por detrás do comedor cara o punto de encontro.

De atoparse na zona de cociña sairán pola porta que dá acceso ao patio superior (fronte ao peche do patio de EI) e, baixando pola rampla, dirixiranse ao punto de encontro.

Ludoteca: Sairán pola porta que dá ao patio de primaria e, baixando pola rampla, dirixiranse ao punto de encontro.

PRIMEIRA PLANTA

Baixarán pola escaleira leste (ximnasio) pegados á parede formando fila de un, seguindo os sinais de evacuación.

Aula 13 (3ºB)

Aula 12 (3ºA)

Aula 11(Relixión)

Aula 19 (Sala coidadoras)

Orientación

PT1, AL1

Aula de Informática.

Aseos 3º.

Pegados ao pasamáns formando fila de un, seguindo os sinais de evacuación:

Aula 14 (2ºB)

Aula 15(2ºA)

Aula 16(1º)

Aula 17 (Aula PT2)

Aula 18 (Aula AL2)

Aseos.

Ao chegar á planta baixa sairán cruzando o patio cuberto e, baixando pola rampla, dirixiranse ao punto de encontro.

SEGUNDA PLANTA

Sairán pola escaleira Oeste (biblioteca). Pegados á parede formando fila de un, seguindo as sinais de evacuación:

Aula 25 (6ºA)

Aula 26 (6º B)

Aula de inglés.

Aseos 5º

Pegados ao pasamáns formando fila de un, seguindo Os sinais de evacuación:

Aula 21 (4ºA)

Aula 22 (Usos múltiples)

Aula 23(4ºB)

Aula 24 (5º)

Aula de Plástica.

Aseos.

Ao chegar á planta baixa sairán pola porta que dá á fila de maiores e dirixiranse por detrás do comedor, baixando pola rampla, ao punto de encontro.

12. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

O centro conta, actualmente con tres limpadoras, unha en horario de 06:00 a 09:30 h. e de 14:00 a 17:30 h., outra en horario de 16:00 a 18:00 h., e outra en horario de 19:00 a 21:00 h. O servizo de conserxería é desempeñado por un empregado do Concello en horario de 08:30 a 15:00 h. e martes de 16:30 a 19:00 h.

Contamos con unha coidadora a tempo completo e outra coidadora que con horario de 14:00 a 16:00 como apoio ao comedor.

O administrativo realiza as tarefas administrativas do centro baixo a coordinación do equipo directivo. O seu horario é de 07:45 h. a 15:15 h.

O persoal de cociña realiza as funcións propias que lles marca a normativa vixente segundo a súa categoría profesional O horario deste persoal é de 9:00 h. a 16:30 h.

13. TRANSPORTE ESCOLAR

O transporte escolar está a cargo da UTE ESCOLAR XUNTA LOTE 4.

RUTA 1: 48 usuarios/as.

PARADAS: Mobles Guadalupe - Barraña – Saltiño– Boliña - Rotonda Cimadevila-Gasolineira.

RUTA 2: 30 usuarios/as.

PARADAS: Sequelo – Bermó – Comoxo 1 – Comoxo 2 – Mieites 1 - Moimenta 2

RUTA 3: 28 usuarios/as.

PARADAS: Brazos – Runs– Coroño – As Raíñas – Enseño- Pumar do Río 1 – Ameán – Cures 2

RUTA 4: 5 usuarios/as.

PARADAS: Belles– Moimenta (enlace) – Balteiro - Noceda .

A totalidade de alumnado transportado é de 111.

14. COMEDOR ESCOLAR

A normativa aplicable ao comedor escolar, ven regulada polo Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, a Orde do 13 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes desta consellería, e pola Instrución 2/2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023/ 2024.

O CEIP Praia Xardín dispón dun servizo de Comedor Escolar de xestión directa, empregado polo alumnado, mestres/as do centro e alumnado do IES Praia Barraña. Para este curso están autorizadas 277 prazas de comensais os martes e 273 o resto dos días da semana.

Ao comezo de cada mes facilitarase ás familias a través da páxina web os menús mensuais, que serán elaborados valorando a achega calórica de cada un dos pratos e aprobados trimestralmente polo Consello Escolar.

A comida é preparada con produtos de calidade na cociña do propio centro, cumprindo coas análises e controis esixidos pola lexislación vixente.

Para un mellor funcionamento existe un protocolo de comedor, no cal se recollen unhas normas de organización e funcionamento deste servizo complementario, así como o procedemento que se levará a cabo no caso de comida sobrante.

CALENDARIO

O comedor comezará o primeiro día lectivo do calendario escolar, 11 de setembro e rematará o 21 de xuño.

15. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Xustifícase a importancia das actividades complementarias e extraescolares partindo da premisa que considera que unha educación de calidade é aquela que responde ás novas demandas sociais de xeito eficaz e proporciona non soamente un incremento na calidade de vida dos nenos e nenas, senón tamén garante a igualdade de oportunidades. Neste contexto é no que se recoñece a contribución das actividades complementarias e extraescolares como eixos para lograr unha formación integral.

Este tipo de actividades permite unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización, e realización das actividades, desenvolvendo valores como a socialización, a participación e a cooperación.

Obxectivos:

- Contribuír ao desenvolvemento pleno dos nenos/as mediante o achegamento a manifestacións culturais, artísticas e lúdicas propias do seu ámbito.
- Fomentar o gusto pola cultura e arte.
- Facilitar a convivencia de todos os membros da comunidade educativa mantendo actitudes de tolerancia e respecto.
- Festexar as conmemoracións destacadas achegándonos á temática festexada.
- Potenciar a educación ambiental e coidado do contorno.
- Reflexionar sobre o propio comportamento acerca do coidado e respecto do entorno escolar.
- Coñecer e valorar actividades que se realicen fóra do centro educativo.

Actividades a levar a cabo no centro con carácter xeral:

O centro organizará actividades para traballar as conmemoracións, ensinos transversais, e outras relacionadas co PDI. A continuación amósase un resumo das actividades programadas para o curso, aínda que queda aberta a posibilidade de levar a cabo outras actividades que xurdan e que sexan de interese para a consecución dos obxectivos do curso:

ACTIVIDADE	DATA	PROPOSTA
SAMAÍN	31 de outubro	Túnel do terror. Elaboración por niveis dos materiais e decoración que conformará o túnel do terror.
MAGOSTO	10 ou 17 de Novembro dependendo das condicións meteorolóxicas	Organizáranse xogos tradicionais no patio do centro con espazos diferenciados por niveis. Degustación de castañas asadas feitas coa colaboración do alumnado de 6º de EP.
DÍA UNIVERSAL DA INFANCIA	20 de Novembro	Actividades nas aulas.
DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	25 de novembro	Durante esta semana leváranse a cabo distintas actividades relacionadas coa violencia de xénero nos distintos ciclos.
CONMEMORACIÓN DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA	Do 28 de Novembro ao 5 de Decembro	Actividades a nivel de aula.
DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE	3 de decembro	Actividades centradas no respecto pola diversidade nos diferentes cursos.
DÍA INTERNACIONAL DA DECLARACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS	10 de decembro	Actividades a nivel de aula.
NADAL	21 de decembro.	O noso Lúar II

DÍA INTERNACIONAL DA EDUCACIÓN	24 de xaneiro	Actividade a nivel de aula
DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E A PAZ	30 de xaneiro	Actividade a nivel de centro para traballar a non violencia.
ENTROIDO	9 de febreiro	Elaboración de disfraces relacionados PDI (Pensando en verde). Desfile pola contorna do centro.
DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO	23 de febreiro	Actividades nos distintos cursos para resaltar o traballo de Rosalía como defensora da nosa cultura.
DÍA INTERNACIONAL DA MULLER	8 de Marzo	Actividades de centro propostas polo Equipo de Biblioteca.
DÍA DOS DEREITOS DO CONSUMIDOR.	15 de Marzo	Actividades nos diferente niveis.
SEMANA DA PRENSA.	Do 4 ao 8 de marzo.	Actividades a nivel de aula a partir de xornais.
DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS DO CONSUMIDOR	15 de marzo	Actividades a nivel de aula.
DÍA DAS ARTES GALEGAS	1 de abril	Actividade nos distintos ciclos relacionada coas artes.
DÍA MUNDIAL DA SAÚDE.	7 de abril	Actividade a nivel aula.
SEMANA DO LIBRO.	Entre o 22 ao 26 de abril	Actividades propostas polo Equipo de Biblioteca.
DÍA CONTRA O ACOSO ESCOLAR.	2 de maio	Actividades nos distintos cursos para sensibilizar ao alumnado en relación ao acoso escolar.
DÍA DE EUROPA	9 de maio	Actividade a nivel aula.
SEMANA DAS LETRAS GALEGAS	Do 13 ao 17 de Maio.	Actividades nos distintos niveis relacionadas coa persoa a que se lle adica

		este ano o día das letras galegas. Así mesmo, para a súa celebración levaremos a cabo unha romaría o día 15 de maio (como xa ven sendo habitual), na que cada nivel organizará un posto temático. Durante a xornada levaranse a cabo degustacións de produtos típicos, xogos, talleres de artesanía, actuacións, actividades relacionadas co homenaxeado,...
DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE	5 de xuño	Actividade a nivel de centro, xa que este ano o proxecto do colexio está moi relacionado co coidado do medio ambiente.
PATIOS INCLUSIVOS	Todo o curso	Redistribuír espazos, xogos e materiais que se usarán durante os recreos potenciando a inclusión.
HORTO	Todo o curso	Actividades de coidado do horto nas que participarán todo o alumnado e profesorado do colexio.
SAÍDAS DIDÁCTICAS	Durante todo o curso	Queda aberta a posibilidade de realizar diferentes saídas didácticas a lugares do Concello e outros puntos de interese. Aproveitárase o entorno natural e cultural do centro. Cada nivel adaptará as saídas á idade e características do alumnado.

16. ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Atendendo ao disposto no artigo 14.4 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, e a orde do 10 de febreiro do 2014, pola que se desenvolve o citado decreto, elaboramos a addenda do proxecto lingüístico seguindo os apartados que o compoñen.

- 1) **Resultados obtidos sobre a lingua predominante entre o alumnado na Educación Infantil.** Os resultados obtidos da enquisa enviada ás familias, recollida na Instrución 31 de xullo do 2013, sobre a lingua materna do alumnado de educación infantil, reflicten un claro predominio da lingua galega (60%) sobre a lingua Castelá (40%), aínda que hai un incremento desta última, xa que o novo alumnado desta etapa fala un 40% castelán. A pesar deste incremento, a lingua vehicular nas aulas de Educación Infantil será o galego.
- 2) **Materias en Lingua estranxeira.** En canto a impartir as materias non lingüísticas en lingua estranxeira (inglés), seguen a desenvolverse seccións bilingües na área de educación plástica e visual de segundo a sexto de Educación Primaria nas que tal como establece a Orde do 12 de maio de 2011, pola que se regulan as seccións bilingües, a incorporación da lingua estranxeira (inglés) acada un mínimo dun 50%. Este curso escolar incorporámonos por primeira vez á Rede de Centros Plurilingües de Galicia, polo tanto a área de educación plástica e visual en primeiro de Educación Primaria será impartida en lingua inglesa nun 100% como establece a orde do 12 de maio de 2011 polo que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia. Contamos durante este curso académico 2023/24 coa colaboración dun auxiliar de conversa.
- 3) **Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua realizados polo centro educativo no curso anterior e información e valoración do que se vai desenvolver neste curso.**

Valóranse de xeito positivo os programas e actividades para o fomento e a dinamización da lingua galega realizados no curso anterior, aínda así teranse en conta as

propostas de mellora coa finalidade de seguir avanzando e fomentando a presenza da lingua galega no noso centro educativo.

DESCRIPCIÓN DE OBXECTIVOS E ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG) PARA O CURSO 2023/ 2024

16.1 OBXECTIVOS PARA O CURSO 2023/ 2024

16.1.1 En relación á contorna sociolingüística do centro

- Promover unha visión afable e moderna do galego, considerándoo como un elemento de identidade.
- Acadar unha competencia plena no uso do galego en calquera ámbito.
- Difundir a cultura galega entre toda a comunidade educativa.
- Divulgar entre a comunidade educativa, as actividades propostas para o curso dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

16.1.2. En relación á situación do profesorado

- Colaborar cos equipos de biblioteca, actividades complementarias e extraescolares, dinamización das TIC, nas actividades propostas encamiñadas á consecución dos obxectivos educativos do centro.
- Colaborar no proceso de elaboración da revista escolar Amorote.
- Implicar a todo o profesorado do centro no proceso de normalización e dinamización lingüística, para eliminar calquera tipo de prexuízo lingüístico.
- Organizar e potenciar no centro actividades para o fomento da lingua e cultura galegas.
- Fomentar a lectura en galego e o uso das bibliotecas de aula e centro.

16.1.3. En relación á situación do alumnado.

- Que o alumnado coñeza, aprecie e valore as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Boiro e de Galicia.

- Que o alumnado valore a lingua galega como transmisora de cultura, coñecendo persoas que contribúen ou contribuíron á súa divulgación.
- Divulgar as festas e celebracións típicas da zona e de Galicia.
- Garantir a oferta de materiais didácticos en galego.
- Fomentar e valorar o uso do galego nas actividades escolares, tanto oralmente como por escrito dunha forma dinamizadora e atractiva para que poidan participar cunha actitude positiva nelas, e así, acadar progresivamente unha maior competencia lingüística.

16.1.4. En relación á situación lingüística do centro.

- Utilizar o galego en todas as comunicacións interpersoais, notas e circulares que se envíen por parte do centro educativo.
- Potenciar un ensino coa maior presenza da lingua galega posible, posto que é a lingua materna da maioría do alumnado do centro.
- Comunicar ao profesorado, alumnado e familias actividades de fomento do galego: cursos, seminarios, presentación...
- Fomentar o uso do galego entre o alumnado nas relacións interpersoais.

16.2. ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO CURSO 2023/2024

Algunha das actividades previstas son:

- Elaborar carteis, murais, anuncios, trípticos, adhesivos, etc., tendentes á posta en valor da lingua e cultura galegas.
- Aproveitar os espazos comúns do centro para desenvolver actividades que fomenten o uso do galego e a creación de recursos nesta lingua.
- Visitas de personaxes relacionadas coa difusión da lingua e cultura galegas en calquera ámbito, coincidindo con algunha celebración ou conmemoración.
- Celebración do Samaín, a través da cultura celta.
- Celebración do Día da Ciencia en galego. Coñecer mulleres científicas galega.
- Celebración do Magosto.
- Celebración do Entroido. O Entroido en Galicia.
- Celebración do Día de Rosalía.

- Coñecer a figura e difundir a obra do/a homenaxeado/a no Día das Letras Galegas 2024.
- Celebración da Romaría das Letras Galegas, onde o EDLG creará un espazo con materiais relacionados co autor homenaxeado.
- Elaborar e difundir a revista dixital escolar en galego.
- Colaborar co Concello no proxecto de Xogantina, o cal recolle e pretende levar ás rúas os xogos tradicionais, incluíndo as novas tecnoloxías.
- Creación dun grupo de pandeireta con nenos e nenas do centro.
- Fomentar o uso e respecto pola súa contorna máis inmediata, así como polo patrimonio cultural galego.

17. PLAN DIXITAL

O plan dixital concíbese como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e de aprendizaxe e a transformación dos centros en organización educativas dixitalmente competentes.

Tendo como documento de referencia o PLAN DIXITAL do centro e a memoria final, continuaremos no presente curso seguindo as directrices do mesmo e dando continuidade as diferentes actuacións cara a consecución dos obxectivos establecidos.

Obxectivos

1. Dinamizar a aula virtual do centro como recurso facilitador dos procesos de ensino-aprendizaxe.

ACCIÓNS

Formar e asesorar aos docentes no uso e xestión da aula virtual

Propoñer tarefas a través da aula virtual nos cursos de Educación Primaria.

INDICADOR:

Realízanse propostas educativas na aula virtual mínimo unha vez ao trimestre.

Valor do obxectivo no ano 2: 70%

2. Implantar en 5º de Educación Primaria o entorno virtual de aprendizaxe EDIXGAL dotando de equipamentos e formación a docentes e alumnado.

ACCIÓNS:

Solicitar un itinerario de formación en EDIXGAL mediante unha actividade do PFPP a través CAFI.

Realizar formación relativa a EDIXGAL.

Instruir ao alumnado no uso e coidado dos equipamentos informáticos.

Formar ao alumnado no manexo da plataforma de aprendizaxe.

INDICADOR:

O manexo da plataforma e equipamentos do programa EDIXGAL por docentes e alumnado permite desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe en 5º de Educación Primaria. Valor do obxectivo no ano 2: 90%

Porcentaxe do profesorado que participa no PFPP. Valor do obxectivo no ano 2: 50%

3. Actualizar e expurgar o equipamento informático

ACCIÓN

Xestionar as altas/baixas do equipamento informático a través da UAC.

INDICADOR: Actualización dos equipos informáticos e expurgo dos inservibles.

Valor do obxectivo no ano 2:50%

4. Fomentar o uso de ferramentas dixitais na posta en marcha do proxecto interdisciplinar anual.

ACCIÓNS:

Propor a realización de tarefas en relación ao Proxecto interdisciplinar anual.

Buscar e seleccionar información para desenvolver pequenos proxectos educativos.

Elaborar produtos dixitais.

Promover a súa difusión dos traballos realizados na web do centro.

INDICADOR:

O alumnado emprega as ferramentas TIC para realizar actividades do proxecto interdisciplinar como mínimo unha vez ao mes. Valor do obxectivo no ano 2:40%

5. Posibilitar á ANPA a difusión da súa actividade na páxina web do centro.

ACCIÓN

Crear un espazo para a divulgación das actividades da ANPA na web.

INDICADOR

A ANPA emprega o seu menú na páxina web do centro para dar a coñecer a súa actividade. Valor do obxectivo no ano 2: 40%

6. Mellorar a competencia dixital do profesorado e alumnado en relación ao desenvolvemento a diferentes programas educativos (radio, polos creativos,..)

ACCIÓN

Aprender a manexar o Audacity.

Crear contidos para a radio escolar.

Participar na actividade de formación permanente do profesorado para persoas coordinadoras de Polos Creativos.

INDICADOR

Número de alumnado que crea contidos dixitais a través de diferentes programas educativos. Valor do obxectivo no ano 2: 70%

7. Dotar ao alumnado de habilidades e estratexias para o tratamento da información fomentando o espírito crítico e o respecto dos dereitos de autor sensibilizando sobre os riscos e perigos da internet e as redes dixitais.

ACCIÓN

Realizar búsquedas na rede en diferentes fontes que permitan contrastar o contido e seleccionar a máis conveniente.

Coñecer a importancia de respectar os dereitos de autor.

Solicitar charlas sobre os riscos e perigos na rede a través do Plan Director para 5º e 6º de Educación Primaria.

Desenvolver actividades de seguridade na rede propostas dende o Incibe.

INDICADOR

Número de alumnado que coñece o que é unha navegación segura e respectuosa. Valor do obxectivo no ano 2: 50%

8. Crear un banco de recursos dixitais compartido polo profesorado do centro.

ACCIÓN

Crear recursos educativos dixitais e compartilos nos diferentes cursos da aula virtual.

INDICADOR

Créanse e compártense recursos dixitais a través da aula virtual. Valor do obxectivo no ano 2: 70%

Seguimento, avaliación e difusión do plan

Realizarase de xeito coordinado entre os axentes implicados ao longo do curso. Trimestralmente, será fundamental valorar o grado de implementación e execución das propostas, e ter en conta as posibles modificacións. Por outra banda, ao final do curso establecer o grado de consecución dos obxectivos e propostas de mellora na memoria final. Difundirase dito plan a través da páxina web do centro a toda a comunidade educativa.

18. RADIO ESCOLAR

RADIO ESCOLAR	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Impulsar actividades didácticas co alumnado como protagonista. - Complementar o desenvolvemento das competencias básicas de todas as áreas curriculares. - Incentivar a comunicación entre toda a comunidade educativa, dentro e fora da escola. - Incentivar o uso das TIC no ensino. - Motivar a creatividade e o interese do alumnado polo seu propio proceso de aprendizaxe. - Fomentar o traballo en equipo e a asunción de

	<p>responsabilidades.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asimilar un modo de conduta e convivencia democrático que respecte a diferenza e a opinión. - Minimizar desigualdades e atender á diversidade do alumnado. - Favorecer a alfabetización múltiple.
<p>PLANIFICACIÓN METODOLÓXICA</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Gravación dun programa. - Vertebrar a súa actividade de forma conxunta. - Tomar como eixe das posibles producións a temática que se traballe dende a biblioteca.

ORGANIGRAMA DAS PRODUCCIÓNS	
<p>PERIODICIDADE</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Pautas e unha produción trimestral co fin de garantir que as pequenas metas que nos poidamos marcar teñan éxito.
<p>SECCIÓNS</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Establécense tres seccións fixas: - -Don Moucho le - (lendas, relatos, adiviñas, recomendacións lectoras, composicións literarias ...) - -Onda Natural - (traballos de investigación, curiosidades científicas, medio ambiente, mundo animal ...) - -Mouchiño quere saber - (entrevistas, eventos, conmemoracións, acontecementos relevantes ...) - Estas seccións xirarán en torno a unha temática concreta pero con contidos flexibles, co fin de respectar a

	<p>liberdade creativa de cada grupo.</p> <p>-</p>						
CRONOGRAMA	<ul style="list-style-type: none"> - A gravación farase ao longo do trimestre establecendo datas límite co fin de deixar tempo para a edición dos contidos. - O programa emitirase ao final do trimestre. - As distintas producións aloxaranse na web do centro. Toda a comunidade terá acceso a elas a través da aula virtual. 						
PARTICIPACIÓN	<p>Todos os grupos serán participes das produción.</p> <table border="1" style="width: 100%; text-align: center;"> <tr> <td>- 1º Trimestre</td> <td>- 2º Trimestre</td> <td>- 3º Trimestre</td> </tr> <tr> <td>- 6º INF-3º e 6º de PRI</td> <td>- 5º INF-2º e 5º de PRI</td> <td>- 4º INF-1º e 4º de PRI</td> </tr> </table>	- 1º Trimestre	- 2º Trimestre	- 3º Trimestre	- 6º INF-3º e 6º de PRI	- 5º INF-2º e 5º de PRI	- 4º INF-1º e 4º de PRI
- 1º Trimestre	- 2º Trimestre	- 3º Trimestre					
- 6º INF-3º e 6º de PRI	- 5º INF-2º e 5º de PRI	- 4º INF-1º e 4º de PRI					

PRODUCCIÓN	<p>A maiores desta proposta, a radio estará aberta para todos os equipos, grupos e membros da comunidade educativa do centro que queiran facer uso dela.</p>
AVALIACIÓN	<p>Elaborarase un informe conxunto entre a coordinadora da biblioteca e os distintos coordinadores de ciclo, onde se recolleran as actividades levadas a cabo e o seu grado de éxito ou logro.</p> <p>Este informe presentarase ao claustro e incorporarase á memoria final.</p>

19. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Para poder avaliar o funcionamento xeral do centro, atenderemos aos seguintes aspectos:

- Alumnado

A avaliación dos alumnos/as axustarase ao disposto na lexislación. Será continua, terá carácter formativo e estará integrada no proceso educativo. As actividades da avaliación oriéntanse a detectar os progresos e/ou dificultades dos alumnos/as durante o proceso educativo

O longo do curso académico realizaranse tres tipos de avaliación:

- Avaliación Inicial.
- Avaliación Sumativa.
- Avaliación Final.

As actividades de avaliación en Educación Primaria serán levadas a cabo polo mestre/a titor correspondente en colaboración cos restantes mestres/as do seu grupo. A información ás familias sobre a avaliación dos seus fillos/as, terá lugar antes do Nadal, Semana Santa e remate do curso. Darase a coñecer mediante os boletíns informativos e a través de ABALAR. Así mesmo, serán informados puntualmente de aspectos relacionados co proceso de ensino- aprendizaxe a través das titorías. Ao remate de cada curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, tomaranse as decisións sobre promoción de nivel do alumnado. A decisión de promoción adoptaraa o equipo de mestres/as que imparten docencia ao grupo de alumnos/as, e deberá ter en especial consideración a información e o criterio do titor ou titora. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que acadou o grao de adquisición das competencias clave correspondente. Accederase tamén ao seguinte curso ou etapa cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente no seguinte nivel. Neste caso, o centro educativo adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os apoios necesarios para a recuperación de ditas aprendizaxes. Cando o alumno/a non acade as condicións establecidas no parágrafo anterior, permanecerá un ano máis no mesmo nivel, tendo en conta que esta medida só se poderá adoptar unha vez ao longo de toda a etapa educativa. Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico de recuperación e apoio.

- Mestres e mestras

Os/as mestres/as, ao longo de todo o curso deben levar a cabo unha reflexión sobre a súa práctica docente, tendo en conta aspectos como:

- Adecuación dos recursos empregados e das actividades propostas.
- A temporalización dos contidos.
- A metodoloxía empregada.
- A participación nas actividades e no día a día do centro.
- A globalización dos elementos transversais.
- Cooperación e coordinación con outros/as mestres/as.
- A relación coas familias.
- A formación continua.
- **Organización e funcionamento**

O equipo directivo será o encargado xunto co resto do claustro de avaliar a organización e funcionamento xeral do centro atendendo a diferentes aspectos como:

- A coordinación entre os diferentes equipos de dinamización.
- A coordinación entre os mestres/as que compoñen os equipos de nivel.
- A coordinación a través da CCP.
- A coordinación co Departamento de Orientación.
- A adecuación das normas de organización e funcionamento ás características e necesidades do centro.
- A adecuación dos proxectos e actividades propostas ás características e necesidades do centro.
- A corresponsabilidade familia-escola.
- A actividade do equipo directivo.
- Relacións entre os diferentes membros/as da comunidade escolar.

As **sesións de avaliación** celebraranse nas seguintes datas:

Avaliación inicial- 25 e 26 de setembro.

1ª avaliación- 12 de decembro: Educación Infantil, 1º EP e 2º EP; 19 de decembro: 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

2ª avaliación- 12 de marzo: Educación Infantil, 1º EP e 2º EP; 19 de marzo: 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

3ª avaliación: 25 de xuño.

20. PLAN DE IGUALDADE

O equipo directivo, en colaboración coa comunidade escolar, velará polo cumprimento do Plan de Igualdade do Centro elaborado co fin de promover e garantir o desenvolvemento de accións orientadas a paliar as desigualdades baseadas no xénero. O Plan foi elaborado durante o curso escolar 2021/2022 e actualmente segue en vigor.

21. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA E AS FAMILIAS

Coas familias:

Hai catro anos creouse o Espazofamilias por iniciativa de algúns centros educativos do Concello de Boiro. Dende hai dous cursos, todos os centros educativos de Boiro forman parte deste espazo, que ten como finalidade principal a formación das familias en diferentes ámbitos para mellorar a educación dos nenos/as: alimentación saudable, repercusión das TIC no desenvolvemento, relacións familiares, etc. a través de diversos obradoiros organizados dende o Espazofamilias

Dende as titorías, departamento de orientación e equipo directivo continuarase coa labor de asesoramento ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos nenos/as, as normas de organización e funcionamento do centro, as normas de convivencia, e as medidas adecuadas para cada situación.

Propoñeranse actividades que fomenten a participación das familias no día a día do centro: contacontos, conversas, conmemoracións, exposicións colaborativas, e outras que poidan xurdir dende as titorías ou os diferentes equipos docentes.

Co resto da comunidade educativa:

Levaranse a cabo diversas comunicacións, coordinacións e actividades con outros centros educativos que forman parte da nosa comunidade: centros adscritos, centros do Concello, centros con escolarización combinada...

Estableceranse diversas canles de comunicación con outros organismos como o Concello, a educadora familiar, asociacións...

Farase partícipe ao persoal non docente que traballa no centro do proxecto educativo, e do seu desenvolvemento a través da PXA.

22. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

COMPOÑENTES DA XUNTA DIRECTIVA:

- * Presidente: Don Eusebio Gómez Peneireiro.
- * Vicepresidente: Don Diego Romero Fraga.
- * Secretaria: Dona Montserrat Fernández Gómez.
- * Tesoureira: Dona Virginia Blanco Bermúdez.
- * Vocal: Don Juan Conde Lorenzo.
- *Vocal: Dona Elisabeth Szabo.
- *Vocal: Dona María del Carmen Cerqueira Castro.

O equipo da Xunta Directiva da ANPA atópase a día de hoxe formada por 7 membros, que nos encargamos, de maneira altruísta, de intentar levar a cabo o recollido nos estatutos da asociación e dinamizar o máis posible dita organización.

Entendemos que canta máis formación teñamos os membros da xunta directiva, máis servizos de calidade e información lles podemos ofrecer ós socios, e para iso, apostamos por asistir a cursos de formación dirixidos unicamente para directivos das APAS.

Un dos obxectivos da ANPA e fomentar a boa relación co resto da comunidade educativa, converténdonos así moitas veces nun enlace entre os pais e o colexio (dirección, mestres,

persoal non docente, etc.) e para iso encargámonos de realizar actividades periódicas ó longo do curso dirixidas a todo o centro.

Pretendemos buscar a implicación familiar na vida diaria do colexio a través de excursións, romarías ou calquera tipo de actividade que poida ser de interese para o colectivo (charlas informativas, cursos de formación, sesións de cine, de lectura, etc.).

O noso compromiso coa comunidade educativa entendémolo como fundamental para que, exista un clima axeitado entre todas as partes que a forman.

As actividades ofertadas por parte da ANPA están supeditadas á asistencia dun mínimo de inscritos (10 nenos), polo que se verá si hai aforo suficiente para poder realizalas ó longo de todo o curso. Este ano as actividades serán impartidas pola empresa Yumi Yai Park, Judo Compostela e pola empresa Trebello. A pesares da apertura da piscina municipal non se pode incluír natación nas extraescolares xa que non hai monitor nin socorrista para atender os rapaces. Así mesmo, decidimos ubicar as actividades en horario de 16:00 a 17:00 de luns a venres para una mellor conciliación familiar. Estas son:

1. Luns: Judo.
2. Martes: Pequenos científicos.
3. Mércores: Acrobática e parkour.
4. Xoves: Recicl- Art.
5. Venres: Informática.

Agradecemos a colaboración por parte do centro para poder realizar todas actividades ofertadas por parte a ANPA, dado que nos ceden o ximnasio, a aula de informática e outras necesarias para a súa realización neses horarios.

O longo do curso escolar 2023/2024 dende a ANPA vanse ofertar outras actividades lúdicas e servizos:

- Excursión ós museos de Coruña na semana da Ciencia: 18/11/23.
- Festival de fin de curso no mes de xuño.
- Excursión de fin de curso para os socios da ANPA.
- Excursión de fin de curso para os alumnos de 6º.
- Firma de convenio con Rebeca Ozores para o desconto no tratamento bucal dos nenos ou selado gratuíto do primeiro molar.

- Programa de madrugadores coa colaboración do Axuntamento de Boiro.

Seguiremos participando nas reivindicacións daquelas melloras que afecten ó centro e seguiremos dialogando coas distintas administracións (Concello, Deputación, Consellerías, etc.) para lograr que o noso centro mellore en tódolos aspectos. Este ano temos marcado un mínimo de obxectivos que intentaremos conseguir: que o concello repare a parte pendente da fachada do colexio, mellora do cerre perimetral do mesmo, así como seguiremos intentando que se amplíe o patio cuberto e outras melloras que poidan xurdir o longo do curso. Dende a ANPA faremos o imposible para acadar o compromiso de conseguir estes obxectivos.

Continuaremos colaborando para que se siga realizando, a finais de curso, a charla entre o orientador do IES Praia de Barraña e os pais dos nenos que rematan 6º de primaria e que inician a nova etapa na ESO, e que eses rapaces visiten o novo centro co orientador. Tamén estará dentro dos nosos obxectivos, manter xuntanzas periódicas coas ANPAS doutros centros educativos do noso Concello, e tratar entre todos de realizar actividades de convivencia conxuntas.

A central white circle containing the text 'PLAN DE BIBLIOTECA' is surrounded by various colorful illustrations of books, some open and some closed, scattered around it. The background is a light blue gradient with small red and teal dots.

PLAN DE BIBLIOTECA

CEIP PLURILINGÜE PRAIA XARDÍN

ceip.praia.xadin@edu.xunta.gal

2023-24

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN

2. OBXECTIVOS

3. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN. A CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO "LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES"

3.1. Outras actuacións

4. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN A ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO

5. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DE COMPETENCIA INFORMACIONAL (TRATAMENTO DA INFORMACIÓN DIXITAL)

6. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

7. AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

8. OUTRAS ACTUACIÓNS

9. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN: INDICADORES E INSTRUMENTOS A EMPREGAR

10 .PERSONA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN

O artigo 26.2 da Lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de maio, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro), establece que “a fin de promover o hábito da lectura, dedicarase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias”. No artigo 33 dise que un dos obxectivos será “afianzar os hábitos de lectura [...] como condición necesaria para o correcto aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal”.

Así mesmo, o artigo 113 de dita lei sitúa ás bibliotecas escolares como lugares contribuidores ao fomento da lectura e de acceso á información. A biblioteca permite acceder a múltiples recursos para a aprendizaxe e compensa as deficiencias ocasionadas polas diferenzas de nivel sociocultural.

O propio Ministerio de Educación fixo público en 2011 o **Marco de referencia para as Bibliotecas Escolares** no que se definen como “centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: contornos educativos específicos integrados na vida da institución escolar. Apoian o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ao alumnado a aprendizaxe [...] nunha dinámica aberta a toda a comunidade educativa.”

. O presente **Plan de Biblioteca** é o documento que recompila todas as iniciativas e actuacións da biblioteca relacionadas coa formación lectora e o fomento do hábito lector. Forma parte do **Plan Anual de Lectura** e, pretende achegar, a toda a comunidade escolar, uns recursos culturais e para a aprendizaxe que compensen as posibles desigualdades poñendo, a disposición do alumnado e das súas familias, materiais actualizados e seleccionados con criterios de calidade, así como oportunidades para o encontro coa cultura en xeral e coa lectura en particular.

Co fin de proporcionar servizos e programas que dean resposta ás necesidades formativas e informativas de todos os membros que integran a nosa comunidade educativa, e de formar ao alumnado para unha participación plena, activa e comprometida coa sociedade complexa na que nos toca vivir, consideramos que, de cara ao presente curso 2023-2024 a nosa biblioteca debe afrontar a consecución dos obxectivos que se concretan a continuación.

2. OBXECTIVOS

1. Planificar, mediante ferramentas virtuais, actividades que permitan, en situacións non presenciais, levar a cabo xuntanzas e encontros entre o alumnado .
2. Mellorar a formación do profesorado no manexo e funcionamento da Biblioteca e lograr a súa total implicación.
3. Dinamizar os recursos tecnolóxicos como canle de comunicación e banco de recursos e consulta, en especial os da plataforma E-ELBE.2
4. Acadar plena coordinación cos Equipos do Centro nos proxectos e actividades propostas.
5. Introducir o libro de lectura dixital e reforzar o carácter híbrido da colección.
6. Potenciar o traballo en soporte dixital.
7. Avanzar nas relacións con entidades da contorna.
8. Seguir a incrementar a participación das familias.
9. Ofertar e potenciar os recursos dixitais de consulta para complementar e ampliar coñecementos .
10. Crear un banco de materiais interactivos e dinámicos co fin de colaborar na dinamización dos contidos das distintas áreas, en colaboración cos distintos Equipos e co profesorado.
11. Dirixir consultas e trámites coa biblioteca a un entorno dixital (chat, formularios ...).
12. Producir novos materiais dixitalizados, tanto formativos como de guías de contido, dirixidos ao alumnado.
13. Favorecer o desenvolvemento da radio no centro a través das dinámicas da biblioteca.
14. Ter preparado un protocolo de actuación, no caso de afrontar situación especiais de prevención e actividade non presencial, que permita o maior rendemento posible dos recursos.
15. Incrementar e fortalecer o hábito de lectura do alumnado.
16. Fomentar e promover a lectura como medio de entretemento elecer.

3. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN. A CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO "LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES"

- Seguimento da catalogación e préstamo. Avaliación.
- Formación do alumnado colaborador. Deseño e reparto de guías de uso.
- Elaboración de quendas de garda do profesorado, do alumnado colaborador e do horario de uso por titorías. Seguimento.
- Implicación de todo o profesorado na dinámica de traballo da Biblioteca.
- Centralización dos fondos a través da catalogación informatizada.
- Colaboración coa Biblioteca Municipal e coas librarías do concello.
- Fomento das actividades intercentros co fin de seguir afondando na mellora da competencia lingüística do noso alumnado.
- Incorporación de metodoloxías que estimulen a alfabetización múltiple.
- Desenvolvemento de actividades que favorezan as producións radiofónicas.
- Planificación de actividades de animación á lecturas para as titorías.
- Implicación das familias na educación lectora dos seus fillos.
- Celebración de xornadas de portas abertas para toda a comunidade educativa.
- Participación dos pais a través de concursos, obradoiros, mochilas viaxeiras, lecturas compartidas ...

3.1. Outras actuacións.

Para os usuarios	Para o préstamo
<ul style="list-style-type: none"> • Marcado de postos de lectura. • Formación virtual. • Medidas de desinfección e hixiene. • Sinalización dos puntos de espera. • Delimitación dos distintos espazos e recunchos. • Disponibilidade de punto de desinfección de mans. • Paneis informativos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Establecer un circuíto propio para o tratamento dos materiais. • Habilitar un espazo físico diferenciado para materiais (préstamo, novidades, devolucións ...) • Marcar un tempo concreto para a súa devolución. • Manipulación de fondos de forma axeitada.

4. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN A ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO

- Dinamización dos medios dixitais, buscando a súa implantación como canle de comunicación e información entre a Biblioteca e a comunidade educativa (mestr@s, titorías, alumnado, pais e nais ...), onde se fagan visibles os recursos, novidades e actividades da Biblioteca.
- Introducción, de xeito progresivo, da plataforma de lectura dixital E.ELBE.2.
- Elaboración de guías de lectura.
- Difusión dos materiais e recursos existentes na Biblioteca. e exposición de novidades.
- Elaboración de boletíns informativos para as familias a partires do PDI da Biblioteca.
- Publicación de trípticos onde se recollan, de xeito sinxelo, tanto as normas de funcionamento da Biblioteca como as de localización de fondos e préstamo.
- Colaboración coas titorías e os distintos Departamentos na adquisición de materiais, solicitando e tendo en conta as súas suxestións e necesidades.
- Desenvolvemento dun proxecto documental integrado anual.
- Planificación de actividades en relación ao PDI . Distribución das tarefas .
- Adquisición de fondos en relación ao Proxecto Documental Integrado que se vai traballar.
- Dinamización dos soportes dixitais como recursos tanto para a competencia lectora como para a competencia informacional do alumnado.
- Implicación da Dirección do centro no desenvolvemento e aplicación do Programa da Biblioteca e no cumprimento das instrucións da Consellería.
- Apoio ás necesidades do profesorado.
- Introducción do libro dixital.
- Integración didáctica das Tics co deseño de actividades colaborativas en rede.

5. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DE COMPETENCIA INFORMACIONAL (TRATAMENTO DA INFORMACIÓN DIXITAL)

- Deseño do calendario e comezo do plan de formación documental para o alumnado: apertura da Biblioteca, visitas por titorías , recoñecemento dos espazos e uso.
- Presentación da Biblioteca ao novo profesorado.
- Información sobre as normas de uso a toda a comunidade educativa.
- Programación de actividades prácticas para a localización de fondos.
- Formación do alumnado, en colaboración co Equipo de Tics, na realización de traballos e proxectos: busca, valoración e selección de información e traballala en distintos soportes (dixital, escrito, oral, radiofónico ...).
- Realización de visitas on-line a distintas bibliotecas (manexo do seu catálogo).

6. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

- Difusión da Programación Anual entre o profesorado: actividades do PDI, exposicións, concursos, encontros con autores, actividades interniveis e intercentros, contacontos, mochilas viaxeiras.
- Recompilación de propostas para a selección de fondos.
- Organización dos contidos das Mochilas Viaxeiras (virtuais ou físicas) e a súa posta en marcha.
- Continuidade do club de lectura entre o alumnado.
- Planificación, en colaboración cos coordinadores de ciclo e nivel, de estratexias para o desenvolvemento das competencias básicas.

7. AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

- Dotación de equipamento adaptado segundo as necesidades dos usuarios.
- Mantemento de espazos accesibles, practicables e diversos.
- Adecuación continua do mobiliario.
- Inclusión nos fondos de textos adaptados e material manipulativo.

8. OUTRAS ACTUACIÓNS


- Concreción, dinamización e profundamento no plan de medidas que axuden a compensar as desigualdades sociais, facilitando o uso da biblioteca ao alumnado máis desfavorecido: accesibilidade da biblioteca fóra do horario lectivo (sempre que as circunstancias sanitarias o permitan), posibilidade da impresión de documentos ou traballos ...
- Potenciación do uso da biblioteca como mediateca, onde o noso alumnado poda formarse e informarse nun espazo común a través de calquera soporte (audiovisual, gráfico, dixital ...).

9. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN: INDICADORES E INSTRUMENTOS A EMPREGAR

- Elaboración e realización de distintas enquisas, ao inicio do curso, dirixidas a cada un dos sectores da comunidade educativa acerca do funcionamento da biblioteca e outra ao final.
- Avaliación das actividades realizadas, tanto de formación de usuarios como de educación documental, visitas, lectores, participación das familias ... a través de CUESTIONARIOS ou indicadores de medida

10. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO

- Persoa responsable: M^a Pilar Insua García, quen disporá dun mínimo de cinco horas dentro do horario lectivo para as funcións propias da biblioteca.
- O Equipo de apoio estará composto, na medida do posible, por profesorado definitivo no centro e con representación dos distintos niveis e departamentos. O seu horario de atención á biblioteca quedará suxeito á dispoñibilidade horaria de acordo á organización do centro e as necesidades .



PLAN ANUAL DE LECTURA 2023-2024

CEIP PLURILINGÜE PRAIA XARDÍN



ÍNDICE

XUSTIFICACIÓN DO PLAN

1. A NOSA BIBLIOTECA

Espazo e instalacións

Horario

Plan de uso da biblioteca escolar

Obxectivos da biblioteca escolar

2. OBXECTIVOS

3. PLAN DE ACTUACIÓNS NO MARCO DO PLAN DE LECTURA

Actividades de comprensión lectora específicas

Actividades de comprensión lectora específicas de cada materia

Fomentar a lectura mediante a dinamización da Biblioteca

A. Actividades relacionadas coa difusión dos fondos

B. Actividades de formación de usuarios

C. Actividades relacionadas co fomento da lectura

Fomentar a lectura desde a elaboración de proxectos documentais

Fomento da lectura con actividades extraordinarias

4. ESTRATEXIAS COMÚNS PARA MELLORAR A COMPRENSIÓN LECTORA

5. INTEGRACIÓN DAS TICs

6. IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS NO PLAN DE LECTURA

7. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN

Este Plan Lector tenta conseguir que o alumnado do noso centro, ao remate dos seus estudos e con relación á súa idade, posúa as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento persoal e académico.

Para iso, o profesorado que conforma o claustro adquire o compromiso de poñer todo o seu empeño en elevar o nivel de comprensión lectora así como en fomentar o hábito lector entre o alumnado.

A lectura é un dos alicerces básicos de calquera aprendizaxe e unha fonte de adquisición de coñecementos. O **Plan Anual de Lectura** é o documento que recompila todas as iniciativas relacionadas coa formación lectora e a contribución da biblioteca no fomento do hábito lector. Forma parte da **Programación Xeral Anual** e, malia que a súa revisión deba facerse cada novo curso, ten vontade de duración, nas súas liñas principais.

O artigo 26.2 da Lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de maio, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro), establece que “a fin de promover o hábito da lectura, dedicárase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias”. No artigo 33 dise que un dos obxectivos será “afianzar os hábitos de lectura [...] como condición necesaria para o correcto aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal”.

Así mesmo, o artigo 113 de dita lei sitúa ás bibliotecas escolares como lugares contribuidores ao fomento da lectura e de acceso á información. A biblioteca permite acceder a múltiples recursos para a aprendizaxe e compensa as deficiencias ocasionadas polas diferenzas de nivel sociocultural.

O propio Ministerio de Educación fixo público en 2011 o **Marco de referencia para as Bibliotecas Escolares** no que se definen como “centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: contornos educativos específicos integrados na vida da institución escolar. Apoian o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ao alumnado a aprendizaxe [...] nunha dinámica aberta a toda a comunidade educativa.”

2.A NOSA BIBLIOTECA

Espazo e instalacións

A biblioteca do centro conta cun equipo de seis docentes, entre eles a responsable, que ten dedicación horaria semana,l e un grupo de alumnado voluntario encargado de ordenar, colocar, xestionar préstamos nos recreos e sinalizar fondos. Dende fai uns anos estase a levar a cabo a ardua tarefa de automatización do catálogo xunto con labores como a sinalización externa e interna e a dinamización da mesma mediante actividades de formación de usuarios, educación documental e actividades do fomento da lectura.

Dende a biblioteca fanse préstamos ás aulas co fin de poñer en marcha e dinamizar todas as coleccións. Contamos co Programa Meiga para catalogación e préstamo.

No noso centro a biblioteca está conformada por diversas seccións tales como o espazo fedelleiro, espazo de lectura de EI/EP, espazos informais de lectura, espazo TICS e espazo onde está a radio.

As instalacións da Biblioteca escolar do centro foron melloradas considerablemente nos últimos anos:, creación dun **espazo de lectura informal**, mellora do **equipamento informático** (un 2º ordenador para as producións radiofónicas, instalación dunha mesa con cinco ordenadores portátiles para o alumnado conectados a internet e á intranet do centro, pantalla e canón de proxección), substitución de **mobiliario** (mesa de traballo na zona de administración, novos andeis fixos e móbiles, sinalización, impresora,tablets, bee-bots...)

Aínda con camiño por percorrer, a biblioteca estase a converter nun lugar no que apetece estar para ler e traballar e no que cada vez con maior asiduidade se desenvolven actividades relacionadas coa práctica docente. Dispón de numerosos fondos, sobre todo bibliográficos e multimedia. Desde hai varios anos empezamos a catalogar co **Programa Meiga** os fondos de nova adquisición e, pouco a pouco, vanse recatalogando e expurgando os fondos antigos.

Horario

A biblioteca permanecerá aberta no período de lecer (12:00-12:30 h.), baixo a supervisión de docentes de garda que velarán, en todo momento, polo cumprimento das normas establecidas, e apoiarán ao alumnado colaborador na atención dos usuarios da biblioteca, facilitándolle o acceso ás diferentes fontes de información e orientándoos sobre a súa utilización. Neste período os alumnos e alumnas aproveitan para levar libros en préstamo á súa casa, utilizar os ordenadores, realizar traballos escolares ou ler no recuncho de lectura informal.

Fóra do horario habitual do recreo, o alumnado, acompañado sempre polo seu profesor ou profesora, accederá á biblioteca unha hora semanal, para utilizala como centro de recursos e apoio á aprendizaxe e/ou co obxectivo de fomentar o Plan de Lectura.

O labor técnico de organización e mantemento dos recursos documentais estará a cargo do equipo responsable da **Dinamización** da Biblioteca coa axuda do equipo colaborador do alumnado.

Plan de uso da biblioteca escolar

Entendemos a biblioteca escolar como un espazo educativo, que alberga unha colección organizada e centralizada de todos aqueles materiais informativos que necesita o Centro, para desenvolver a súa tarefa docente.

A biblioteca é un recurso imprescindible para a consecución dos obxectivos educativos en todas as áreas, proporcionando un continuo apoio ó proceso ensinanza-aprendizaxe e ó impulso da competencia lectora e do hábito lector.

O fin primordial da biblioteca será asegurar o acceso á ampla gama de recursos bibliográficos, informativos e didácticos, de xeito que toda a comunidade escolar poida utilizala con finalidades recreativas, informativas e de educación permanente.

No curso 2023-2024 seguemos a pretender que o espazo da biblioteca sexa utilizado de forma sistemática, converténdose nunha importantísima ferramenta de apoio na posta en práctica do Plan de Lectura do centro.

Destacar tamén que nosa biblioteca participa en distintos programas promovidos dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares, nos que, en algúns dos casos, xa estaba integrada dende hai anos:

PLAMBE , dende hai seis anos.

Radio na Biblio, dende hai dous anos.

Club de Lectura, dende hai dous anos.

Lectura e Familias, dende hai un ano.

Dentro do marco destes programas levaranse a cabo distintas actuacións tanto nos aspectos de xestión e organización de recursos como nos de fomento da lectura.

Horario de uso semanal ao longo do curso

Todas as titorías teñen reservado, no seu horario semanal, unha sesión de biblioteca.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN					
2ª SESIÓN			4ºA		
3ª SESIÓN	3ºA	6ºB		2ºA	4º INF
4ª SESIÓN	6º INF	3ºB		5ºA	1ºA
5ª SESIÓN		4ºB	2ºB	6ºA	5ºINF

Obxectivos da biblioteca escolar

Os obxectivos xerais propostos desde a biblioteca son os seguintes:

- Incrementar e fortalecer o hábito de lectura do alumnado.
- Fomentar e promover a lectura como medio de entretemento e lecer.
- Adquirir hábitos de uso e aproveitamento da biblioteca a través do servizo de préstamo. (Emprego do Proxecto Meiga)
- Potenciar a fantasía e imaxinación das alumnas/os a través dos contos.
- Desenvolver a atención, comprensión e concentración coa lectura silenciosa e mellorar as habilidades comunicativas do alumnado.
- Proporcionar a través da lectura unha formación en valores que non supoña discriminación ideolóxica, social, racial, sexista, etc...
- Achegar ó alumnado ao uso de distintas fontes de información (libros, programas de ordenador, Internet, revistas, prensa, etc...) para que coñezan e comprendan todo tipo de textos: informativos, científicos, humorísticos, literarios, etc...
- Favorecer hábitos de coidado e respecto polos libros e materiais.
- Desenvolver estratexias no alumnado para a busca, organización e aplicación do material existente na biblioteca.
- Coordinarse cos titores na posta en común de actividades que fomenten a lectura.
- Dinamizar os fondos facendo préstamos ás distintas aulas.
- Asesorar ao profesorado facilitándolle o material necesario.

- Coordinación coa Biblioteca do concello e outras dos centros escolares próximos.
- Fomentar, entre os titores e titoras, a implantación nas súas programacións do Plan Anual de Lectura.
- Facer lectores competentes, saber escoller un libro, resumir, aumentar a súa competencia lectora.
- Asesorarse coas bibliotecas escolares da consellería.
- Planificar, mediante ferramentas virtuais, actividades que permitan, en situacións non presenciais, levar a cabo xuntanzas e encontros entre o alumnado .
- Mellorar a formación do profesorado no manexo e funcionamento da Biblioteca e lograr a súa total implicación.
- Dinamizar os recursos tecnolóxicos como canle de comunicación e banco de recursos e consulta, en especial os da plataforma E-ELBE.2
- Acadar plena coordinación cos Equipos do Centro nos proxectos e actividades propostas.
- Introducir o libro de lectura dixital e reforzar o carácter híbrido da colección.
- Potenciar o traballo en soporte dixital.
- Avanzar nas relacións con entidades da contorna.
- Seguir a incrementar a participación das familias.
- Ofertar e potenciar os recursos dixitais de consulta para complementar e ampliar coñecementos .
- Crear un banco de materiais interactivos e dinámicos co fin de colaborar na dinamización dos contidos das distintas áreas, en colaboración cos distintos Equipos e co profesorado.
- Dirixir consultas e trámites coa biblioteca a un entorno dixital (chat, formularios ...).
- Producir novos materiais dixitalizados, tanto formativos como de guías de contido, dirixidos ao alumnado.

- Favorecer o desenvolvemento da radio no centro a través das dinámicas da biblioteca.
- Ter preparado un protocolo de actuación, no caso de afrontar situación especiais de prevención e actividade non presencial, que permita o maior rendemento posible dos recursos.

3.OBXECTIVOS

O Plan Anual de Lectura pretende contribuír, significativamente, á mellora da competencia lectora e ao desenvolvemento do hábito lector no alumnado do noso centro. Para acadar estas metas, o Plan de Lectura marca os seguintes obxectivos:

1. Potenciar o desenvolvemento do hábito lector para apoiar a adquisición das competencias básicas desde todas as áreas e materias do currículo, tendo en conta as especificidades de cada unha delas.
2. Mellorar no alumnado o desenvolvemento daquelas competencias, habilidades e estratexias que lles permitan converterse en lectores competentes, capaces de comprender, reflexionar, interpretar e utilizar criticamente diversas fontes de información e documentación e diferentes tipos de textos, en distintos formatos e soportes.
3. Estimular e desenvolver a necesidade e o pracer por ler, fomentando a creatividade e a imaxinación do alumnado mediante a práctica da lectura.
4. Converter a Biblioteca Escolar nun espazo dinámico para o desenvolvemento da competencia lectora e o fomento do hábito lector de toda a comunidade educativa.

4.PLAN DE ACTUACIÓNS NO MARCO DO PLAN DE LECTURA

Este Plan céntrase na lectura como unha das competencias básicas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social do individuo, sen esquecer a estreita relación que existe entre ler e outros procesos intelectuais complementarios como escribir, falar e escoitar, que posibilitan o desenvolvemento das competencias necesarias para a adquisición de aprendizaxe.

Para facer efectiva a consecución dos obxectivos anteriormente expostos, propónse as seguintes actuacións:

Actividades de comprensión lectora específicas

EDUCACIÓN INFANTIL	
Actividades	Curso
A hora do conto: Cada día preséntanse dous tempos específicos onde a hora do conto toma relevancia, no momento da asemblea (primeira hora da mañá) e na segunda parte da xornada.	Ed. Infantil
Conto viaxeiro: Ao longo do curso o alumnado levará para casa durante uns días o conto viaxeiro dentro da mochila. Un conto relacionado cos contidos da unidade didáctica ou proxecto que se estea traballando nese momento. Ao longo do curso levarán contos nas diferentes linguas: castelá, galego e inglés. O alumnado fai posteriormente una valoración do conto e unha cuberta de maneira creativa. Ao final do curso recompílanse todas as cubertas traballadas.	Ed. Infantil
Lectura diaria: escoita dun conto relacionado cos contidos da programación de aula.	Ed. Infantil
Adiviñas relacionadas cos proxectos a traballar.	Ed. Infantil
Rimas con movemento.	Ed. Infantil

Refraneiro popular	Ed. Infantil
Cancioneiro popular	Ed. Infantil
Experiencias creativas ao redor dun conto: o conto alterado, conto plaxiado, o conto ao revés...	Ed. Infantil
Adiviña o conto: O animador ou alumno/a describe a personaxes, obxectos ou animais que apareceron nos distintos libros que leron na semana. O alumnado deben adiviñar o título do conto ao que pertencen.	Ed. Infantil
Preparación de días especiais que xiran ao redor dun conto: Día da Igualdade, Día da paz...	Ed. Infantil

**1º e 2º DE
EDUCACIÓN
PRIMARIA**

Actividades	Curso
Desenvolvemento psicomotor en xeral, lateralidade en particular.	1º
Discriminación auditiva, conciencia fonolóxica.	1º e 2º
Actividades musculatura do ollo, movementos sacádicos, xogos visuais.	1º e 2º
Lectura da imaxe.	1º e 2º
Interpretación doutros códigos.	1º e 2º
Lectura e escritura de fonemas.	1º e 2º
Aprendizaxe da lectura.	1º e 2º
Desenvolvemento do vocabulario en todas as áreas.	1º e 2º
Actividades de animación lectora.	1º e 2º

Biblioteca de aula.	1º e 2º
A hora de ler.	1º e 2º
A sesión de biblioteca.	1º e 2º
Participacións en actividades estimuladoras fóra do Centro.	1º e 2º
Lectura diaria e individual	1º e 2º
Lectura colectiva diaria en castelán, galego ou inglés nos libros de lectura colectiva.	1º e 2º
Elaboración de contos e lectura en voz alta.	2º
Redaccións libres e suxeridas para despois ler en voz alta	2º
Escoitar poemas coas voces orixinais dos poetas.	1º e 2º
Contribucións por parte dos alumnos para as diversas exposicións que se fan na escola con motivo das diversas celebracións, baseadas na elaboración de escritos sobre actividades de animación lectora realizadas na clase.	1º e 2º
Ler instrucións de exercicios, xogos, montaxes.	1º e 2º
Revisar e reler o traballo realizado antes de entregar ao profesorado.	1º e 2º
Hora de lectura e participación nas actividades de animación á lectura na biblioteca.	2º
Visita á biblioteca do centro nos recreos.	1º e 2º

3º e 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Actividades	Curso
Lectura silenciosa e individual de libre elección para o propio gozo.	3º e 4º.
Lectura colectiva diaria en castelá, galego, inglés nos libros de lectura colectiva de aula con todo tipo de textos: narrativos, informativos, poesía, teatro...	3º e 4º
Lecturas dos libros de texto das distintas materias en varios soportes.	3º e 4º

Lectura de novas. Bolsa de noticias orientadas polo profesorado.	4º
Elaboración de anuncios e lectura en voz alta.	4º
Elaboración de textos narrativos libres e suxeridos para despois ler en voz alta.	3º e 4º
Recitar e cantar poemas e cancións.	3º e 4º
Contribucións por parte dos alumnos para as diversas exposicións que se fan na escola con motivo das diversas celebracións, baseadas na elaboración de escritos sobre actividades de animación lectora realizadas na clase.	3º e 4º
Ler instrucións de exercicios.	3º e 4º
Revisar e reler o traballo realizado antes de entregar ao profesor.	3º e 4º
Visita voluntaria á biblioteca do centro nos recreos.	3º e 4º
Busca de datos concretos en folletos publicitarios.	4º
Lectura de imaxes e elaboración de textos a partires delas.	3º e 4º
Elaboración de poesías para As Letras Galegas. Traballar textos do folclore tradicional no Magosto, Entroido, Nadal...	3º e 4º
Redacción de contos en equipo a partires de ilustracións e lectura en voz alta.	4º
Busca de recursos en enciclopedias, carteis, sinais e dicionarios , de soporte en papel ou dixital, para aproveitar a información que nos interesa e rexeitar a que non vale.	4º
Buscar nun texto a idea principal.	3º e 4º
Semana de animación á lectura.	3º e 4º
Creación de historias partindo de determinadas consignas.	4º
Ler instrucións.	3º e 4º
Con textos diferentes traballar o subliñado, resumo etc. (Sociais, Naturais).	4º

Formar parte do Club de lectura da biblioteca de xeito voluntario e participar nas actividades que propón en relación á lectura.	4º
--	----

5º e 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	
Actividades	Curso
Lectura silenciosa e individual.	5º e 6º
Lectura colectiva en castelán ou en galego nos libros de lectura colectiva así como nas novelas especificadas por cursos en galego e castelán.	5º e 6º
Lecturas dos libros de texto dixitais en galego e castelán	5º e 6º
Lectura de novas. Bolsas de novas escollidas polo alumnado e profesorado.	5º
Elaboración de novas e lectura en voz alta.	6º
Redaccións libres e suxeridas para despois ler en voz alta	5º e 6º
Recitar e cantar poemas e cancións. Escoitar poemas coas voces orixinais dos poetas.	5º e 6º
Contribucións por parte dos alumnos para as diversas exposicións que se fan na escola con motivo das diversas celebracións, baseadas na elaboración de escritos sobre actividades de animación lectora realizadas na clase.	5º e 6º
Ler instrucións de exercicios, xogos, montaxes, folletos, prospectos, receitas... en distintos soportes.	5º e 6º

Formar parte do Club de lectura da biblioteca de xeito voluntario e participar nas actividades que propón en relación á lectura.	5º e 6º
Hora de ler e participación nas actividades de animación á lectura na biblioteca.	5º
Visita voluntaria á biblioteca do centro nos recreos.	5º e 6º
Presentación de libros novos por parte da biblioteca e recomendacións realizadas polo propio alumnado.	5º e 6º
Manexo do dicionario. A dificultade das actividades vai graduada segundo o nivel do alumnado.	5º e 6º
Busca de datos concretos en folletos publicitarios.	5º e 6º
Lectura de imaxes e elaboración de textos a partires delas.	5º e 6º
Elaboración de textos, en distintos soportes, tomando como punto de partida algún concepto gramatical por exemplo as preposicións, os pronomes...	6º
Elaboración de poesías para O Día das Letras Galegas. Investigar e realizar textos do folclore tradicional no Magosto, Entroido, Nadal...	5º e 6º
Visión de películas despois de ler algún libro clásico ou actual: "A illa do tesouro", "Matilda"	5º e 6º
Redacción de contos en equipo, tanto en soporte de papel como dixital, a partires de ilustracións e lecturas en voz alta.	6º

Investigación multidisciplinar: busca de recursos en Internet e enciclopedias multimedia.	5º e 6º
Utilización de contidos da rede para desenvolver e complementar as unidades de traballo.	5º e 6º
Semana de animación á lectura.	5º e 6º
Obradoiro de libros para nenos e nenas: proxectos en papel para dobrar, coser, pegar, debuxar....	6º
Creación de historias partindo de determinadas consignas	5º e 6º

Actividades de comprensión lectora específicas de cada materia

Cada Área ou materia determinará na súa programación as cuestións relacionadas co tratamento da lectura, así como as actividades que se van levar a cabo en cada unha delas para formar lectores competentes e desenvolver o hábito lector. Tamén especificará o tempo e o espazo en relación coa lectura e o uso concreto que se vai a facer da biblioteca escolar e das bibliotecas de aula.

Realizaranse sesións de presentación de libros para motivar ao alumnado cara as lecturas que lles poidan resultar máis atractivas. Presentación de novidades, libros dun autor ou dun tema de interese, serán actividade que se realizarán desde a biblioteca ou aula en calquera momento do curso. Tamén o alumnado presentará os seus libros preferidos.

O equipo de Biblioteca seleccionará libros a través de Boletíns de Biblioteca, revistas literarias, guías de lectura e organizará exposicións temporais sobre unha temática concreta, ou sobre o PDI do centro ou unha celebración, dándolle publicidade tanto no taboleiro de anuncios como na Aula Virtual ou no blog da Biblioteca. Cada trimestre proporanse unha chuvia de actividades:

PDI EN LIBRO

Escolla, entre os fondos, de libros sobre o Proxecto Documental Integrado proposto dende a biblioteca. As producións do alumnado que resulten de traballar e profundar neles recompilaranse no caderno de rexistro da biblioteca, en formato papel ou dixital.

FALAR DE LIBROS

Xuntanzas para falar en torno a un libro determinado ou libros en xeral. Este ano solicitaremos de novo a presenza de autores e autoras. O alumnado de terá a posibilidade de falar con elas e eles para comentar aspectos dos libros que lerán durante o curso escolar.

Lecturas obrigatorias, opcionais e suxeridas, adecuadas á idade e gusto do alumnado, conformarán os itinerarios lectores que marquen os distintos ciclos e niveis.

ACTIVIDADES MULTIMEDIA

O alumnado terá dentro do horario de biblioteca sesións específicas, se así o deseñan as titorías, para facer uso das novas tecnoloxías (tablet, portátil, radio, gravacións, dobraxe) coma:

NARRAR HISTORIAS COA VOZ.

Ler en voz alta textos escollidos nos que predomina a acción. Gravacións radiofónicas, podcast.

NARRAR HISTORIAS COA IMAXE

Mostrar imaxes dun libro ou proxectar diapositivas.

PROYECCIONS DE PELÍCULAS E DOCUMENTAIS.

DRAMATIZACIÓN DE LECTURAS

Lecturas dramatizadas de textos teatrais de autores clásicos e actuais.

OBRADOIROS DE ESCRITURA, CÓMICS

RECITAL POÉTICO

Selección de poemas sobre un tema para ser recitados .

O RAP.

Actividades para a aprendizaxe.

CONCURSO DE CREACIÓN LITERARIA

Concurso de relatos curtos e poesía.

CREACIÓN LITERARIA COA MÚSICA

Terá gran importancia a Aula Virtual e o Blog para a publicación e difusión das actividades realizadas dende a Biblioteca, coa finalidade de que sexan valoradas e comentadas por toda a comunidade educativa.

Fomentar a lectura mediante a dinamización da Biblioteca

Actividades relacionadas coa difusión dos fondos

- Edición de **boletíns** ou **guías de lectura e calendario** con libros seleccionados sobre diferentes temas, autores e novidades. Os boletíns colocaranse no taboleiro situado no corredor da planta principal próximo á biblioteca con imaxes adicionais que resulten atractivas e publicaranse na Aula Virtual e no Blog.
- En expositores ou mesas dos corredores, dentro ou fora do espazo físico da biblioteca, faranse **exposicións** dos libros incluídos nas guías de lectura ou das novidades. Estas exposicións temporais irán variando, segundo un calendario proposto polo Equipo da Biblioteca, adicadas a un autor, acontecemento, xénero literario, tema, conmemoración...
- Manteremos a Aula Virtual e o Blog como un espazo para falar de libros e: propor lecturas (por exemplo, o recomendador invisible), criticar lecturas, crear unha lista dos libros máis lidos, publicar apuntas, contos, poemas, etc. E sobre todo, que toda a comunidade poida coñecer e opinar sobre as actividades propostas e desenvolvidas desde a nosa Biblioteca: charlas, concursos, exposicións, visita de autores, obradoiros, lecturas en familia, lecturas colectivas...

Actividades de formación de usuarios

Para moverse con fluidez entre os distintos tipos de materiais e recursos que ofrece a Biblioteca, é necesario desenvolver unha serie de habilidades básicas. Con esta finalidade a Biblioteca deseñará programas de **formación de usuarios e colaboradores**

cos seguintes obxectivos:

- Coñecer o espazo bibliotecario, as normas de funcionamento e os servizos que proporciona. Programa MEIGA.
- Comprender como se organizan os documentos mediante a CDU. Aprender a identificar pictos, cores e numeración da CDU.
- Aprender a buscar e localizar os documentos.
- Aprender a consultar o catálogo dos fondos da nosa biblioteca manexando o OPAC
- Coñecer as fontes de información e os diferentes formatos e soportes.
- Aprender a usar os documentos.
- Manexar as novas tecnoloxías en relación coa lectura.

Actividades relacionadas co fomento da lectura

- **Espazos de lectura informal**

Potenciaremos a lectura individual colocando libros e revistas que non son obxecto de préstamo no recuncho de lectura informal, renovando prensa e revistas e creando novos espazos de lectura noutras zonas do centro. Por exemplo, os alumnos e alumnas poderán facer sesións de lectura no espazo exterior de recreo aproveitando o entorno natural privilexiado do que dispón a escola.

- **Colaboración con entidades e con bibliotecas da contorna e do Concello.**

Tentaremos de seguir colaborando coa Biblioteca do IES Praia Barraña entre outras, e ca Biblioteca Municipal propoñendolle actividades:

-Solicitud e realización de carné para utilizar na rede de bibliotecas de Galicia.

-Organizar eventos como Apadriñamentos Lectores, Interciencia ...

-Hoxe veño falar do meu libro favorito.

Invitaremos a alumnos/as, pais, nais, profesorado e outras personalidades a comentar lecturas e realizar sesións de contacontos.

Fomentar a lectura desde a elaboración de proxectos documentais

Potenciarase a realización de proxectos de investigación en todas as materias sobre o PDI do centro, utilizando fontes variadas tanto impresas como dixitais e seleccionando de forma crítica a información recompilada. O noso PDI deste curso, “Pensando en verde”, xira arredor do coñecemento das posibles accións para acadar un mundo máis sostible, para o coidado do medio ambiente, o cambio climático, a reciclaxe...

Fomento da lectura con actividades extraordinarias

Representacións teatrais e contacontos

Asistencia a diferentes representación teatrais e contacontos.

Semana do libro

Ambientación de aulas e exposición de traballos do alumnado nos corredores relacionados co Día do Libro e co noso PDI deste curso “Pensando en verde” .

Semana das Letras Galegas

Achegamento á obra de Luisa Villalta , homenaxeada no Día das Letras Galegas do 2024.

Conmemoracións

Celebración de diferentes datas significativas: día das Bibliotecas Escolares, día da Paz, día de Rosalía, día da igualdade , día contra a violencia de xénero, día da muller traballadora, día do autismo...

Creación de murais

Elaboración de diferentes murais relacionados co mundo da lectura.

Fomentar a lectura coa “HORA DE LER”

Cada aula terá un **horario** onde constará a hora de ler. O alumnado gozará co libro de lectura seleccionado na aula que lle corresponda.

Desde a Biblioteca farase unha selección, o máis ampla e variada posible (textos literarios, divulgativos, lúdicos, periodísticos...) entre os libros dispoñibles dos fondos da

mesma e a elección de textos poderá ser libre por parte do alumnado, responsabilizándose do préstamo. Para esta finalidade prestarase desde a biblioteca un lote de libros que irá rotando polas aulas. O alumnado poderá traer da súa casa os seus propios libros. Traballarase tanto a lectura individual e silenciosa, como as lecturas en voz alta e dirixidas polo profesorado que así o decida. A hora de ler farase en todas as aulas, sempre despois de subir do recreo.

Durante a hora de ler acordamos que o profesorado tamén lese para reforzar a través do seu propio hábito de lectura o ambiente lector do centro.

Fomentar a lectura co “APADRIÑAMENTO LECTOR”

Este proxecto de animación á lectura consiste en que alumnas e alumnos dos cursos superiores se converten en madriñas/padriños do alumnado de cursos inferiores para lerlles contos e animalos no proceso lector. Este curso trataremos de celebrar unha vez ao trimestre unha xuntanza entre eles, coa temática do Samaín, Día da muller...

Obxectivos:

- Mellorar a motivación pola lectura.
- Vocalización, entoación, inflexións da voz, etc.
- Fomentar as relacións interpersoais e o achegamento entre alumnado de idades diferentes.
- Desenvolver a capacidade de escoita activa e mellorar a atención e a comprensión de textos orais.

Espazos:

- A actividade se realizará nas aulas e espazos diversos.

Temporalización:

- Os encontros terán unha periodicidade trimestral e a duración das sesións será de 20 minutos aproximadamente.

Actividade

Primeira sesión:

- Os cursos superiores presentaranse aos cativos e leranlles un conto.

Sesións sucesivas:

- As aulas que apadriñan poderán escoller o conto ou interpretación que farán aos seus afillados/as, os cativos corresponderanlles con gravacións ou cartas, debuxos ou traballos manuais sobre os contos para agasallar aos padriños/madriñas

4. ESTRATEXIAS COMÚNS PARA MELLORAR A COMPRESIÓN LECTORA

A comprensión lectora é o proceso mediante o cal o lector establece relacións interactivas co contido da lectura, vincula as ideas con outras anteriores, contrástaas, argumentaas e logo saca conclusións persoais. É necesario ensinar estratexias de comprensión lectora porque queremos:

- Facer lectores e lectoras autónomos, capaces de enfrontarse de xeito intelixente a textos de moi diferente índole.
- Conseguir que o noso alumnado sexa construtor de significado, en lugar de lectores e lectoras pasivos de textos que transfiren unicamente a información.
- Contribuír a dotar ao alumnado dos recursos necesarios para aprender.

As tarefas de lectura compartida serán a ocasión para que o alumnado aprenda e use as seguintes **estratexias referidas ao proceso lector** para comprender os textos:

- Antes da lectura:
 - ➔ Botar unha ollada sobre o texto e realizar unha lectura rápida para identificar os puntos máis importantes e planificar a lectura.
 - ➔ Determinar os obxectivos da lectura (Para que vou ler?).
 - ➔ Activar os coñecementos previos. A información nova apréndese e recórdase mellor cando se integra co coñecemento relevante previamente adquirido e cos esquemas existentes (Que sei deste texto?).
 - ➔ Formular hipóteses a partir do título, das imaxes ou da lectura rápida e facer predicións sobre o texto (De que trata este texto? Que me di a súa estrutura?).

- Durante a lectura:

- Formular preguntas sobre o lido.
- Aclarar dúbidas.
- Inferir o significado dunha palabra polo contexto.
- Buscar no dicionario.
- Verificación e reformulación de hipóteses.
- Reler partes confusas.
- Crear imaxes mentais para visualizar descrições vagas.
- Resumir o texto.

- Logo da lectura:

- Identificar a idea principal do accesorio.
- Facer resumos de forma oral e/ou escrita.
- Identificar a estrutura do texto.
- Utilizar técnicas de organización do texto (esquemas, mapas conceptuais) para comprender o contido do texto, reelaboralo, adaptalo aos esquemas persoais e elaborar informes escritos.
- Formular e responder preguntas.
- Relacionar o lido con outros temas ou coñecemento.
- Opinar, comentar, falar e escribir sobre o que se le.

5. INTEGRACIÓN DAS TICs

O Plan de Lectura e o Proxecto Dixital deben complementarse para traballar nos complexos procesos de multialfabetización. A **competencia dixital e o tratamento da información** esixe que ensinemos ao noso alumnado a:

- **acceder á información** , o cal implica coñecer o funcionamento das distintas **ferramentas** proporcionadas polas novas tecnoloxías (Plan Dixital).
- **transformar a información en coñecemento**, o que supón manexar **habilidades intelectuais** como analizar, interpretar, sacar conclusións... (Plan de Lectura).
- **expresarse e comunicarse**, o cal implica **crear documentos, difundilos e tentar a interacción** social a través deles (Plan Dixital + Plan de Lectura).
- **usar correctamente a información**, o cal implica certas actitudes e valores (Plan Dixital + Plan de Lectura).

Incorporaremos as TIC nos hábitos lectores do noso alumnado do seguinte xeito:

- Empregando en todas as materias os recursos de Internet co obxectivo de motivar o proceso de aprendizaxe.
- Ensinando criterios de procura de información en Internet e enciclopedias multimedia.
- Utilizando os recursos TIC (procesador de textos, presentacións, ...) na presentación dos traballos de educación documental para mellorar a súa expresión escrita.
- Fomentando a creación dun blog e a utilización das ferramentas 2.0 para difundir os proxectos e potenciar a capacidade creativa do alumnado.

- Conseguido nas sesións de formación de usuarios que o alumnado manexe a OPAC e poida consultar o catálogo dos fondos da nosa biblioteca.
- Impulsando a lectura da prensa dixital e as visitas virtuais a museos.
- Utilizando o correo electrónico para a comunicación escolar.
- Utilizando recursos dixitais en 2º, 3º e 4º de primaria e Edixgal desde 5º EP ata 6º EP.

6. IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS NO PLAN DE LECTURA

A complicidade e apoio da familia é unha base esencial para a obtención dos logros aos que vai encamiñado este proxecto. As medidas que adoptaremos recompílanse no programa "Lectura e Familias" que xestiona a biblioteca.

As distintas actuacións configúranse en torno á idea de favorecer a implicación das familias na biblioteca e de proporcionarlles axuda e orientación na promoción da lectura dos seus fillos, estimulando e reforzando as súas capacidades como axentes fundamentais do proceso.

Para isto establécense os seguintes obxectivos estruturados en dous bloques de accións:

Biblioteca coas familias.

- Realizar charlas,coloquios e obradoiros de motivación á lectura para nais e pais.
- Involucrar aos pais na organización dos eventos culturais relacionados coa lectura, facéndoos partícipes no día internacional da Biblioteca, Día do libro, Semana Cultural...
- Divulgar recursos e plataformas dixitais de lectura acordes as súas necesidades.
- Informar periodicamente de novidades literarias e ofrecer consellos sobre o apoio ás lecturas dos os seus fillos, dependendo da idade e madurez dos mesmos.
- Presentar a biblioteca como un espazo de encontro,aberto a moitas posibilidades.
- Crear unha sección para familias dentro dos fondos da biblioteca.
- Incentivar a súa participación na selección de fondos.
- Potenciar o préstamo fora do horario escolar.
- Publicitar a lectura e lecturas nas zonas de acceso ao centro e nas entradas, utilizando QR.

Familias coa biblioteca.

- Colaborar en actividades como a mochila viaxeira, o diario de viaxes...
- Organizar obras de teatro.
- Participar na radio escolar.
- Colaborar na biblioteca: préstamo, organización, concursos, decoración....

- Crear bibliotecas persoais en familia.
- Participar en "mercadillos" ou feiras de libros.
- Participar en contacontos, lecturas colectivas...

O equipo de dinamización da biblioteca xunto co profesorado titor tentará manter a actividade "Ler en Familia". O obxectivo é facer consciente ao alumnado de que a lectura tamén é posible fóra da escola e implicar á familia en crear un hábito lector. Así, pais, nais, avós, avoas, tíos, tías... foron e serán convidados a relatar as súas experiencias como lectores e lectoras, a ler e a recomendar un libro. A presentación corre a cargo do alumnado de quen é familia o relator. Outro dos obxectivos é facer ver ao alumnado que a lectura non é só unha actividade académica, senón que fóra do ámbito da escola as persoas gozan do pracer de ler.

Estas actividades traballaranse ao longo dos distintos trimestres, unhas, coincidindo con momentos e tempos concretos e outras, ao longo de todo o ano.

7. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A valoración do Plan anual de Lectura ten que ser continua, a partir da observación permanente e reflexiva e debe permitir coñecer o grao de consecución dos obxectivos previstos con obxecto de mellorar o Plan de Lectura e proporcionar datos para adoptar medidas correctoras.

O centro redactará ao final de cada curso escolar un **informe de autoavaliación** que incluíra os seguintes aspectos:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Progreso do alumnado en relación coa adquisición de hábitos lectores e a mellora da súa competencia lectora.
- Relato do desenvolvemento das experiencias propostas no Plan Anual de Lectura.
- A análise da biblioteca: fondos e equipamento, estatística dos servizos bibliotecarios, a súa integración e utilización na práctica ensino- aprendizaxe e valoración das actividades de educación documental e de fomento da lectura realizadas.
- As propostas de mellora, se as houberse, que se incorporarán na Programación Xeral Anual do próximo curso.

Aplicaremos os seguintes **criterios de avaliación**:

- Eficacia do sistema de xestión (Proxecto MEIGA) dos fondos: catalogación, servizo de préstamo, colocación nos andeis, etc.
- Grao de utilización polo profesorado e polo alumnado tanto en grupo como individualmente.
- Adecuación das diferentes actividades desenvolvidas na biblioteca ao que se pretendía con elas.
- Grao de satisfacción que a lectura produce no alumnado.
- Desenvolvemento de hábitos de traballo cooperativo entre profesorado e alumnado.
- Grao de autonomía do alumnado como usuario de biblioteca.
- Utilización dos recursos multimedia da biblioteca: adecuación aos obxectivos propostos (lectura documental e traballo a partir dela).

- Grao de renovación e actualización dos fondos.

Para obter unha información o máis completa e obxectiva utilizaremos un abano o máis amplo posible de **instrumentos de avaliación**:

- Observación de diarios de lectura e cadernos. O profesorado rexistra o progreso de cada alumno na comprensión lectora mediante o traballo diario na aula.
- Probas escritas ou orais: resumos, exposicións orais, cuestionarios sobre aspectos concretos, tests de respostas múltiples, elixir entre verdadeiro ou falso, ordenar un texto, buscar a idea principal, establecer a estrutura, definir vocabulario.
- As tarefas de lectura compartida poden ser utilizadas polo profesorado para proceder á avaliación formativa da lectura do alumnado e do proceso mesmo, constitúen a ocasión para que o alumnado comprenda e use as estratexias que lle son útiles para comprender os textos.
- Conversacións informais sobre os libros lidos.
- Autoavaliación do alumnado: implicar o alumnado na avaliación para analizar conxuntamente as súas dificultades concretas.
- Blog e sitios web: comentarios dos libros e as actividades de dinamización de lectura.
- Participación nas actividades promovidas pola Biblioteca.
- Análise e obtención de conclusións dos datos obtidos do servizo de préstamo de fondos sobre a incidencia nos hábitos de lectura dos nenos e nenas.
- Análise de enquisas pasadas ao alumnado e profesorado sobre o uso da biblioteca e a súa valoración da mesma.
- Facer unha valoración dos traballos e actividades realizados tendo como eixe a biblioteca.
- Reflexionar sobre a inclusión de aspectos lúdicos ou doutra índole (exposicións, proxeccións de cine, etc.) nos espazos da biblioteca.



“O autor só escribe a metade dun libro.
Da outra metade debe ocuparse o lector”.

J. Conrad



PROXECTO DE ACTUACIÓN
CLUB DE LECTURA “MOUCHOMOUCIÑAS”
CEIP PLURILINGÜE PRAIA XARDÍN
CURSO 2023-24



ÍNDICE

Introdución

Finalidades do club de lectura

Actividades previstas. Breve descripción dos escenarios previstos

Actividades específicas de impulso á lectura en galego

Actividades para incentivar a participación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Composición, número de grupos e número de participantes aproximado

Forma de organización e funcionamento

Horario e calendario previsto para as reunión de carácter presencial

Medios previstos para a súa difusión entre a comunidade escolar



CLUB DE LECTURA "MOUCHOMOUCHIÑAS"

Introdución.

Dende hai varios anos levamos planificando dende a Biblioteca actividades encamiñadas á mellora da competencia lectora do noso alumnado e, dentro deste contexto, incluimos, entre ditas medidas, a posta en funcionamento dun club de lectura que está en activo dende o hai seis anos. Cremos que é un dos medios que mellor pode contribuír a favorecer o hábito lector, a lectura por pracer e o desenvolvemento de lectores críticos entre o noso alumnado.

Finalidades do club de lectura.

Establecendo como puntos de partida a mellora da comprensión lectora individual e grupal e a estimulación do gusto pola lectura e os libros, e tendo en conta sempre a diversidade do noso alumnado, pretendemos:

- Desenvolver a imaxinación, a creatividade e a sensibilidade.
- Despertar o espírito crítico.
- Dialogar, discutir e argumentar opinións entono ás obras .
- Potenciar a reflexión e a meditación do que se le.
- Adquirir fluidez e soltura na expresión oral das ideas.
- Ampliar coñecementos e vocabulario.
- Fomentar actitudes favorables cara a literatura.
- Cultivar a educación emocional e axiolóxica.

Todos estes obxectivos recóllense, de xeito explícito, no Proxecto Lector de Centro coordinado dende a biblioteca escolar. Considerase que esta liña común de traballo vai favorecer a consecución das finalidades iniciais.

Actividades previstas. Breve descrición dos escenarios previstos.

A actividade esencial será sempre a lectura de libros, que se compaxinará con actividades diversas que complementen ás lecturas, nas que se buscará conxugar a aprendizaxe co entretemento e, o debate e o espírito crítico coa socialización. Daremos forma ás seguintes:

- Anotar nun caderno unha pasaxe favorita para lela en voz alta e compartila cos demais.

- Proxectar curtas ou documentais relacionados co libro ou co autor.
- Facer un itinerario literario do autor.
- Facer visitas reais ou virtuais, segundo sexa, dos lugares, cidades ou monumentos relevantes que aparecen no libro.
- Montar unha exposición do libro e/ou do autor con elementos, materiais e obxectos que escenifiquen ou evoquen o seu contido.
- Organizar un encontro con autoras/es ou co ilustradoras/es.
- Recrear a temática do libro, a súa época ...
- Visitar lugares relacionados cos libros e a lectura.
- Organizar un roteiro.
- Montar unha exposición-coloquio radiofónica relacionada co libro.

No caso da suspensión das reunións presenciais, o club seguirá en contacto a través da aula virtual da biblioteca, onde hai creado un curso para o "club de lectura". Nel iranse publicando as actividades e servirá como canle de comunicación e contacto no suposto de que as reunións teñan que ser virtuais.

Actividades específicas de impulso á lectura en galego.

Sempre que sexa posible a selección das lecturas será en lingua galega e primarase o galego como lingua de expresión nas reunións, tanto nos debates como nas composicións. Farase unha selección de autores galegos, locais ou de localidades próximas, que teñan escrito libros axeitados para os nosos lectores. Proporase:

- Elaborar unha guía de autor@s do propio concello e de concellos limítrofes.
- Facer unha selección de títulos dos autor@s antes mencionados dirixidos ao público infantil e xuvenil.
- Distribuír polas distintas dependencias do colexio tarxetas con textos, parágrafos, versos ... deses autor@s.

Actividades para incentivar a participación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- Incluír, dentro dos fondos a seleccionar, libros de lectura fácil que permiten un achegamento á lectura e á súa comprensión axeitado ós distintos niveis dos lectores.
- Facer sesións onde prime a lectura colaborativa: lecturas orais, significado das palabras, exposicións de vivencias do libro semellantes á súa realidade ...
- Adaptar as actividades á diversidade do club.

Composición, número de grupos e número de participantes aproximado.

<u>Coordinadora</u> Mestra responsable da Biblioteca.	<u>Número de grupos:</u> Catro grupos, de entre seis e dez participantes.
<u>Mestres participantes</u> Catro docentes: titores e especialistas.	<u>Número de participantes:</u> Alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria.

Forma de organización e funcionamento.

As técnicas empregadas para levar a cabo o proxecto empregaran unha metodoloxía aberta, inclusiva e cooperativa.

Primeira sesión:

- Achegamento dos membros do grupo. Posta en común dos seus gustos e expectativas con respecto á actividade.
- Explicación por parte da coordinadora de en que vai consistir a experiencia.
- Selección das lecturas .
- Elaboración dunha axenda-calendario de lectura e marcar nela as posteriores reunión e o que imos ler.

Función da coordinadora:

- Moderar as reunión.
- Recoller e transmitir ao grupo a mensaxe do libro.
- Considerar nas sesión preguntas e cuestión que estimulen á participación de todos.
- Organizar as actividades previstas.

Función do grupo:

- Asistir de forma periódica.
- Levar a lectura ao día.
- Respetar a quenda de palabra, saber escoitar e coidar o material.
- Ser responsable.

Horario e calendario previsto para as reunión de carácter presencial.


Lugar de reunión: aula de usos múltiples, aula de informática, biblioteca e espazos ao aire libre dentro da contorna do centro.

Periodicidade das reunións: unha vez cada quince días ao principio e logo unha vez ao mes.

Duración: 30 minutos, no tempo de lecer do alumnado.

Medios previstos para a súa difusión entre a comunidade escolar.

A difusión do club de lectura farase a través de varias canles: na Comisión de Coordinación Pedagóxica, no Claustro, no Consello Escolar, nas reunións de pais, nos taboleiros informativos da biblioteca , nos corredores do centro, na súa paxina web e na aula virtual.



INDICE

1. INTRODUCCIÓN	4
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	5
3. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	6
4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES	6
4.1.-CRITERIOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO	7
4.2.- ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (NEAE)	8
4.3.-MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	8
4.4.-CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	9
5. OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS	9
5.1 OBXETIVOS XERAIS	10
5.2 OBXETIVOS ESPECÍFICOS E ACTUACIÓNS	11
6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E MEDIDAS	16
7. CONCRECIÓN DE ACTUACIÓNS DOS DIFERENTES PROFESIONAIS	17
8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN	19
8.1. COORDINACIÓN INTERNA E COS CENTROS ADCRITOS	19
8.2. COORDINACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS	20
9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.	21
9.1. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN	21
10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA	22
10.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	23



10.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	24
10.3. SEGUIMENTO E PROPOSTA DE MELLORA	24
11. BIBLIOGRAFÍA	25
11.1. REFERENCIAS LEXISLATIVAS	25
11.2. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	26
11.3. WEBGRAFÍA	26
ANEXOS	
PLAN DE APOIO PT	
PLAN DE APOIO AL	

1. INTRODUCCIÓN

O *Plan Xeral de Atención a Diversidade* para o presente curso 2023-24 do CEIP Praia Xardín, recolle fundamentalmente os obxectivos e propostas explícitos na *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE)* tendo en conta a nova *Lei Orgánica 3/2020, 29 decembro (LOMLOE)*, *sin esquecer o enfoque do Deseño Universal de Aprendizaxe que identifica as barreiras desta e promove a ensinanza inclusiva* ; ambas contemplan a orientación educativa e profesional coma un medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

“No conxunto da etapa, a orientación e a acción titorial acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado”(art.18.6)

Para a súa confección partimos dos plans e memorias de cursos anteriores coa finalidade de dar continuidade a intervención educativa, contando, para o seu desenvolvemento e aplicación, coa participación de todo o equipo docente.

Entre outras, a finalidade deste plan é potenciar a colaboración da comunidade educativa: familia, alumnado, escola e contorna, a fin de optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe e de facilitar a adquisición dunha formación integral de todo o alumnado como base dunha preparación, non só informativa e conceptual, senón e sobre todo, formativa e significativa; abranguendo a formación en actitudes e habilidades sociais dacordo coas esixencias dun saber vivir e convivir nunha sociedade multicultural, multiétnica e en definitiva, diversa.

Polo tanto, entendemos a orientación como un deber compartido por todo o profesorado do centro coas responsabilidades propias das diferentes tarefas que desempeñamos e debe estar coidadosamente planificada, marcándose uns obxectivos a partir da análise da realidade, programándose actuacións concretas, deseñándose estratexias específicas e organizándose os espazos e tempos nos que



se desenvolverá o planificado. Ademais débese contemplar unha avaliación e seguimento da consecución dos obxectivos coas correspondentes propostas de mellora.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Este Plan pretende ser un documento práctico e dinámico. Polo que temos que planificar para unha realidade e características singulares que a definen e condicionan, e para unhas necesidades propias ás que temos que dar resposta.

Para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer as peculiaridades do contorno ao que vai dirixida e no que se vai desenvolver: características do alumnado, profesorado, familias, organización do centro educativo, medios materiais, recursos humanos,...

O C.E.I.P. Praia Xardín está ubicado en Boiro, unha vila costeira duns 19.000 habitantes; conta cun total de **213 nenos e nenas** procedentes do entorno rural e do casco urbano. Componse de 13 unidades, unha para cada un dos niveis do segundo ciclo de Educación Infantil e 10 de Educación Primaria.

O Departamento de Orientación conta con dous especialistas en Pedagogía Terapéutica e dous en Audición e linguaxe, unha compartida co IES A Cachada, onde acude un total de 6 sesións á semana.

Por outra banda, ten un centro adscrito, o CEIP de Pazos – Comoxo.

3. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Josefa Vázquez Duarte	Xefa do D.O.
Inmaculada Concepción Romero García	Especialista en PT
Mercedes Carballal López	Especialista en PT
Lara Veiga Barreiro	Especialista en AL
Paula Neira Fernández	Especialista en AL compartida co IES A Cachada
Cristina Granja Calvelo	Coordinadora de E.I.
Ana Castro Liñares	Coordinadora 1º ciclo EP.
Carmen Pérez Oujo	Coordinador 2º ciclo EP.
José Manuel Vilas Silva	Coordinador 3º ciclo E.P.
Manuel Ferro Dios	Responsable do CEIP adscrito Pazos- Comoxo

4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A identificación e valoración das necesidades é un proceso que abrangue un amplo abano de información proporcionada pola comunidade educativa a través de diversos medios: observación directa, enquisas, entrevistas, reunións, Memorias e Plans anteriores, informes psicopedagóxicos; informes do profesorado especialista en PT e AL e a información transmitida polos docentes trala avaliación inicial.

As necesidades educativas máis estendidas neste contexto refírense a:

- Desenvolvemento de hábitos e destrezas de autoaprendizaxe na procura da independencia e autonomía do alumnado.
- Seguemento e actuación dos expedientes do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas do alumnado derivado ao departamento.

- Revisar e actualizar as medidas de reforzo e intervención do alumnado.
- Diseñar medidas de atención á diversidade.
- Fomento de hábitos e técnicas de estudo entre o alumnado
- Mellora da convivencia escolar e da comunicación centro-familias.

4.1.-CRITERIOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO

O plan vai dirixido á totalidade do alumnado do centro, pero as medidas extraordinarias están dirixidas aos alumnos/as que presentan neae, **na seguinte orde:**

- 1.- Alumnado que presenta necesidades educativas especiais, é dicir, aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
- 2.- Alumnos/as que presenten dificultades específicas de aprendizaxe que require modificacións significativas do currículo en parte ou en todas as áreas ou materias e que precisan da utilización de recursos moi específicos ou excepcionais, así como aquel que ten necesidades que non poden ser atendidas coas medidas de atención á diversidade ordinarias. Inclúese neste apartado o alumnado con TDAH que precise de apoios extraordinarios
- 3.- Alumnado de integración tardía no sistema educativo que descoñeza as dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma e/ou presente desfase curricular significativo e/ou graves dificultades de adaptación.
- 4.- Alumnado que presente unha situación de desvantaxe social, familiar e/ou cultural provocándolle un irregular proceso de ensinanza-aprendizaxe coa existencia de diferenzas significativas no acceso ao currículo ordinario.
- 5.- Alumnado con Altas Capacidades Intelectuais.
- 6.- Alumnado que non promocióne, e dicir, que permaneza un ano máis no nivel, ciclo ou etapa, cando fosen esgotadas ou resulten insuficientes as medidas ordinarias. Así como aquel que promocióne con algunha área suspensa e precise de apoios extraordinarios.

4.2.- ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (NEAE)

ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (NEAE). Ao falar de NEAE, referímonos a aquel alumnado que requira unha atención diferente á ordinaria por presentar: necesidades educativas especiais, TDAH, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, por incorporarse dun xeito tardío ao sistema educativo ou por condicións asociadas á historia persoal e escolar ou a situacións sociais ou culturais significativas no acceso ao currículo ordinario, e polo tanto, requiran apoios e atención educativas específicas.

4.3.-MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Segundo a **Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011** que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, as medidas clasifícanse en: ordinarias e extraordinarias.

Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario, mentres que as de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as primeiras.

4.4.-CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Para a aplicación das medidas extraordinarias de atención á diversidade propostas, teranse en conta os seguintes criterios:

- Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

- Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da Dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, previo informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación (informe de avaliación psicopedagóxica do Centro Educativo, do Equipo de Orientación Específico ou Ditame de escolarización) que debe recoller a conveniencia de levar a cabo ditas medidas. De non existiren estes documentos deberá solicitarse a realización dunha avaliación á Xefatura do Departamento de Orientación (solicitude dos titores, pais, equipo directivo...).

5. OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS

Dado o carácter aberto e flexible deste Plan os obxectivos formulados enmárcanse nunha proposta de traballo a medio-longo prazo que se irá enriquecendo , ao longo do curso, coa evolución do mesmo.

Para a redacción dos obxectivos tense en conta a importancia da función orientadora no sistema educativo actual; as funcións e os ámbitos de actuación do Departamento de Orientación establecidas na lexislación vixente, a análise das necesidades, características e recursos do centro e os da contorna; os valores, obxectivos e prioridades de actuación e as decisións e opcións da comunidade educativa explícitas no PEC e na CCP que levan a determinar os obxectivos que deben guiar a acción do D.O..

5.1 OBXETIVOS XERAIS

- Atender ao alumnado con NEAE: ao que presente Necesidades Educativas Especiais (NEE) e sempre favorecendo a inclusión e participación do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica do centro.

- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos documentos do centro, incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención á diversidade do conxunto do alumnado e

asesorando nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, avaliación, recuperación, criterios de promoción,...

- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que optimicen a atención educativa proporcionada ao alumnado.

- Contribuír á identificación e detección temperá de dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.

- Apoiar a convivencia no centro coa implicación de toda a comunidade educativa.

- Fomentar a implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas e na vida do centro.

- Establecer canles de comunicación e coordinar actuacións cos diferentes servizos e institucións.

- Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo dos alumnos e axudarlles a afrontar adecuadamente os momentos escolares decisivos ou de maior dificultade.

- Asesorar e apoiar a comunidade educativa e, en particular, aos órganos de goberno do centro, para impulsar o desenvolvemento do centro educativo en todos os ámbitos.

- Coordinación do benestar e protección e dinamización da Convivencia, a través da figura da persoa coordinadora para tal fin no Centro. (Orde 23 Agosto de 2023)

5.2 OBTETIVOS ESPECÍFICOS E ACTUACIÓNS

O Decreto 120/1998, do 23 abril, que regula a orientación educativa e profesional na CCAA de Galicia e a Orde do 24 de xullo de 1998, que o desenvolve, xunto coas circulares regulan a organización e funcións dos servizos de orientación en Galicia.

No seguinte cadro, e partindo da Circular 10/2010, seguimos unhas liñas prioritarias de actuación; os obxectivos específicos, a temporalización e as propostas de

actuación a desenvolver por este Departamento durante o curso escolar 2023-2024, clasificándoas en función ao grupo ao que van dirixidas, son as que seguen:

TÁBOA I – CENTRO		
OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TEMPORAL
Organizar o funcionamento do Departamento de Orientación.	Organización do espazo do D.O.	1º Trimestre
	Elaboración da concreción do Plan Xeral de Atención a Diversidade.	1º Trimestre
	Asistencia ás reunións do D.O. do IES ao que estamos adscritos.	Todo o curso
	Recollida de información do alumnado.	Todo o curso
	Actualización do rexistro de materiais do D.O.	1º T
	Convocatoria e presidencia das reunións do D.O.	Todo o curso
	Revisión de documentos non actualizados.	Todo o curso
	Elaboración da memoria de final de curso.	1ºT
		Fin de curso
Valorar as necesidades de material específico.	Adquisición e inventario do material e equipamento para o D.O. Confección de fichas e rexistros.	Todo o curso
Aportar recursos para a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares.	Seguimento dos pasos no proceso de toma de decisións co alumnado con NEAE.	Todo o curso
	Elaboración da proposta de organización dos apoios.	Todo o curso
Participar na recollida e actualización de datos sobre as medidas de atención á diversidade postas	Colaboración co profesorado na revisión dos expedientes académicos e valorar as medidas postas en marcha o curso anterior.	Todo o curso

en marcha no centro.		
Atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	Confección de horarios para o alumnado con NEAE. Colaboración na elaboración dos programas de intervención. Adquisición de material específico.	Todo o curso Todo o curso Todo o curso
Colaborar cos distintos organismos que contribúan a mellorar a labor orientadora.	Establecemento de contactos cos distintos profesionais externos ao centro, que inciden na atención aos alumnos con neae (E.O.E., Servizos Sociais do Concello, centros específicos, diversas asociacións (SAT, AMICOS, etc.),...)	Todo o curso Todo o curso

TÁBOA II – PROFESORADO

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TEMPORAL
Colaborar co profesorado na avaliación inicial do alumnado.	Participación, por demanda do profesorado, na avaliación inicial.	Inicio do curso
Identificar as necesidades do alumnado con neae concretando pautas de intervención.	Realización de avaliacións psicopedagóxica e elaboración de programas de intervención para o alumnado con NEAE. Coordinación do profesorado na atención do alumnado con NEAE.	Todo o curso Todo o curso
Valorar e asesorar na atención á diversidade.	Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, ditames de escolarización e informes psicopedagóxicos que se demanden.	Todo o curso

	Valoración das medidas necesarias de atención á diversidade. Asesoramento ao profesorado na realización e seguimento das medidas de atención a diversidade.	Todo o curso Todo o curso
Contribuír ao proceso de avaliación.	Participación nas reunións de avaliación.	Todo o curso
Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe.	Asesoramento na posta en marcha de programas que melloren a autoestima dos menores, de habilidades sociais, ...	Todo o curso
Continuar coa actualización do Plan Xeral de Atención á Diversidade.	Realizar as modificacións oportunas, derivadas das necesidades, para unha boa acción orientadora; plasmándoas na Memoria.	Todo o curso

TÁBOA III - ALUMNADO

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TEMPORAL
Avaliar as necesidades do alumnado derivado ao D.O..	Realización de avaliacións psicopedagóxicas por demanda do profesorado.	Todo o curso
Potenciar a Orientación para todos.	Observación de xeito sistemático das condutas, aprendizaxes,... do alumnado empregando técnicas como cuestionarios, rexistros, escalas de observación,...	Todo o curso
Coñecer o rendemento académico do alumnado.	Observación sistemática do alumnado. Asistencia as reunións de avaliación. Comunicación e coordinación continua co	Todo o curso Todo o curso

	profesorado.	Todo o curso
Facer un seguimento de rendemento académico dos alumnos	Detección de dificultades na aprendizaxe, en colaboración cos docentes.	Todo o curso
Posibilitar o máximo desenvolvemento das potencialidades do alumnado, especialmente dos que presenten n.e.a.e.	Asesoramento e colaboración nas medidas de reforzo tanto ordinarias como extraordinarias.	Todo o curso
Proporcionar apoio e asesoramento ó alumnado nos momentos difíciles da súa escolarización: cambio de centro, etapa, resolución de conflitos persoais,...	Establecemento de contactos directos informais co alumnado cun clima cálido e de confianza. Charlas e debates nas diferentes aulas.	Todo o curso Todo o curso

TÁBOA IV- FAMILIAS

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TEMPORAL
Cooperar nas relacións do centro coas Familias.	Entrevistas. Postas en común e intercambio de opinións na toma de decisións.	Todo o curso
Asesorar ás familias para afrontar as dificultades que atopen na educación do alumnado	Pautas referidas a hábitos de estudo, hixiene, autoestima, convivencia, respecto ás diferenzas, educación en valores,...	Todo o curso

Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.	Informar ás familias sobre os resultados obtidos nas avaliacións psicopedagóxicas. A Información aos pais sobre as medidas a tomar con respecto ao alumnado con NEAE. Información as familias de axudas e asistencia para alumnos con NEAE.	Todo o curso Todo o curso 1º Trimestre
Convidar e informar as familias dos/das alumnas/os NEAE, que o precisen, da existencia de moitas ferramentas importantes ó seu alcance.	Convidar ás familias ou dar a coñecer os "Espazos-Familia" e as charlas e obradoiros que se desenvolven ; que sexan sabedoras dos protocolos da Xunta ou a recente nomeada figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia.	Todo o curso

TÁBOA V- SERVIZOS EXTERNOS		
OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TEMPORAL
Reunión con Servizos Externos	Toma de contacto e 1º intercambio de información: Amigos (CEE cun alumno en escolarización combinada; Servizos Sociais do Concello de Boiro; UACO (Raogal), SAT (ao que acoden alumnos do centro)....	Todo o curso e según as necesidades.

Todo isto, sen esquecer as actuacións relacionadas coa convivencia, ás referidas á formación permanente, á investigación, experimentación e á innovación, e facilitando, en forma e prazo, a información que se demanda na aplicación informática "DRDorienta".

6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E MEDIDAS

Potenciarase a atención a Educación Infantil con carácter preventivo, tendo en conta as características evolutivas do alumnado.

Cando as condicións e necesidades do centro o permitan, o profesorado adicará parte das súas horas libres lectivas, á atención de alumnado de reforzo, preferiblemente do nivel en que imparta clase. Estes apoios faranse preferentemente dentro da aula. Intentarase que un mesmo alumno ou alumna sexa atendido polo menor número posible de profesionais.

Os apoios ás NEE efectuaranse tanto dentro da aula ordinaria coma nas aulas específicas, segundo as necesidades de intervención e as posibilidades organizativas.

Os agrupamentos para a intervención fóra da aula ordinaria con alumnado con NEE ou con dificultades específicas realizaranse segundo as necesidades educativas do alumnado co que se intervén e os recursos dispoñibles.

Traballarase individualmente fóra da aula ordinaria nos casos que as características do alumnado así o requiran. Por exemplo, por dificultades de atención ou por problemas de conduta. O mesmo que nos casos de atención pola especialista de AL cando proceda a realización de praxias buco-fonatorias.

Cando o permita a organización do centro, os apoios realizaranse en horas que non sexan de especialidades.

En caso de atención en aula específica procurarase coordinar o horario coa clase ordinaria para facilitar o traballo na mesma área.

Ao remate de cada curso, de cara á organización do seguinte, levarase a cabo unha previsión sobre a cantidade de horas de apoio para os escolares, en función das necesidades detectadas.

7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DIFERENTES PROFESIONAIS.

PROFESIONAIS	ACTUACIÓNS
TITORES E TITORAS	<p>Elaboración, posta en práctica, seguimento e valoración das programacións de aula.</p> <p>Aplicación de medidas ordinarias de atención á diversidade.</p> <p>Cumprimentarán o Protocolo de Derivación.</p> <p>Colaboración co Departamento de Orientación.</p> <p>Comunicación coas familias.</p> <p>Concreción e implementación do Plan de Acollda.</p> <p>Elaboración e implementación de ACS.</p>
PROFESORADO ESPECIALISTA	<p>Elaboración, posta en práctica, seguimento e valoración da programación de aula.</p> <p>Aplicación de medidas ordinarias de atención á diversidade.</p> <p>Coordinación cos/as titores/as .</p> <p>Comunicación coas familias.</p> <p style="text-align: center;">Elaboración e implementación de ACS.</p>
MESTRES ESPECIALISTAS EN PT E AL	<p>Colaboración coa orientadora nas avaliacións psicopedagóxicas</p> <p>Redacción e aplicación dos Programa de intervención.</p> <p>Aplicación directa do apoio individualizado.</p> <p>Colaboración na implementación de ACS.</p> <p>Coordinación coa titoría e coa orientadora.</p>
PROFESORADO CON DISPO. HORARIA	<p>Aplicación directa do Reforzo Educativo.</p> <p>Coordinación coa titoría e coa orientadora.</p>
	<p>Asesoramento ao profesorado e ás familias.</p> <p>Valoración das necesidades do alumnado.</p> <p>Realización de avaliacións psicopedagóxicas.</p> <p>Deseño do horario de atención educativa.</p> <p>Identificación dos grupos de alumnado susceptibles de recibir apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.</p>

ORIENTADORA	Realización de informes. Seguimento do RE. Asesoramento na elaboración de ACS. Coordinación das medidas e os axentes implicados. Comunicación coas familias. Solicitude de colaboración do EOE ou doutras institucións ou servizos. Redacción do Plan de Orientación
EQUIPO DIRECTIVO	Inclusión do PXAD na PXA. Desenvolvemento, seguimento e avaliación do PXAD. Autorización da aplicación das medidas extraordinarias ou solicitude de autorización das mesmas onde corresponda. Designación do profesorado con dispoñibilidade horaria para prestar apoios. Coordinación de xuntanzas para adoptar decisións sobre a elaboración de ACS.
C.C.P.	Elaborar directrices para o Plan Xeral de Atención á Diversidade.
CLAUSTRO	Propoñer o PXAD ao Consello Escolar.
CONSELLO	Aprobación do PXAD.
COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA	Elaborar o plan de traballo para incluír na PXA. Cumprir os obxectivos do plan. Facer o seguimento e a súa difusión a través de diversas canles (Anpas, charlas informativas...).

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

8.1. COORDINACIÓN INTERNA E COS CENTROS ADSCRITOS

A fin de optimizar a coordinación interna e conseguir un traballo organizado, sistemático e con resultados positivos, establécense diversas reunións:

- Reunións do DO.
- Reunións do profesorado de PT e AL coas titorías .
- Reunións de CICLO.
- Reunións da CCP.
- ...

Respecto ao centro adscrito, a coordinación levarase a cabo a través de reunións da orientadora co responsable do centro.

Co IES ao que estamos adscritos, desenvolveranse reunións entre os respectivos departamentos de orientación e entre equipos directivos coa finalidade de transmitir a información necesaria do alumnado obxecto de medidas de atención á diversidade e de facilitar o proceso de transición entre etapas educativas.

8.2. COORDINACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS

O Decreto 229/2011 dispón que “Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado ...”e que estas recibirán “... información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros”. Esta colaboración e coordinación, levarase a cabo durante o curso en reunións periódicas segundo a necesidade.

Realizaranse reunións informativas ao inicio do curso do titor ou titora coas familias.

Levaranse a cabo reunións coa orientadora, a demanda, tanto das familias como do departamento.

Ademais realizaranse reunións frecuentes e a demanda cos Servizos Sociais do concello, con SAT de Pobra (Servizo de Atención Temperá), con AMICOS, Servizos de neuropediatría e psicoloxía do Hospital do Barbanza e CHUS, cos centros privados/

concertados aos que acoden o alumnado con necesidades do noso centro ... con fin de que exista unha atención coordinada que axude a un bo desenvolvemento do alumnado. Sempre contando co consentimento, por escrito, das familias.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

As medidas extraordinarias de Atención a Diversidade, tal e como establece a **Orde o 8 de setembro de 2021** son aquelas dirixidas ao alumnado con necesidade específicas de apoio educativo, que poden requirir modificacións significativas do currículo ou cambios esenciais no ámbito organizativo, no elementos de acceso ou na modalidade de escolarización; entre elas atopamos, as Adaptacións Curriculares, os agrupamentos flexibles, as flexibilizacións da duración do período de escolarización, a atención do profesorado especialista en PT e AL, ...

Estas aplicaranse logo de esgotadas as medidas ordinarias e previo informe psicopedagóxico elaborado polo Departamento de Orientación.

9.1. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN

Unha vez que o profesorado titor ou outro especialista detectan necesidades no alumnado deberá poñelo en coñecemento do Departamento de Orientación e iniciárase o protocolo de derivación:

1º Solicitud de intervención por parte do profesorado, a través do documento de derivación (Documento coñecido pola comunidade educativa, onde consten os datos identificativos do alumno ou alumna, o motivo da demanda e as necesidades

detectadas, as medidas ordinarias postas en práctica ata o momento, o estilo de aprendizaxe e a relación coa familia)

2º Reunión do profesorado titor para informar do proceso que se vai a levar a cabo e as razóns do mesmo. (Co respectivo documento asinado pola familia no que conste que foi informada do proceso e súa vontade sobre o mesmo)

3º Recollida de información, por parte da Orientadora, a través dunha entrevista familiar.

4º Realización dunha avaliación psicopedagóxica por parte do departamento.

5º Elaboración do informe psicopedagóxico correspondente.

6º Posta en marcha das medidas necesarias recollidas no informe.

7º Seguimento do caso.

No caso de determinadas medidas serán precisas diferentes autorizacións, como poden ser de Dirección, Inspección ou Xefatura Territorial; casos nos que se realizarán os trámites oportunos como establece a Orde do 8 de setembro.

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora. Así, debemos fixar uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

Co obxecto de mellorar o plan do D.O., e de ir introducindo as modificacións pertinentes, derivadas da súa posta en marcha, será necesario realizar unha avaliación do mesmo, para a que se fará:

Unha **avaliación inicial** coa recollida de datos e suxestións para o Plan Xeral do D.O.

Unha **avaliación** procesual coa recollida de información a través das reunións periódicas do D.O e das sesión de avaliación.

E unha **avaliación final**, na que se valorará a implementación, adecuación e consecución dos obxectivos do Plan.

Esta avaliación deberá centrarse tanto no deseño do plan como dos diferentes programas do DO (adecuación ó contexto e necesidades, calidade técnica, ...) coma no seu desenvolvemento (implementación do programa, clima no que se desenvolve, efectos non previstos,...) e nos seus resultados e será realizada polo departamento de orientación, contando coas aportacións dos diferentes participantes.

10.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios vannon permitir facer un seguimento e avaliación da concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade , relaciónanse directamente cos obxectivos plantexados nel e veñen determinados por :

- Consecución dos obxectivos previstos.
- Realización das actuacións previstas.
- O grado de axuste á realidade do colexio.
- Grao de resposta ás necesidades do centro e do alumnado.
- Grao no que se levaron a práctica os puntos programados.
- Nivel de aceptación e valoración dos diferentes sectores da comunidade educativa.
- Nivel de participación dos distintos implicados e coordinación cos mesmos.

10.2. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Para a avaliación deste plan empregaremos procedementos e instrumentos como:

- Reunións de coordinación
- Cuestionarios, entrevistas
- Análise de documentos, dos resultados escolares , do clima de convivencia...
- Desenvolvemento das accións prioritarias e modificacións e actuacións

introducidas.

- Reunións celebradas e participación nas mesmas.
- O numero de demandas recibidas e atendidas.
- E outras que poidan xurdir.

10.3. SEGUIMIENTO E PROPOSTAS DE MELLORA.

O seguimento realizarase a través das reunións do Departamento de Orientación e a través da análise por parte do profesorado do centro de aspectos como o grao de desenvolvemento persoal do alumnado, a integración do mesmo no grupo, o axuste das medidas de atención a diversidade adoptadas, a participación do profesorado na atención á diversidade, o grao de consecución dos obxectivos propostos para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, a participación e implicación das familias na vida do centro en xeral, e nos programas que se desenvolven en particular, ...

Este seguimento ten como principal finalidade realizar as propostas de mellora oportunas ao longo do proceso; facendo de este documento algo aberto e flexible, podéndose adaptar as necesidades e peculiaridades que vaian xurdindo .

11. BIBLIOGRAFÍA

11. 1 . REFERENCIAS LEXISLATIVAS

- Lei Organica 2/2006, do 3 de maio, de Educacion.
- . Lei Orgánica 3/2020, 29 diciembre, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei organica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96).
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 02/09/97).
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 27 de Abril de 1998)
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- . Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para Coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

11.2. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Ainscow, M. (2001). *Escolas inclusivas. Aprender da diferenza. Cadernos de Pedagogía, 307, 44-49*

Ainscow, M. e Booth, T. (2002). *Index for Inclusion: Developing Learning and Participation in Schools.* Bristol: CSIE

Alves, R. (1996). *A alegría de ensinar.* Barcelona: Octaedro

Hargreaves, A. (1999). *Profesorado, cultura e postmodernidade: Cambian os tempos, cambia o profesorado.* Madrid: Morata

Stainback, S. e Stainback, W. (2001). *Aulas inclusivas. Un novo modo de enfocar e vivir o curriculum.* Madrid: Narcea

Rodari Gianni. (2002). *Gramática de la Fantasía.* Barcelona: Del Bronce

11.3.WEBGRAFIA:

<http://www.arasaac.org>

<http://siembraestrellas.blogspot.com>

<http://www.welpupitredepilu.com>

<http://www.orientacionandujar.es>

<http://www.ayudaparamaestros.com>

<http://www.edu.xunta.gal>

<http://www.carambucoediciones.com>

<http://www.aumentativa.net>

<http://www.down21.org>

<http://www.contosdexandre.net>




**“El uso total
de la palabra
para TODOS
no para que todos
sean artistas
sino para que nadie
sea esclavo”
*Gianni Rodari***

Asdo:

Josefa Vázquez Duarte

Xefa do Dpto de Orientación





INDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. CONTEXTO	3
3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	4
4. PAPEL DO MESTRE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	4
5. OBXECTIVOS	7
5.1 OBXETIVOS XERAIS	7
5.2 OBXETIVOS ESPECÍFICOS	8
6. CONTIDOS	9
7. COMPETENCIAS CLAVE	11
8. METODOLOXÍA	12
8.1. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	11
9. TAREFAS, ACTIVIDADES E EXERCICIOS	18
10. RECURSOS	20
11. TEMPORALIZACIÓN	22
12. AVALIACIÓN	22
12.1. AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUNMADO.	23
12.1. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.	24
13. CONCLUSIÓN	25



1.- INTRODUCCIÓN

“A escola inclusiva é aquela que educa a todos os alumnos/as, sen excepción, dentro dun único sistema educativo” (Nuñez, 2008).

Existen dous conceptos clave que dan sentido e engloban este plan de apoio, como son o de **alumnado con necesidade específica de apoio educativo** e o de **atención a diversidade**. O primeiro o aparece recollido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) que introduce o concepto, e na Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o D 229/2011 do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade na nosa comunidade a cal di que o alumnado con NEAE é aquel alumno/a que requira dunha atención educativa diferente da ordinaria, por presentar Necesidades Educativas Especiais , por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por estar en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ó sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Esta mesma orde, que regula a **atención a diversidade**, define este concepto como un conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais



e culturais de todo o alumnado. Tamén se recollen as medidas Ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade.

Na actualidade contamos cunha nova Lei educativa LOMLOE que define ao alumnado con NEE como aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, e que require de determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ó seu desenvolvemento.

2.- CONTEXTO

O noso centro sitúase nunha zona rural costeira da provincia da Coruña duns 19.000 habitantes. O contexto cultural é o típico dunha zona rural galega. Os recursos sociais cos que conta o concello son escola infantil, centro sociocultural cun auditorio, centros de saúde, e piscina, entre outros. Conta ademais con diferentes servizos como, farmacias, supermercados, papelería – librería, biblioteca. A súa situación considérase privilexiada por conceder ao centro posibilidades de interacción co medio natural, social e atesourar un importante patrimonio cultural e artístico. Todo isto permite enriquecer a formación do alumnado.



3.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO:

Somos un Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de unha liña en EI 1º e 5º de Primaria e dúas liñas nos cursos de 2º, 3º, 4º e 6º sumando un total de 13 unidades. O centro conta con xornada continua cun horario 9:30 a 14:30 .

O centro cumpre cos requisitos mínimos establecidos no RD 132/2010 así como o establecido na Lei 10/2014 de accesibilidade. Conta con infraestruturas que facilitan o acceso e desprazamento no centro (ramplas, ascensor e baños adaptados). Ademais intentan romperse as barreiras adecuándonos cada vez mais ó **DUA** (desenvolvemento Universal do aprendizaxe).

Para unha atención máis específica contamos con dúas **aulas de PT** e dúas de AL, as cales se redistribuíron este curso organizándoas por recunchos para traballar a lóxica matemática, a lectoescritura, a relaxación ou a estimulación sensorial. Intentan ambientarse de xeito que favoreza a autonomía dos estudantes de xeito que os espazos e os tempos estean estruturados e identificados de forma visual atendendo ao método TEACCH (Tratamento e Educación de Nenos con Autismo e Problemas Asociados de Comunicación).

4.- PAPEL DO MESTRE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (PT)

O noso papel como especialistas en PT do centro cobra especial relevancia dentro do paradigma da inclusión educativa, deixando de concibirse tan só como o responsable de ofrecer apoio ao ANEAE para transformarse na persoa que ofrece apoio a toda a comunidade: centro, profesorado, todo o alumnado e familias. Somos un recurso máis para atender a diversidade



global que posibilita a transformación dos centros, que facilita a aprendizaxe, que axuda a superación das barreiras e que favorece a participación de todo o alumnado.

Polo tanto, atenderemos a propiciar políticas inclusivas, facilitar unha cultura de centro colaborativa en toda a comunidade educativa, dinamizar prácticas educativas mais innovadoras coordinando a súa aplicación, asesorar aos compañeiros/as e a planificar situacións de equidade aplicándoas de maneira directa cos alumnos/as, docentes e familias.

Como PT, e sen prexuízo do establecido no Decreto 374/1996 do 17 de outubro e a Orde 22 de xullo de 1997 exerceremos as funcións recollidas na Orde do 24 de xullo de 1998:

Asistir ás reunións da CCP. Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á ESO e ACNEE.

Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das ACIs, así como das medidas de reforzo e daquelas dirixidas á atención á diversidade.

Prestar atención docente directa ó ACNEE.

Como membros do DO seguindo o Decreto 120/1998 pola que se regula a orientación educativa e profesional e a Orde do 24 de xullo de 1998:

Valorar as necesidades do alumnado e deseñar programas de intervención.

Elaborar, de acordo as directrices da CCP, as propostas do POAP e do PAT.

Participar no PE incidindo no carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Deseñar accións encamiñadas a atención temperá.

Participar na avaliación psicopedagóxica e desenvolvemento de MAD.



Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación.

A Orde do 8 de setembro de 2021 establece que o apoio do profesorado especialista PT débese entender coma un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais (NEE), sen prexuízo que, excepcionalmente, atenda a outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE).

O profesorado especialista realizará as seguintes funcións específicas:

Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

Prestar atención docente directa ao alumnado designado.

Elaborar os programas e intervención para o alumnado que atende, segundo modelo, en colaboración co mestre de referencia e coa orientación e asesoramento da xefa do departamento de orientación.

Colaborar, no seu caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así coma no seguimento e na avaliación das mesmas.

Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

Asistir ás sesión de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual do alumnado ao que foi prestado o apoio, coordinado pola xefatura de departamento de orientación e segundo modelo establecido.

Aquelas outras función que estableza a Administración.



5.-OBXECTIVOS

Segundo as funcións determinadas como mestras de PT e trala análise da realidade do centro e das súas necesidades, as accións encamiñadas a atención temperá e a prevención de dificultades e a participación do profesorado e das familias plantexamos os seguintes obxectivos na procura dunha escola inclusiva que garanta o máximo desenvolvemento de todo o alumnado.

5.1. Obxectivos xerais:

Primeiramente identificamos uns obxectivos xerais e globais en relación ás necesidades:

Fomentar a inclusión a través do análise das prácticas existentes.

Identificar e compartir as boas prácticas educativas, aumentando o capital social.

Coordinarse cos servizos sociais do concello.

Realizar propostas sobre melloras no accesos e sostenibilidade do centro.

Ofertar unha maior formación ao profesorado.

Desenvolver unha atención individualizada a todo o alumnado.

Coñecer por todos/as as NEAE que hai no centro.

Fomentar unha participación activa da familia no centro.

5.2.-Obxectivos específicos:

En relación ao centro:

Crear contornas máis inclusivas a nivel de aula e centro.

Sensibilizar e dar a coñecer as peculiaridades do alumnado con NEE.

En relación ao profesorado



Informar a todo o profesorado sobre medidas e estratexias de actuación co ACNEAE co que traballamos.

Favorecer unha coordinación tanto a nivel interno coma externo con tódolos profesionais que interveñen co noso alumnado

Ofertar un marco teórico e metodolóxico en relación a atención do alumnado con NEE.

Aplicar metodoloxías inclusivas e fomentar o debate sobre iniciativas innovadoras que favorecendo a alumnado con NEE inclúan a todos /as sen excepción.

En relación ao alumnado

Atender de forma individualizada ao alumnado.

Desenvolver estratexias cognitivas e medios para que todo o alumnado teña acceso á información para o desenvolvemento das competencias clave.

Desenvolver hábitos e rutinas de traballo.

Traballar a autonomía e os hábitos da vida diaria e comportamentos de convivencia adecuados fomentar as condutas cívicas, de solidariedade, respecto e igualdade.

Promover unha maior sensibilidade cara o alumnado que máis o precisa.

Desenvolver as habilidades socio-emocionais.

Contribuír á personalización do proceso educativo. Atendendo a todos os aspectos da persoa e a súa individualización.

Axustar a resposta educativa ás necesidades individuais do alumnado adecuando a escola aos alumnos/as, en coordinación cos titores/as.



Facer fincapé na adquisición das instrumentais básicas e adquirir aprendizaxes básicos como a lectoescritura e o razoamento lóxico-matemático.

Favorecer os procesos de madurez persoal, o desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores así como a toma de decisión.

Incrementar a autonomía no hábito de traballo.

Mellorar a súa competencia para o desenvolvemento na sociedade na que está inmerso.

Facilitar a integración no grupo de referencia e na dinámica xeral do centro.

Potenciar o grado de autoestima e mellora do autoconcepto dos alumnos/as.

Emprego de novas tecnoloxías para o acceso a información.

En relación a familia

Fomentar unha maior participación na escola: titorías, actividades escolares.

Organizar actividades formativas para axudar na educación dos seus fillos/AS.

Promover unha coordinación continua entre familia – escola.

6.- CONTIDOS

Para conseguir os obxectivos e as competencias clave será necesario enfocar as tarefas, actividades e exercicios ao traballo dos seguintes contidos:

☒ Educación en valores: un dos fins da escola deberá ser desenvolver valores éticos relacionados co respecto (como o respecto ás persoas, a un mesmo, á natureza... dos que derivan outros como a tolerancia, a paciencia ou a ecuanimidade), relacionados coa xustiza (como o compañeirismo, a solidariedade, a veracidade, a lealdade, a gratitude, o esforzo e perseveranza no traballo...) e relacionados co autodominio (como a valentía, austeridade, a modestia, a discreción, a serenidade, a resiliencia...).



☒ Educación emocional: para o desenvolvemento integral do alumnado, a escola deberá desenvolver non só o a intelixencia cognitiva, senón tamén a parte emocional. Daniel Goleman define a intelixencia emocional como a capacidade de recoñecer os sentimentos e emocións propios e alleos para poder xestionalos logrando automotivarse e mellorar positivamente as relacións inter e intrapersoais. Como referente da educación emocional en España temos a Rafael Bisquerra cos seus colaboradores do grupo GROU.

☒ Habilidades sociais: moi relacionado co anterior, con elas referímonos a un conxunto de capacidades que permiten o desenvolvemento dun repertorio de acción e condutas facilitan un correcto desenvolvemento social. Destacamos: o apego, empatía, asertividade, cooperación, comunicación, autocontrol, comprensión de situacións e resolución de conflitos.

☒ Autonomía persoal: un dos contidos claves a traballar co alumno NEAE será a capacidade de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias así como de desenvolver as actividades básicas da vida diaria co fin de conseguir unha vida independente.

☒ Intelixencias múltiples: na procura dun aprendizaxe onde todos alcance o éxito, Howard Gardner identificou a existencia de oito tipos diferentes de intelixencia: lingüística, lóxicomatemática, corporal-cinestésica, musical, espacial, naturista, interpersonal e intrapersonal. Deberemos telas moi presentes, traballándoas para favorecer o rendemento académico.

☒ TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) que son tecnoloxías que nos facilitan os procesos de adquisición, transmisión e intercambio de



información, así como e a súa adecuación no entorno educativo, é dicir, as TAC (Tecnoloxías da Aprendizaxe e o Coñecemento) e a súa utilización para influír, para incidir ou crear tendencias e que Dolors Reig define como TEP (Tecnoloxías para o Empoderamento e a Participación). Debemos integralas no currículo co obxectivo de lograr dunha verdadeira escola dixital na que se facilita o aprendizaxe autónomo e personalizado.

7.-COMPETENCIAS CLAVE

Tradicionalmente a escola centrábase nos saberes de tipo conceptual, máis agora as esixencias da educación para o século XXI centran a importancia de saberes que xiren en torno a catro eixos: coñecer, saber, ser e estar.

Como resposta a isto a unión europea insiste na necesidade da adquisición das competencias clave que se axusten ás demandas dun mundo globalizado e que permitan seguir aprendendo ao longo da vida. Estas son definidas como aquelas que toda persoa precisa para a súa realización persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego, entendéndose así como un coñecemento na práctica, que supoñen a combinación de habilidades, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Estas foron introducidas no sistema educativo español pola LOMCE, e actualmente modificadas pola LOMLOE. No Decreto 155/2022, do 15 de setembro que regula a educación primaria e no Decreto 150/2022, do 8 de setembro que regula a educación infantil estas son: Comunicación lingüística (CCL), Competencia plurilingüe (CP), Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía e enxeñaría (STEM),



Competencia dixital (CD), Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA), Competencia cidadá (CC), Competencia emprendedora (CE) e Conciencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).

Como non pode ser doutro xeito, a acción educativa dirixida ao alumnado NEAE debe perseguir que estes logren o máximo desenvolvemento en cada unha destas competencias, para lograr os obxectivos educativos e conseguir a persoas competentes que saiban aplicar os coñecementos e habilidades ao longo da súa vida.

8.- METODOLOXÍA

Sicilia e Delgado (2002) definen os métodos de ensino ou didácticos como “camiños que nos levan a conseguir alcanzar a aprendizaxe nos alumnos, é dicir, alcanzar os obxectivos de ensino”. Para que os aprendizaxes sexan funcionais e significativos involucramos á comunidade educativa no proceso de E-A. Fomentamos a implicación dos profesionais, a familia, co obxectivo de reforzar aprendizaxes relacionadas coa vida diaria. Buscaremos así, que os alumnos/as se convertan nos auténticos protagonistas do seu proceso de ensino e aprendizaxe, buscando un aprendizaxe significativo e funcional que se incorpore a súa vida de maneira permanente. Para elo, adaptaremos as experiencias de aprendizaxe a cada alumno/a, as súas características, partindo das súas necesidades, do seu punto de desenvolvemento psicoevolutivo, das súas capacidades e limitacións, dos coñecementos previos, das realidades significativas do neno, estilos de aprendizaxe, ritmos, motivacións, intereses... tomando decisións sobre as estratexias metodolóxicas, os contidos, as



actividades, a avaliación, en definitiva, todos os elementos involucrados no proceso de ensino e aprendizaxe.

O noso traballo como PT será proporcionar un apoio indirecto, asesorando, axudando e orientando aos titores/as e ó claustro en xeral sobre a atención da diversidade que hai nas aulas e do alumnado NEAE, sobre recursos e materiais específicos, adaptación de actividades, elaboración de materiais, planificación conxunta de programas, metodoloxías... Tamén levaremos a cabo un apoio directo, referímonos a intervención directa das PT co alumnado, contemplada como **medida extraordinaria** na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011. Esta intervención tendo en conta a Steinback e o modelo de escola inclusiva, basearase no apoio dentro da aula ordinaria ou apoio inclusivo, tamén chamada docencia compartida. Esta é un tipo de organización colaborativa na que dous docentes traballan conxuntamente na mesma aula, garantindo así a inclusión e a atención á diversidade, enfocando o apoio dende un concepto máis amplo, posibilitando a nosa integración nas actividades ordinarias da aula para entender o que sucede nela e coñecer de primeira man as necesidades educativas do alumnado e así atendelas dende o marco da aula ordinaria e dentro do grupo de referencia.

Con isto favorécese o traballo colaborativo, a convivencia, a aprendizaxe entre iguais, a posta en marcha de metodoloxías activas, a detección e prevención de dificultades, e dende o punto de vista docente, favorece a innovación, a mellora, o crecemento profesional dende a reflexión da propia práctica e o intercambio de coñecementos e favorece a comunicación entre docentes creando capital social e contribuindo a que o centro sexa intelixente,



un centro que aprende. A súa posta en práctica esixe a colaboración e a cooperación entre profesionais e o reparto de roles, conseguindo unha educación de calidade non só para o alumno/a con NEAE senón para todo o alumnado. Fundamentaremos a nosa actuación no marco do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) co cal aseguramos que todos os alumnos/as poidan acceder aos contidos e obxectivos do currículo, a través de apoios, a eliminación de barreiras e flexibilizándoo en base a tres principios: proporcionar múltiples medios de representación, múltiples medios para la acción e a expresión e múltiples medios de compromiso. Cumprindo así cun dos fins e liñas metodolóxicas que nos marca a nova lei educativa que entrou en vigor este curso LOMLOE.

Outro dos puntos onde nos apoiaremos será a diferenciación curricular, baseada no ensino diferenciado de Carol Ann Tomlinson e recoñecida pola UNESCO como a resposta a diversidade dos estudantes. Con esta entendemos ese proceso de modificar ou adaptar o currículo de acordo cos diferentes niveis de capacidade e habilidade dos estudantes nunha clase, para así atender a diversidade dentro da aula inclusiva, como unha dinámica habitual dos docentes, sen supor por suposto unha adaptación curricular individualizada.

Levaremos a cabo un aprendizaxe personalizado como establece Pere Pujolàs, adecuando o traballo que se fai en grupo, ofrecendo posibilidades distintas, dando un trato diferente se fose necesario, favorecendo que lle axuden en certos momentos pero dentro dun mesmo plantexamento de traballo.



Aínda que a metodoloxía estará axuntada ás características de cada alumno/a co que vamos a intervir, e que será especificada en cada programa de intervención, basearémonos nos seguintes **principios metodolóxicos xerais**: utilizaremos unha metodoloxía inclusiva, activa, participativa, lúdica, motivadora e afectiva, fundamentada na práctica e na procura de potenciar a autonomía do alumnado e favorecer o pensamento creativo. Fundamentarémonos no xogo, baseándonos na idea de diversos autores que afirman que este é unha actividade insubstituíble para o desenvolvemento humano, proporcionando habilidades que lles axudarán na vida adulta. Para facer realidade os aspectos anteriormente descritos e dar resposta a diversidade, será preciso modificar a estrutura da aula, pasando dunha estrutura individual ou competitiva a unha estrutura cooperativa.

Tendo en conta as características do alumno de cada aula e para posibilitar a práctica de diferentes metodoloxías, vai ser necesario consideran diferentes modalidades de **agrupamento**: individual, por parellas, gran grupo, grupos base, grupos esporádicos, equipos de expertos... Para posibilitalos será preciso unha disposición de aula flexible en canto a mobiliario, mesas e organización de espazos. Ademais procuraremos situación para a participación das familias, doutros centros, doutros mestres, doutros cursos...

8.1 Estratexias de intervención

A continuación mencionaremos algunhas estratexias metodolóxicas que favorecen e respectan a metodoloxía anteriormente descrita, e que son de utilidade para todo o conxunto do alumnado xa que favorecen o seu



desenvolvemento en todos os ámbitos: motor, cognitivo lingüístico, social, e afectivo.

- Aprendizaxe cooperativo: é un enfoque para estruturar as actividades da aula en pequenos equipos de traballo, preferiblemente heteroxéneos, que aprenden xuntos a través da cooperación de todos co fin de lograr os obxectivos da tarefa. Segundo Kagan estes grupos deben basearse en catro principios simbolizados polo acróstico inglés PIES: interdependencia positiva, responsabilidade individual, participación igualitaria e interacción simultánea. Segundo a Axencia Europea para o Desenvolvemento da Educación Especial (2006) o aprendizaxe cooperativo está considerado como unha das máis potentes e imprescindibles ferramentas educativas que producen prácticas inclusivas. Como referentes en España deste enfoque metodolóxico teremos a Juan Carlos Torrego e a Pere Pujolás.

- Titoría entre iguais: fundamentase na creación de parellas de alumnos/as, na que un asume o rol de titor e o outro de titorado, cun obxectivo común, coñecido e compartido establecendo así unha relación na que ambos aprenden.

- Actividades multinivel: partindo dunha proposta global, estrutúranse as actividades permitindo diferentes niveis de resolución e de complexidade que permiten diferentes posibilidades de execución e expresión, individualizando así as metas esperadas.

- Grupos interactivos: a aula divídese en grupos heteroxéneos e cada un deles realizará unha actividade diferente, baixo a titoría ou guía dun adulto responsable que se asegurará de que traballen nas actividades e se desenvolva



un aprendizaxe entre iguais. Tras un tempo previamente determinado, cada grupo levántase da súa mesa e sentárase noutra, cambiando así de actividade e de persoa titora.

- Traballo por recunchos: os recunchos son espazos temáticos dentro da aula onde os alumnos/as leva a cabo en pequenos grupos ou individualmente tarefas lúdicas ou manipulativas, investigan, desenvolven a súa creatividade e autonomía, guiándose polos seus gustos, intereses e a súa curiosidade.

- Psicomotricidade na aula: ofrecer na aula múltiples oportunidades de acción e movemento a través do grafismo e do xogo, especialmente durante os dous primeiros anos da etapa de educación primaria.

- Aprendizaxe baseado en proxectos (ABP): é unha metodoloxía activa na que se traballa con tarefas globais e integradas que se centran na aprendizaxe de competencias. Parte dos intereses e motivacións do alumnado e relacionase coa vida real, favorecendo así a transferencia das aprendizaxes.

- Intelixencias múltiples: É unha filosofía educativa que da resposta á inclusión, a unha verdadeira escola inclusiva. Gardner ó falarnos delas como un potencial, as podemos desenvolver, dándolle ferramentas para desenvolverlas. Coñecer os puntos fortes vainos axudar no noso camiño.

- Aprendizaxe servizo: é unha metodoloxía que combina servizo a comunidade con currículo académico fundamentándose na educación da experiencia e a pedagogía crítica, e como di Roser Batlle é "aprender facendo un servizo á comunidade" partindo da idea que "os nenos de hoxe non son os cidadáns do futuro senón que son hoxe xa cidadáns activos capaces de aportar cousas a sociedade".



- Aprendizaxe baseado no pensamento: é unha metodoloxía na que se utilizan diferentes destrezas de pensamento como medio para ensinar os contidos. Con ela os mestres/as animan a utilizar estas formas de pensamento na vida cotiá, axudando ao alumno/a a pensar máis e mellor.
- Aprendizaxe baseado no xogo ABX: consiste na utilización dos xogos como ferramenta de apoio a aprendizaxe.
- Myfundlless: este tipo de técnicas axudan á regulación da ira, como estratexia para a prevención da violencia. Tamén axudan a centrar a atención.
- Educación emocional: a través de programas de xestión emocional (centro-aula-individual) e programas de habilidades sociais.

9.- TAREFAS, ACTIVIDADES E EXERCICIOS.

Serán deseñadas de acordo a identificación das necesidades de cada alumno/a co que interviremos, pero a trazos xerais, co fin de conseguir o máximo desenvolvemento das competencias clave e conseguir aprendizaxes funcionais, significativos e prácticos, procuraremos que cumpran os seguintes requisitos: que sexan axustadas aos obxectivos para cada caso, que sexan contextualizadas atendendo ao entorno e a vida do neno/a, que sexan competenciais buscando ensinós na práctica, que sexan globalizadas que integren diferentes coñecementos (teóricos, prácticos e actitudinais), que sexan integradas, é dicir, orientadas á resolución de situacións-problema na que se traballen máis de unha competencia clave e na que interveñan máis de unha área de coñecemento, e que sexan atractivas, interactivas, variadas (en canto a materiais, espazos onde se desenvolven e formas de expresión escrita,



oral, corporal, plástica...) e esperten o interese e motivación do alumnado, e respecten as liñas propostas no deseño universal de aprendizaxe.

- Actividades de iniciación: as cales pretenden introducir e motivar ao alumnado, coñecer os seus coñecementos previos sobre o contido que se vai a traballar para establecer o punto de partida, por exemplo: unha choiva de ideas.

- Actividades de motivación: partindo das actividades anteriores e destinadas á búsqueda de implicación. Como pode ser plantexar retos, cartas misteriosas....

- Actividades de desenvolvemento: orientadas á construción e adquisición significativa do coñecemento e competencias clave, fomentando o pensamento crítico e creativo. Como a búsqueda de información en diferentes medios impresos ou dixitais.

- Actividades de consolidación: a través delas repasan o aprendido e permítete avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe. Facer mapas conceptuais en pequenos grupos, resumos, exposición...

- Actividades de reforzo: son aquelas actividades para realizar co alumnado que presentan maiores dificultades na adquisición dos coñecementos sobre o tema. Discriminar un obxecto do tema entre outros que non o son,...

- Actividades de ampliación: para reforzar e ampliar os coñecementos sobre un tema de interese.

- Actividades de avaliación: para avaliar o grado de consecución dos obxectivos e competencias propostas. Fomentando a avaliación formadora e auténtica, onde a metacognición e base da reflexión.



10.-RECURSOS

Para a posta en práctica deste plan de apoio, apóstase pola colaboración con todos os profesionais así como a dotación de recursos materiais específicos para a nosa labor.

10.1.- Recursos persoais:

A posta en práctica do plan e dos programas de intervención será competencia das mestras de PT, mais, a resposta educativa a diversidade implica a participación, colaboración e cooperación de toda a comunidade educativa. Será preciso unha correcta coordinación entre todas/as, xa que con actuacións illadas e inconexas non lograremos os obxectivos propostos. Valeremos do resto de profesionais internos o centro como: titores/as, mestres/as especialistas, mestras de AL a xefatura do DO, Auxiliar Técnico Educativo (ATE) así como tamén utilizar ao resto do alumnado como recurso para traballar os contidos e con prácticas como a titoría entre iguais ou o alumno axudante. Ademais procuraranse colaboracións externas co Centro de Formación e Recursos (CFR), equipos de orientación específico (EOE), cooperación da AMPA (a cal se implica moito na vida do centro), Asociacións como: ASPANAES, AMICOS, ASAC ou Cruz Vermella, Equipos de Atención Temperá regulados polo Decreto 183/2013 do 5 de decembro e o Decreto 69/1998 de 26 de febreiro e protocolo de AT, e por suposto as familias, co fin de crear capital social.

10.2.- Recursos materiais:

En canto aos recursos materiais, especificaranse en cada programa de intervención pero empregaranse tanto xenéricos coma específicos. Xenéricos:



empregaranse todos aqueles que favorecen a autonomía do alumnado como recursos sensoriais, material funxible (punzóns, lapis, cores...), material de psicomotricidade, tablets, ordenadores, obxectos da vida diaria e de xogo simbólico, entre outros. Materiais específicos: SAAC, contos con e sen pictogramas, cadeiras adaptadas, xogos variados, PROGRESINT, LECO ou ESTIMULAR Y APRENDER. Son tamén precisos recursos organizativos tanto espaciais: (sinais identificativas no centro e aula, pictogramas, espazos estruturados e ben diferenciados); coma temporais: horarios de gardas, horarios de emprego dos diferentes espazos comúns do centro, de atención a familias e coordinación do profesorado, o horario visual de aula, o panel do corredor (día, tempo atmosférico, temperatura e compañeiros/profesoras), axendas individuais, horarios individuais con pictogramas,...

11.- TEMPORALIZACIÓN

Este Plan de Apoio está deseñado para o curso académico 2023-2024 establecido na Orde de 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Para a elaboración do horario da PT tense en conta a Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na LOE que estipula que a xornada semanal será de 37 horas e media. Á hora de confeccionar o horario de atención das PT; a orientadora, a xefa de estudos, titores e as especialistas en pedagogía terapéutica, tivemos en conta os criterios establecidos na **PXAD** para priorizar os apoios: graos de discapacidade nas idades máis temperás, alumnado que así



o aconsella a avaliación psicopedagóxica, alumado con AC, alumnado que reciba RE e alumando que xa flexibilizou. Do mesmo xeito, buscaremos un apoio de calidade fronte ao apoio de cantidade.

12.- AVALIACIÓN

A avaliación é un proceso de recollida de información coa súa posterior interpretación que formar parte inherente do proceso educativo para guialo e reconducilo. Segundo a LOMLOE, a finalidade da avaliación é avaliar todo o sistema educativo, non só como a avaliación do alumnado, senón de todos os elementos que interveñen no proceso de ensino e aprendizaxe, como é a actividade docente, os procesos educativos, o centro e a aula.

A avaliación cubrirá as seguintes **fases**: avaliación inicial ou diagnóstica, para coñecer o punto de partida e as necesidades e así determinar a resposta educativa; avaliación continua ou formativa, consiste na reflexión e valoración diaria do proceso educativo; e avaliación final ou sumativa para comprobar o grao de consecución so obxectivos propostos. Realizarase a lo menos unha avaliación inicial e tres sesión de avaliación coincidindo co remate de cada trimestre.

12.1.-A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado.

A avaliación do alumno/a realizarase para coñecer o grao de adquisición dos obxectivos e das competencias clave e formará parte inseparable do proceso educativo, sendo unha práctica habitual e permanente. Na nosa comunidade autónoma, a avaliación rexerase pola seguinte normativa:

- ORDEN de 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo



da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- ORDE de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro , polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Cos novos decretos a avaliación do alumnado toma como referente os estándares de aprendizaxe avaliáveis, considerados como concrecións ou especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina, a partir da LOMLOE pasan a ser orientativos. O alumnado NEAE tomará como referencia os criterios de avaliación de cada área do currículo establecido por carácter xeral para o curso na Concreción Curricular e nos perfís de área e competencias. A cualificación acadada permitirá tomar decisións sobre a promoción deste.

Na busca da calidade educativa, á hora de falar de levar a cabo a avaliación, debemos ter en conta as dúas avaliacións que nos mostra Neus Sanmartí: a avaliación formativa onde o profesor corrixe ao alumno e a avaliación formadora onde é o propio alumno quen avalía, tomando conciencia do traballo realizado e autoregulando o seu proceso de aprendizaxe sendo a súa principal característica a metacognición. Ademais deberemos traballar para lograr a avaliación auténtica da que nos fala Rebeca Anijovich, e que puntualiza que saber algo non é só adquirir coñecementos, senón que se trata de saber



aplicar os saberes, habilidades, valores, actitudes en problemas reais, relacionando así a avaliación co aprendizaxe por competencias.

Utilizaremos variadas **técnicas e instrumentos** para a avaliación, tales como: a observación directa e sistematizada, análise das producións dos nenos/as, cuestionarios, diarios e rexistros de profesor, rúbricas, escalas de valoración, listas de cotexo...

12.2 A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Deberá ser entendido como un proceso continuo de carácter reflexivo que nos guíe na nosa práctica diaria. Terá en conta aspectos como: a adecuación da proposta pedagóxica para a consecución dos obxectivos e das competencias, as tarefas, actividades e exercicios plantexados, a planificación, as medidas de atención a diversidade propostas, a avaliación do propio plan de apoio e dos programas de intervención. Avaliaremos tanto a nivel individual da PT, a nivel aula e a nivel centro. Empregaremos variadas **técnicas e instrumentos** para a avaliación, tales como: rexistro anecdótico, diarios de profesor, rúbricas, listas de cotexo, escala de estimación con indicadores de logro.

Avaliarase o propio **plan de apoio** (comprobando o nivel de adecuación ao centro e ao alumnado e o cumprimento de obxectivos). Así mesmo, a práctica docente (se a metodoloxía é axeitada, valorando o nivel comunicativo, a interacción profesor-alumno, a coordinación e formación) e o proceso de E-A (revisando periodicamente as actuacións, tendo en conta todos os elementos que inflúen neste proceso e modificando as actividades atendendo ás necesidades que xurdan durante o curso).



13.- CONCLUSIÓN

“A educación inclusiva é unha educación que transforma vidas”. (Elizondo 2019”). Falar de inclusión educativa é falar dunha inclusión equitativa e de calidade para todo o alumnado e con todo o alumnado. Supón eliminar a exclusión, en e dende a educación, coa participación activa sempre de todo o alumnado. Se ensinamos ós nenos e nenas a aceptar a diversidade non necesitaremos falar de inclusión, senón de convivencia e educación.

Asinado:

Inmaculada C. Romero García

M^a Mercedes Carballal López

Mestra de Pedagogía Terapéutica

Mestra de Pedagogía Terapéutica





INDICE

1. INTRODUCCIÓN	28
2. CONTEXTO	29
3. ACTUACIÓN DO MESTRE DE AL	29
4. OBXECTIVOS	29
5. COMPETENCIAS CLAVE	31
6. CONTIDOS	34
7. METODOLOXÍA	34
8. TEMPORALIZACIÓN	36
9. RECURSOS	36
10. AVALIACIÓN	38
11. CONSIDERACIÓNS FINAIS	39



INTRODUCCIÓN

O noso sistema educativo, prima os principios de integración e de inclusión, de xeito que a resposta educativa a diversidade ha de ser diversificada e axustada as características persoais de cada neno e nena, adaptando cando tal diversidade o requira as medidas organizativas e curriculares pertinentes.

A inclusión educativa é un proceso, a través do cal, as escolas van buscando e xerando os apoios que require todo o alumnado, pero en especial o alumnado con NEAE e tamén o alumnado con NEE que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe.

Por iso, é necesaria a creación dun plan de apoio, un documento non regulado a nivel legislativo co que se planifica o traballo a desempeñar como mestres de AL nun centro concreto ao longo dun curso escolar. Dito plan emana do Plan Xeral de Atención a Diversidade (PXAD), en función das liñas establecidas no Proxecto Educativo (PE) é paralelo a Programación Xeral Anual (PXA).

2. CONTEXTO:

O centro é un CEIP situado nunha pequena vila costeira chamada Boiro, cun total de 13 unidades que o seu horario lectivo é de 9:30 a 14:30 horas.

Conta cos requisitos mínimos establecido na *Lei 10/2014 de accesibilidade*, ademais intentamos romper as barreiras adecuándonos cada vez máis ó DUA (Deseño Universal para a Aprendizaxe).

Cabe dicir, que no centro contamos con dúas PT a tempo completo e dúas AL (unha de elas compartida co IES A Cachada). Participamos tamén no Programa Educativo Acompaña co fin de incrementar a atención das necesidades do alumnado.

3. ACTUACIÓNS DAS MESTRAS DE AL:



As mestras de AL desenvolveremos as seguintes funcións:

- A) Potenciar a capacidade global do alumnado para empregar a linguaxe con fins comunicativos.
- B) Traballar co alumnado que ten problemas de linguaxe, fala, voz e audición co fin de normalizar a comunicación.
- C) Actuar sobre o proceso de ensino-aprendizaxe nos ámbitos específicos nos que intervéñ a linguaxe.

Ademais, temos a obriga de asistir as reunións da CCP, participar na avaliación inicial do alumnado, tamén colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das ACS, así como das medidas de reforzo dirixidas ao alumnado de atención a diversidade. Tamén valoraremos as necesidades do alumnado, deseñaremos os diferentes programas de intervención, participaremos no PE incidindo no carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con NEAE, no deseño de accións encamiñadas a atención temperá e participaremos na avaliación psicopedagóxica e desenvolvemento das MAD.

4. OBXECTIVOS:

O obxectivo primeiro e fundamental da educación é proporcionar ao alumnado unha formación plena que lles permita conformar a súa propia identidade.

4.1. Obxectivos xerais:

1. Establecer canles de comunicación con toda a comunidade educativa implicada no desenvolvemento dos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.
2. Facilitar a axeitada integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
3. Ofrecer atención específica e individualizada a aqueles alumnos/as que polas súas necesidades así o requiran.
4. Favorecer o máximo desenvolvemento das capacidades do alumnado tanto a nivel persoal, como social, cognitivo e comunicativo.
5. Traballar os procesos cognitivos implicados na aprendizaxe.
6. Fomentar o desenvolvemento das aprendizaxes instrumentais básicas.



7. Contribuír ó axeitado desenvolvemento emocional do alumnado.
8. Potenciar a xeneralización do aprendido a outros contextos.

4.2. Obxectivos específicos:

En relación o centro:

9. Eliminar as posibles barreiras arquitectónicas.
10. Colocar pictogramas en aquelas instancias que aínda non os teñen.

En relación ao profesorado:

- Aumentar a coordinación entre o profesorado e aumentar a comunicación coa PAC.
- Aumentar a información a todo o profesorado sobre as actuación a levar a cabo co ACNEAE co que traballamos.
- Ter máis información sobre os materiais para traballar co alumando NEE que hai no centro.

En relación ao alumnado:

11. Desenvolver hábitos de rutina e de traballo (traballando a autonomía e os hábitos de vida diarios, os comportamentos adecuados, a solidariedade, respecto, igualdade).
12. Promover maior sensibilidade cara o alumnado.
13. Atender o alumno/a de forma individualizada.

En relación ao alumnado con NEAE:

14. Mellorar a comunicación e interacción social do alumnado con DI.
15. Facilitar a inclusión do alumnado no centro.

En relación a familia:

16. Fomentar unha maior participación na escola.

5. COMPETENCIAS CLAVE:



Poderíanse considerar, seguindo a Berta Marco como a capacidade de pór en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas; inclúe tanto os saberes como as habilidades e actitudes e vai máis aló do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar.

As competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, foron adaptadas no *Decreto 150/2022 do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* e no *Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, ao contexto escolar, así como aos principios e fins do sistema educativo establecidos na *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, recentemente modificada pola *Lei orgánica 3/2020, do 19 de decembro*.

De acordo co expresado na recomendación do Consello da Unión Europea, non existe xerarquía entre as distintas competencias, xa que se consideran todas igualmente importantes. Tampouco se establecen entre elas límites diferenciados, senón que se solapan e entrelazan. As devanditas competencias son as seguintes:

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

- Expresión de pensamentos, emocións, vivencias.
- Xeración de ideas, estruturación do coñecemento.
- Adopción de decisións.
- Establecemento de vínculos e relacións construtivas cos demais e co entorno.
- Competencia na expresión e comprensión das mensaxes que se intercambian en situacións comunicativas diversas.
- Adaptación da comunicación ó contexto.
- Emprego de maneira activa e efectiva dos códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas.



- Interpretación e comprensión da realidade.
- Comprensión e saber comunicar.

COMPETENCIA PLURILINGÜE (CP)

- Contacto con linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentar nos alumnos/as as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA (STEM)

- Observación, clasificación, cuantificación, manipulación de obxectos.
- Aprendizaxe, tanto no ámbito escolar como fora del.
- Solución de problemas relacionados coa vida cotián.
- Aplicación de estratexias de resolución de problemas.
- Percepción do espazo físico.
- Interacción co mundo natural.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

- Emprego dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para acadar obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e ocio.

COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER (CPSAA)

- Comprensión da realidade social na que se vive.
- Cooperación, convivencia.
- Participación, toma de decisións, elección de como comportarse en determinadas situacións.
- Responsabilidade nas eleccións e decisións adoptadas.



- Solución dos conflitos con actitude construtiva.
- Coñecemento e valoración de si mesmo.
- Comunicación en distintos contextos.
- Expresión das propias ideas e escoita das alleas.
- Iniciación na aprendizaxe.
- Capacidade de continuar aprendendo.
- Adquisición da conciencia das propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas).
 - Toma de conciencia do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer con axuda doutras persoas ou recursos.
 - Aumento progresivo da seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.
 - Aplicación dos novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos.

COMPETENCIA CIDADÁ (CC)

- Aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia.
 - Resolución pacífica e dialogada dos conflitos.
 - Fomento da cultura da paz e a non violencia.
 - Identificación de feitos sociais relativos á propia identidade, diversidade familiar e cultural.
 - Adquisición de hábitos saudables e sustentables.

COMPETENCIA EMPRENDEDORA (CE)

- Responsabilidade.
- Perseveranza.
- Coñecemento de si mesmo.
- Autoestima.
- Control emocional.
- Demora da necesidade de satisfacción inmediata.
- Motivación.



- Actitude positiva ante o cambio.
- Afrontamento dos problemas e busca de solucións.
- Disposición de habilidades sociais.
- Confianza nun mesmo.

COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIAS (CCEC)

- Expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas.
- Desenvolvemento da conciencia cultural e do sentido de pertenza á sociedade a través das distintas manifestacións culturais e artísticas.

6. CONTIDOS:

Son conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e a adquisición de competencias. É dicir, que para conseguir os obxectivos e as competencias clave é preciso enfocar as tarefas e actividades ao traballo dos seguintes contidos:

- Estimulación da linguaxe e a comunicación.
- Educación en valores.
- Educación emocional.
- Habilidades sociais.
- Autonomía persoal.
- Intelixencias múltiples.

7. METODOLOXÍA:

A metodoloxía a levar a cabo co alumnado será activa e lúdica, centrada nun proceso de ensinanza-aprendizaxe guiado, globalizado e significativo, como apoiaron os autores Decroly e Ausubel, onde e os docentes partan, como sinala Piaget, dos seus coñecementos previos. Cabe destacar o principio de globalización e o de aprendizaxe significativo como os principios metodolóxicos fundamentais sobre os que se sustenta a práctica educativa.



Terase en conta a interacción entre o alumnado e o ambiente que lle rodea, tal e como sinalaba Vygotsky, creando un clima afectivo e cálido, utilizando o xogo, tendo presente a relación coas familias, as emocións e os sentimentos. En canto aos principios a empregar coas familias, deberemos traballar de maneira conxunta, de forma colaborativa e cooperativa, establecendo un clima de confianza e asesorando a estas sempre que o precisen, resultando ser un apoio co que poder contar.

En relación co resto de profesionais que participan no proceso de E-A do alumnado, cabe dicir que a colaboración interprofesional será o principio fundamental, xerando así, recursos humanos dunha maneira máis eficiente, eficaz e económica, en resposta as distintas problemáticas que poida presentar tanto o centro como o alumnado e as súas familias.

O proceso de ensino-aprendizaxe seguirá os seguintes requisitos partindo do DUA:

- Comezar creando un clima de afecto, seguridade e confianza.
- Mostrar un especial interese pola motivación, intentando despertar no alumno/a a curiosidade e as ganas de aprender.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades.
- Empregar unha linguaxe sinxela, clara e estruturada.
- Proporcionar toda a axuda e instrucións necesarias para ir eliminándoas paulatinamente ata que consigan traballar coa maior autonomía posible.
- Establecer unha secuencia gradual de actividades, sen pasar ás máis complexas antes de ter adquirido as máis sinxelas.
- Primar a construción de aprendizaxes significativas, funcionais e emocionalmente positivas.
- As actividades serán curtas e variadas para que os nenos/as non se cansen.
- Recorreráse a actividades baseadas no xogo e a experimentación.
- Facilitarase a xeneralización a outros contextos.



8. TEMPORALIZACIÓN:

Este plan de apoio está deseñado para o curso académico 2023-2024 seguindo a orde pola que se aproba o calendario escolar para este curso nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración do horario de AL tense en conta a *Orde de 23 de Xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que impartan as ensinanzas reguladas na LOMLOE* que estipula unha xornada laboral de 37 horas e media.

Á hora de confeccionalo, a orientadora e a xefa de estudos, titores e especialistas de AL e PT tivemos en conta os criterios establecidos na PXAD para priorizar os apoios.

9. RECURSOS:

9.1. Recursos persoais.

Para poder atender e responder adecuadamente a diversidade, as Administracións Educativas dispoñerán do profesorado das especialidades correspondentes e de profesionais cualificados. Estes recursos pódense clasificar en internos ou externos a escola:

Recursos internos:

Recursos unipersoais: Podemos distinguir entre os docentes e non docentes. Dentro dos docentes nos atopamos cos titores/as de EI e EP, os especialistas (EF, música, inglés e relixión), os profesores de apoio de AL e PT e a xefa do DO. Non menos importantes son os recursos persoais non docentes, coma o persoal auxiliar coidador (PAC).

Recursos colexiados: Destacan os órganos de coordinación docente como os equipos de ciclo de EI e EP, equipos de dinamización como EDL, equipo de actividades complementarias y extraescolares, equipo de biblioteca, equipo de dinamización do plan dixital, o DO e a CCP.

Recursos externos:



Por outra banda, atopamos o EOE, como axente externo de apoio a orientación dos centros educativos, a Inspección Educativa que debe supervisar e aprobar algunha das nosas decisións e actuacións, etc. Tamén se pode facer mención a numerosos recursos do entorno que interveñen na resposta educativa outorgada ao alumnado con NEAE: Equipos de atención temperá do SERGAS, CAD de A Pobra do Caramiñal e outros profesionais da saúde do ámbito público e privado, logopedas privados,...

Así mesmo cabe destacar unha estreita relación co CEE Asociación Amicos debido a escolarización combinada que cursa un dos alumnos do noso centro.

9.2. Recursos materiais.

O material didáctico é calquera obxecto susceptible de utilización como medio para aprender algún contido ou o instrumento empregado para o desenvolvemento dalgunha función da ensinanza.

A selección dos materiais corresponde ós profesores, tendo en conta os contidos a traballar, as características e motivacións dos alumnos e deben cumprir as seguintes funcións: motivadora, innovadora, estruturadora, orientadora e condicionante da aprendizaxe.

Cada alumno con necesidade específica de apoio educativo contará cunha provisión de recursos materiais igual que o resto dos alumnos.

Ademais dos materiais empregados con carácter xeral por todo o alumnado, algúns alumnos necesitarán da provisión dalgúns materiais específicos.

9.3. Recursos organizativos.

Outro aspecto importante a ter en conta é a concreción e selección de formas organizativas do espazo e do tempo.

A investigación pedagóxica, así como a práctica docente poñen de manifesto a importancia do contexto físico, a organización espacial e temporal da aula no proceso de ensino-aprendizaxe, condicionando notablemente os



procesos interactivos da aula. A decisión que se tome nesta variable debe ser coherente coa metodoloxía a desenvolver e a organización das actividades.

A forma como o mestre organiza o espazo reflexa dalgún xeito o valor que lles da e a función que lles outorga, e di moito respecto ó tipo de comportamento instrutivo e comunicativo que espera dos seus alumnos.

O espazo escolar é o espazo físico onde se da a relación, a información e a diversidade de ofertas pedagóxicas con toda a complexidade e riqueza que isto comporta.

10. AVALIACIÓN:

Avaliación do plan de apoio e da práctica docente:

A avaliación comprende 3 momentos relacionados entre si:

- Avaliación inicial que corresponde coa recollida de datos e o análise das necesidades do contexto, centro e alumnado.
- Avaliación continua que permite o seguimento e revisión do plan de apoio realizando as modificacións precisas despois da recollida de información e valórase como vai evolucionando.
- Avaliación final que aporta información sobre o grao de cumprimento dos obxectivos propostos ao comezo do curso.

Avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado:

A avaliación de dito proceso levarase a cabo en 3 tempos:

- Avaliación inicial (en caso de sospeitar dunha posible NEAE, realizaremos unha avaliación psicopedagóxica).
- Avaliación continua do proceso de ensinanza e aprendizaxe.
- Avaliación final na que avaliaremos os diferentes PI, a consecución de obxectivos por parte do alumnado a quen van dirixidos ditos programas, as diferentes AC, etc.

En canto os criterios de avaliación para a aula ordinaria serán os marcados pola programación de aula, no caso de que algún dos alumnos/as teña unha adaptación curricular, os criterios serán os deseñados nesa adaptación.

E dicir, os criterios de avaliación son os referentes que serven para avaliar ao alumnado, tendo por un lado, os instrumentos e procedementos para a aula



ordinaria, onde se avaliará a través da observación diaria do traballo do alumnado, de probas, entrevistas e rubricas ou matrices que aporten datos relevantes sobre o alumnado. E polo outro lado, os instrumentos e procedementos para a aula de AL, onde o mestre/a poderá escoller entre *procedementos non estandarizados* tales como a observación, o análise da produción verbal, a recollida de mostras do linguaxe dirixido e espontáneo, o análise de datos, etc. E entre os *procedementos estandarizados* atopamos tanto os tests como as probas estandarizadas. E por último, ao rematar o curso elaboraremos un informe final que deberá incluír as propostas de mellora.

11. CONSIDERACIÓNS FINAIS:

A modo de conclusión, dicir que a atención integral ao alumnado con NEAE iniciárase dende o momento no que se detecten e se identifiquen ditas necesidades, axustando a resposta aos principios educativos que sustenta a educación deste alumnado: normalización, integración e inclusión. Así, ofrecerase unha resposta que compense as diferenzas individuais de todo o alumnado.

Asinado:

Lara Veiga Barreiro
(Mestra de Audición e Linguaxe)

Paula Neira Fernández
(Mestra de Audición e Linguaxe)



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN INFANTIL
E PRIMARIA PRAIA XARDÍN
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN





PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA



INDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. ANÁLISE DO CONTEXTO	4
3. OBXECTIVO XERAL	6
3.1.-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	6
4.- TEMPORALIZACIÓN	7
5. SEGUIMIENTO	9
6. AVALIACIÓN	9
8. MODIFICACIÓN	9
9. DIFUSIÓN DO PLAN	9
10. REFERENCIAS LEXISLATIVAS	9
11. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	9
12. WEBGRAFÍA	10

1. INTRODUCCIÓN

A partir deste curso escolar 2023-2024, tódolos centros educativos, contan cunha nova figura profesional: o/a coordinador/a de benestar e convivencia; isto recólleo a *Orde do 23 de agosto de 2023*, pero esta figura xa tiña os seus precedentes na *Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño*, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (LOPIVI), na que, no artigo 35, fala sobre o coordinador ou coordinadora de benestar e protección:

“Todos los centros educativos donde cursen estudios personas menores de edad, independientemente de su titularidad, deberán tener un Coordinador o Coordinadora de bienestar y protección del alumnado, que actuará bajo la supervisión de la persona que ostente la dirección o titularidad del centro”.

Sin falar de cifras, a Asociación Save de Children, ten un estudio de familias en risco, na que destaca:

- traballadores pobres en grades cidades,
- nais soas en situación de pobreza,
- traballadores de orixe estranxeiro;
- avós, pais e netos en pobreza.

Polo tanto, ben podemos facernos unha idea que, unha pequenísima parte destes nenos poden estar nalgún momento nalgún centro, neste mesmo de Praia Xardín.

Situacións de pobreza e mesmo situacións de violencia que poden verse xeradas ou non, pola falta de recursos económicos, fan que moitos nenos, nenas e adolescentes se expoñan a situacións estresantes e traumáticas que, teñen graves consecuencias sobre a súa saúde mental.

Xa no ano 2018, o Comité dos Dereitos do neno, nas súas observacións finais, a España considerou prioritario que adoptara unha política nacional de saúde mental infantil, que asegurara a dispoñibilidade de persoal cualificado, o aumento de

servizos e a redución das listas de espera para acceder aos servizos de saúde mental.

Neste sentido, o Coordinador/a de Benestar e a persona encargada de construír a rede de colaboración que posibilitará un entorno protector no centro educativo. Unha rede interna que implica a toda a comunidade educativa e unha externa que se coordina cos demais ámbitos responsables da protección á infancia.

O CEIP Praia Xardín de Boiro é un centro tranquilo, ubicado en Boiro, na comarca do Barbanza; ten uns 19.000 habitantes que viven predominantemente da pesca e da industria conserveira; o sector agrícola está presente, en menor medida no entorno rural.

Están matriculados este curso, 2023-2024, 216 alumnos, dos cales, hai un tanto por cento moi pequeno para os que as condicións familiares e económicas desfavorables ou situacións sociais e persoais desventaxosas, repercútenlle negativamente e temos que estar moi atentos tanto a nivel personal como académico para tomar as medidas oportunas en cada momento. Por todo o exposto anteriormente, e porque as instalacións van camiando de alumnos e os alumnos van cambiando segundo o seu período evolutivo, por todo isto faise necesario aplicar este plan de traballo.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

A estas alturas de curso e, recién nomeada a persoa coordinadora de benestar e convivencia, podemos dicir que as súas funcións, desenvólvense en 3 eixos fundamentais: en coordinación co Equipo Directivo, co Departamento de orientación e coa asociación de nais e pais. De tódalas funcións, hai algunhas que están en proceso, outras feitas e un par delas por comezar.

Xunto co EQUIPO DIRECTIVO	– Coordinar o plan de convivencia, colaborar na dinamización xunto coa comisión de convivencia. <i>En proceso</i>
----------------------------------	--

	<p>- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos entre persoal de centro e alumnado (incorporación no Plan de Acción Titorial de contidos de habilidades sociais, mediación, autoestima...).</p> <p><i>En proceso.</i></p>
	<p>- Identificarse ante a Comunidade Educativa como referente de prevención de violencia existente na comunidade.</p> <p>Feito na constitucion do Dpto de Orientación</p>
	<p>- Informar ao personal do centro sobre os protocolos</p> <p><i>Xa son coñecedores</i></p>
	<p>- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.</p> <p><i>Feito por parte do Equipo Directivo</i></p>
	<p>- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.</p> <p><i>Feito. Plan de hábitos saudables e nas titorías.</i></p>
	<p>- Promover, en situacións que poidan implicar tratamento ilegal de datos persoais dos menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo.</p> <p>Non sucedeu.</p>
	<p>- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia.</p>
Co Dpto de Orientación	<p>- Promover medidas que garanticen o benestar da infancia e da adolescencia así como cultura do bo trato, coordinando actuacións a realizar no centro e desde a titoría.</p> <p><i>- Porémolo en práctica conxuntamente: centro-titoría ao longo do curso</i></p>
	<p>- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.</p> <p><i>-Levaremos á práctica as ideas e as reflexións que temos nas reunións do Dpto de orientación.</i></p>

	<p>- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade. <i>. Isto é o noso lema.</i></p>
	<p>- Coordinar, dacordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicarllo ás autoridades correspondentes, si se valora necesario. <i>-En proceso, estase a facer.</i></p>
	<p>- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial ao relacionado á convivencia democrática e ao benestar. <i>-Iniciando</i></p>
Xunto coas Anpas	<p>-Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza a función de tutela, garda ou acollemento. <i>- Non iniciado.</i></p>

3.- OBXECTIVO XERAL:

- Detectar, previr e reducir, na medida do posible, estados de ansiedade (no alumnado, profesorado e familias) provocados por situacións familiares complicadas (de tipo económico ou personal) ou mal xestionadas no entorno escolar entre os alumnos que poden desembocar en conflitos.

3.1.- Obxectivos específicos:

- Dotar de ferramentas para xestionar os estados emocionais.
- Axudar a ter un bo autoconceito de un mesmo.
- Traballar a intelixencia emocional.

4.- TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	ESTADO	
Deseño das actividades	Setembro- Outubro	Realizado	
Dinámica de benvinda: "Un dedo para marcar e o resto para axudar"	Novembro- Decembro	Non iniciado	<p>En infantil hai que adaptar a actividade.</p> <p>Desenvolvemento da actividade: Os participantes forman parellas, teñen unha folla co debuxo das dúas mans. En cada dedo, despois de preguntarlle ao compañeiro ten que escribir cousas interesantes en cada dedo e no índice, reservalo para un problema que estean a vivir ou lles afecte nese momento.</p>
Banco da amizade (non adquirido aínda)	Xaneiro- febreiro	Non iniciado	<p>A este banco da amizade, podémoslle dar dúas funcións: unha delas é para a xestións dos pequenos conflitos que poden xurdir na aula, cunha boca e cunha orella; deste xeito, o que expón o problema fala pola boca e o outro escoita pola orella. Trátase de chegar a unha resolución do</p>

			<p>pequeno conflito (Ao principio poden precisar da axuda dun profe, despois podemos deixalo sós, xa que o banco estará situado de xeito que o teñamos á vista. A outra función é a de ir ao banco da amizade que está situado nun lugar estratéxico do colexio.</p>
<p>Relacionámonos a través do horto</p>	<p>Marzo – abril</p>	<p>Bancais feitos</p>	<p>Aproveitando o proxecto do horto do centro. Cada titor, pode baixar cos seus alumnos a plantar algo. (As quendas de rego e atención do horto tamén habería que telas en conta). Si conseguimos produto do horto, poden levalo para a casa. O próximo curso, pódese convidar ás familias a que vexan o horto (isto tería que aprobarse en claustro)</p>
<p>Charla habilidades sociais co alumnado (Dpto de orientación)</p>	<p>Maio/Xuño</p>		<p>Se podemos cumprir os prazos podemos facer unha pequena obra de teatro para presentarlle ás familias este plan de traballo.</p>

5.- SEGUIMIENTO

O seguemento debemos facelo alo menos anualmente.

6.- AVALIACIÓN

Como este plan está a dar os seus primeiros pasos, a avaliación, este primeiro curso, será:

- Acadado
- En proceso
- Sen acadar

Segundo as actividades e obxectivos que indicamos.

De tódolos xeitos, engadimos unhas escalas de clima na aulas (pódese ver enlace na bibliografía), que tentaremos pasar antes de iniciar o plan de traballo (e adaptaríamos ás nosas necesidades.

7. MODIFICACIÓN

Ese plan de traballo é aberto, polo tanto préstase ás modificacións por parte da comunidade educativa , pais, servizos externos... todo aquilo que poida enriquecer e melloralo, benvido sexa.

8. DIFUSIÓN

Tentaremos difundilo a través do blog do centro, das Anpas, da Enapas e de todos os servizos externos que poidan colaborar á súa difusión.

10. REFERENCIAS LEXISLATIVAS

Orden 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

Ley Orgánica 8/2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia (LOPVI)

11. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Protección de la infancia desde el entorno escolar. el/la coordinador/a de bienestar y protección. Recomendaciones para la aplicación de la LOPVI en los centros educativos UNICEF España, 2021.

Construir la Paz. Transformar los conflictos en oportunidades.

M.Carme Boqué Torremorell. Caja Mediterránea.

Observatorio de la infancia. Ministerio de derechos sociales y Agenda 2030.

12. WEBGRAFÍA

[http:// savethechildren.es.](http://savethechildren.es)

[http://educarex.es/atención-diversidad/programa-activate.html.](http://educarex.es/atención-diversidad/programa-activate.html)

<http://pixabay.com>

Asdo:

Josefa Vázquez Duarte

Xefa do Dpto de Orientación



DILIXENCIA

Este documento foi presentado e aprobado polo Claustro e ó Consello Escolar nas sesións celebradas o 23 de outubro.

En Boiro a 24 de outubro de 2023.

A directora

Mª Pilar Estévez Sixto



A secretaria

Rocío Rodríguez Ron